

Contos

Guy de Maupassant

Tradución de Antonio Pichel e Emma Lázare



Guy de Maupassant

Contos

Versión galega de Antonio Pichel

A TOSE

Meu querido colega e amigo:

Teño para ti un contiño, un contiño anódino. Espero que che agrade se chego a contarcho ben, tan ben como o fixo a que mo contou.

A tarefa non che é nada fácil, pois a miña amiga é unha muller de fina intelixencia e verbo expresivo. Eu non teño os mesmos recursos. Non podo, coma ela, dar esa louca ledicia ás cousas que eu conto; e, reducido á necesidade de non empregar unhas palabras demasiado características, declárome incapaz de atopar, coma ti, os delicados sinónimos.

A miña amiga, que ademais é unha muller de teatro de gran talento, non me autorizou a facer pública esta historia.

Voume esforzar por reserva-los seus dereitos de autora para o caso en que ela mesma queira, un día ou outro, escribir esta aventura. Farao mellor ca min, non me cabe a menor dúbida. Como é máis coñecedora do tema, volvería atopar ademais detalles divertidos que eu non podo inventar.

Pero mira en qué problema fun caer. Necesitaría, desde a primeira palabra, atopar un termo equivalente, e eu quixera que fose extraordinario. A tose non é cousa miña. Para ser comprendido, necesito polo menos un comentario ou unha perífrase á maneira do abade Delille:

A tose da que se trata non vén da gorxa.

Ela durmía (a miña amiga) á beira do home que amaba. Era durante a noite, naturalmente.

A este home ela coñecía pouco ou, máis ben, desde había pouco. Estas cousas ocorren ás veces no mundo do teatro principalmente. Deixemos ós burgueses que se estrañen. En canto a durmir á beira dun home, qué importa que unha o coñeza moito ou pouco, iso á penas modifica a maneira de obrar no segredo da cama. Se eu fose muller preferiría, penso, os novos amigos. Deben de ser máis amables, desde tódolos puntos de vista, cós habituais.

Niso que se chama o mundo como Deus manda, temos unha maneira de ver diferente e que non ten nada que ver coa miña. Laméntoo polas mulleres deste mundo; pero eu preguntome se a maneira de ver modifica sensiblemente a maneira de obrar...

Así pois, ela durmía á beira dun novo amigo. Aquí temos unha cousa delicada e difícil en demasía. Cun vello amigo un colle as súas confianza, non se molestan un ó outro, un pode da-las voltas que queira, dar patadas, ocupa-las tres cuartas partes do colchón, coller toda a manta e envolverse dentro, roncar, rosmar, tusir (digo tusir a falta de mellor cousa) ou esbirrar (¿que pensas de esbirrar como sinónimo?).

Pero para chegar a iso necesitanse polo menos seis meses de intimidade. E falo de xente que ten un carácter acolledor. Os outros conservan sempre certas reservas, que eu aprobo polo que a min concerne. Pero quizais non témo-la mesma maneira de pensar sobre este tema.

Cando se trata de coñecer unha nova persoa a quen se pode supoñer sentimental, hai que tomar seguramente certas precaucións para non incomodar ó veciño de cama e para conservar un certo prestixio, de poesía e unha certa autoridade.

Ela durmía, pero de súpeto percorreuna unha dor interior, punzante e viaxeira. Comezou no burato do estómago e foi arrolando caendo cara... cara... cara ás gortex inferiores cun ruído discreto de trono intestinal.

O home, o novo amigo, xacía tranquilo, cara arriba, cos ollos pechados. Ela ollou para el de esguello, inquieta, dubitativa.

¿Algunha vez te atopaches, colega, nunha sala importante cun catarro de peito? Toda a sala ansiosa arquexa no medio dun silencio completo: pero ti xa non escoitas nada, esperas, perdido, un momento de rebumbio para tusir. Ó longo de todo o garneato só tes cóxegas, comechóns espantosos. Ó final xa non podes aguantar. Tanto peor para os veciños. Toses. Toda a sala berra: "Fóra".

Ela atopábase no mesmo caso, atormentada, torturada por unhas ganas loucas de tusir. (Cando digo *tusir*, entendo que ti traduces).

Semellaba durmir; respiraba con calma. Efectivamente, el durmía.

Ela dixo para si: "Tomarei as miñas precaucións. Procurarei soprar unicamente, moi a modo, para non espertalo." E fixo como os que agachan a boca detrás da man e se esforzan por deixar saír, sen ruído, da súa gorxa unha expectoración de aire con habilidade.

Ou ben porque ela se sentiu mal, ou ben porque o comechón foi demasiado forte, ela tusiu.

Axiña perdeu a cabeza. Se chegou a oír, ¡que vergoña! ¡E que perigo! ¡Oh! ¿E se por casualidade non durmía? ¿Como sabelo? Ollou para el fixamente e, á luz dunha buxía, creu ver cómo sorría a súa cara cos ollos pechados. Pero se ría..., daquela non durmía..., e, ¿se non durmía...?

Intentou coa boca, coa verdadeira, producir un ruído semellante, para... despistar ó seu compañeiro.

Aquilo á penas se parecía.

¿Pero durmía?

Deu a volta sobre si, excitada, e empuxouno para sabelo con certeza.

El non se moveu. Daquela ela púxose a cantaruxar. O home non se movía.

Fóra de si, chamouno:

–Ernesto.

El non fixo ningún movemento, pero respondeu de contado:
–¿Qué queres?

O corazón latexoulle. El non durmía; ¡nunca estivera durmido...! Preguntoulle:

–¿Así que non dormes?

El murmurou resignado:

–¡Pois, xa ves!

Ela xa non sabía qué dicir, enlouquecida. Por fin continuou.

–¿Non oíches nada?

Sen moverse, el respondeu:

–Non.

Ela notou que lle ían entrando unhas ganas tolas de darlle unhas lapadas e, sentando na cama, dixo el:

–Sen embargo, pareceume...

–¿Que?

–Que alguén andaba pola casa.

El sorriu. Efectivamente, aquela vez ela vírao sorrir e el díxolle:

–Déixame tranquilo, xa hai unha media hora que me dá-la lata.

Ela estremeceuse.

–¿Eu?... Iso é un pouco forte. Acabo de espertar. ¿Así que ti non oíches nada?

–Si.

–¡Ah! Por fin, ti oíches algo. ¿Que?

–¡Alguén... tusiu!

Ela deu un brinco e berrou alporizada.

–¡Alguén tusiu! ¿Ónde? ¿Quen tusiu? Pero estás tolo. ¡Responde!

El comezou a impacientarse.

–Imos ver unha cousa, ¿vas parar de da-la lata ou que? Sabes perfectamente que fuches ti.

Desta vez, ela indignouse, ouveando:

–¿Eu? ¿Eu? ¿Eu? ¿Que tusín eu? ¿Eu? ¡QuE eu tusín! ¡Ah! Estasme a insultar, oféndesme e desprézasme. ¡Pois ben, adeus! Non vou quedar á beira dun home que me trata así.

E fixo un movemento enérxico para saír da cama.

El continuou cunha voz cansa, buscando a paz a calquera prezo:

–Veña, tranquilízate. Fun eu quen tusiu.

Pero a ela deulle un novo arrouto de cólera.

–¿Como? ¡Tusiches... na miña cama...! ¿Á miña beira... mentres eu durmía? E aínda o confesas. ¡Que mesquiño! E ti cres que eu quedo cos homes que... tosen á miña beira... ¿Pero, por quen me tomas?

E ergueuse da cama, púxose completamente de pé, intentando pasar por riba para marchar.

El colleuna tranquilamente polos pés e fíxoa deitarse preto del, e ría, burlón e ledó:

–Mira, Rosa, déixame tranquilo dunha vez. Tusiches ti. Fuches ti. Non me molesta nin me enfado por iso; mesmo estou contento. Pero, recoiro, volve deitarte.

Desta vez, ela escapou dun brinco e saltou na cama; e buscaba azorada a súa roupa repetindo:

–¿E ti cres que vou quedar á beira dun home que permite a unha muller que... tusa na súa cama? ¡Pero que mesquiño es, queridiño!

Entón, el ergueuse e, primeiro, deulle unha lapada. Logo,

como ela forcexaba, cribouna a labazadas; e, colléndoa de contado entre os seus brazos, botouna voando na cama.

E como quedou deitada, sen moverse e chorando contra a parede, el volveuse deitar preto dela, e logo, dándolle as costas, el tусiu..., tусiu con ataques de tose..., con silencios e de xeito continuado. Por veces, el preguntaba:

–¿Tes dabondo?

E, como ela non respondía, el volvía empezar.

De súpeto, ela botouse a rir, pero a rir como unha tola, berrando:

–¡Que chistoso é, ¡ah!, qué chistoso é!

E ela colleuno bruscamente nos seus brazos, apegando a súa boca contra a del e murmurándolle entre os labios:

–¡Ámote, gatiño!

E xa non durmiron... ata o amencer.

Tal é a miña historia, meu querido Silvestre. Perdoa esta incursión no teu dominio. Aquí tes outra vez unha palabra inadecuada. Non é "dominio" o que habería que dicir. Contigo divírtome tan a miúdo que non puiden resistir ó desexo de me arriscar un pouco sobre as túas asentadeiras.

Pero quedarache a gloria de terme aberto, moi amplamente, esta vía.

O SUBSTITUTO

–¿A señora Bonderoi?

-Si, a señora Bonderoi.

-¡Non pode ser!

-Como o oe.

-¿A señora Bonderoi, a vella dama da cofia de puntilla, a beata, a santa, esa honorable señora Bonderoi dos

cabelos postizos que semellan ir pegados arredor do cranio?

-A mesma.

-¡Ouh!, veña, vostede está tolo.

-Xú-ro-llo.

-Daquela, cónteme tódolos detalles.

-Aí van. En vida do señor Bonderoi, o ex-notario, a señora Bonderoi utilizaba, iso é o que se di, ós pasantes para as súas necesidades persoais. É unha desas respectables burguesas de vicios secretos e de principios inquebrantables, como existen moitas. Gustábanlle os fermosos mozos; cousa moi natural. ¿Non nos gustan a nós as boas mozas?

Unha vez que o vello Bonderoi morreu, a viúva empezou unha vida á conta das rendas, apracible e irreprochable. Frecuentaba con asiduidade a igrexa, falaba con desprezo dos demais e non daba nada que dicir.

Logo foi indo vella e converteuse na mulleriña que vostede coñece, achicada, agreada e teimuda.

Agora ben, voulle conta-la aventura inverosímil que ocorreu o xoves pasado.

O meu amigo Jean d'Anglemare é, como sabe, capitán dos dragóns, acuartelado no suburbio da Rivette.

Cando chegou ó cuartel, o outro día, díxéronlle que dous homes da súa compañía se deran unha tunda soberana. O honor militar ten unhas leis severas. Citáronse para un duelo e, despois de celebralo, os soldados reconciliáronse; interrogados polo seu oficial, contáronlle os motivos da disputa. Chegaran a pelexar pola señora Bonderoi.

-¡Ouh!

-¡Si, amigo meu, pola señora Bonderoi!

Pero, deixemos que fale o gallardo Siballe:

Sucedeu tal e como llo vou contar. Hai aproximadamente dezaioito meses, eu paseaba tranquilamente pola alameda, entre as seis e as sete do serán, cando me abordou unha individua.

Díxome, coma se me preguntase por un enderezo:

-¿Soldado, ¿quere vostede ganar honradamente dez francos á semana?

Eu respondinlle con sinceridade:

-Conte comigo, señora.

Logo díxome:

-Véñame ver mañá, ó mediodía. Eu son a señora Bonderoi e vivo no número 6 da rúa da Tranchée.

-Vaia tranquila, señora, que non faltarei.

Despois marchou moi contenta engadindo:

-Agradézollo moito, soldado.

-O agradecido son eu, señora.

Deille voltas na cabeza a isto deica o día seguinte.

Ó mediodía, eu chamaba á súa casa.

Ela mesma me veu abrir. Tiña unha morea de cintiñas na cabeza.

-Deámonos présa -dixo-, porque a miña criada podería volver.

Eu respondín:

-Eu xa estou disposto, ¿que hai que facer?

Entón botouse a rir e respondeu:

-¿Non comprendes, pillabán?

Prométolle, meu capitán, que eu non me decatara de nada.

Ela veu sentar a pé de min e díxome:

–Se repites unha palabra de todo isto, farei que te metan no cárcere. Xura que serás mudo.

Eu xurei alí o que ela quixo. Pero eu aínda non comprendía. Tiña a fronte anegada de suor. Entón quitei o casco onde estaba o meu pano da man. Ela colleu o meu pano e secoume o cabelo das tempas. Logo vén con que me abraza e murmura ó meu oído:

–Daquela, ¿queres?

–Eu quero o que queira vostede, señora, xa que por iso vin.

Daquela explicouse amplamente con argumentos claros. Cando vin de que se trataba, pousei o meu casco enriba dunha cadeira e demostréille que os dragóns non recúan nunca, meu capitán.

Non é que aquilo me dixese moito, porque a individua xa tiña moita mili, pero nestes negocios non pode un amosarse demasiado esixente, xa que os cartos son escasos. E, ademais, teño que manter unha familia. Eu dicía para min: "Caerán cen francos para o meu pai, neste negocio".

Rematada a faena, meu capitán, púxenme en posición de retirarme. Ben quixera ela que non marchase tan axiña. Pero eu díxenlle:

–A cada un o que lle corresponde, señora. Unha copiña custa dous francos e dúas copiñas custan catro francos.

Ela ben que entendeu o razoamento e púxome un napoleón de dez francos na man. Non me interesaba nada aquela moeda, porque escorre no peto e, cando os pantalóns non están ben cosidos, pode un atopala nas botas ou xa non a volve atopar.

Mentres que eu ollaba para aquela especie de hostia amarela dicindo para min isto, ela contéplame; despois ponse colorada, equivócase sobre o meu xesto e pregúntame:

–¿Paréceche que non é abondo?

Eu respóndolle:

–Non é exactamente iso, señora, pero, se non lle molesta preferiría dúas pezas de cen céntimos.

Deumas e eu lisquei.

Agora ben, meu capitán, teña en conta que xa vai para dezaioito meses o que isto dura. Vou alí tódolos martes á notíña, cando vostede me concede permiso. Ela prefíreo así, pois a súa criada xa está deitada.

Pero, a semana pasada eu atopábame indisposto; e tiven que pasar pola enfermería. Chega o martes e non hai xeito de saír; e non podía soportar perde-los dez francos ós que xa estaba afeito.

Dixen para min: "Se non vai ninguén, acabouse o negocio; o máis seguro é que atope un artilleiro". E iso sentábame moi mal.

Entón mandei chamar por Paumelle, un paisano meu, e conteille o asunto:

–Son cinco francos para ti e cinco francos para min, ¿de acordo?

Acepta o trato e ponse de camiño. Eu xa lle dera as instrucións oportunas. Chamou á porta; ela abriu e mandouno pasar. Non lle mirou para a cara nin se decatou de que non era o mesmo.

Vostede xa me entende, meu capitán, un dragón aseméllase a outro dragón cando levan o casco.

Pero de súpeto, descubriu a transformación e preguntoulle con aire colérico:

–¿Quén é vostede? ¿Qué quere? Eu a vostede non o coñezo.

Entón Paumelle explicouse. Demostroulle que eu estaba indisposto e expúxolle que eu o enviara para substituílo.

Ela ollou para el, obrigouno a xura-lo segredo e despois aceptouno, como ben pode imaxinar vostede, xa que Paumelle non estaba nada mal.

Pero cando aquel sabuxo volveu, meu capitán, non me quería da-los meus cinco francos. Se fosen para min, eu non diría nada, pero eran para o meu pai; e sobre iso non admito bromas.

Eu díxenlle:

–Non es moi serio cos teus compromisos, como corresponde a un dragón, e ¡como deshónra-lo uniforme!

El levantou a man, meu capitán, dicindo que aquel encargo valía máis do dobre.

Cadaquén coas súas, ¿non si? Ninguén o obrigaba a aceptar. Deille unha lapada no nariz. E do resto xa

vostede sabe o que pasou.

O capitán d'Anglemare choraba coa risa contándome a historia. Pero tamén me fixo xura-lo segredo que el garantira ós dous soldados.

–Sobre todo, non se lle ocorra traizoarme; gárdeoo para vostede, ¿prométemo?

–¡Ouh!, non se preocupe. Pero, ó final, ¿cómo se arranxou todo?

–¿Como? ¡Apóstolle o que queira a que non o adiviña...! A señora Bonderoi conservou os seus dous dragóns, reservándolles un día para cada un. Deste modo, todos contentos.

–¡Ouh! ¡Esa si que foi boa, si que foi boa!

–E os pais anciáns teñen con qué comer. A moral está satisfeita.

A FERRUXE

En toda a súa vida unicamente tivera unha inesgotable paixón: a caza. Cazaba tódolos días, da mañá á noite, cunha arrouxada terrible. Cazaba tanto no inverno coma no verán, na primavera coma no outono, no pantano –cando o regulamento o prohibía na chaira– e nos bosques; cazaba ó axexo, á montería, con can de parada, nun posto, con espello e con furón. Só falaba de caza, soñaba coa caza e repetía sen parar:

–¡Moi desgraciado se debe ser cando a un non lle gusta a caza!

Xa fixera os cincuenta anos, estaba ben conservado, mantíñase forte, aínda que calvo e un pouco gordo pero vigoroso; e levaba a parte de abaixo do bigote afeitado para deixar ó descuberto os labios e ter libre todo o contorno da boca, co fin de poder toca-lo corno con máis facilidade.

Na comarca só o coñecían polo seu nome de pía: don Héctor. El chamábase Héctor Gontran, barón de Coutelier.

Vivía, en pleno bosque, unha pequena casa do país que lle tocara en herdanza e, aínda que coñecía toda a nobreza da zona e batía con tódolos seus representantes masculinos nas cacerías, só visitaba con regularidade unha familia: os Courville, uns amables veciños, parentes políticos desde había séculos.

Naquela casa mimábanos, queríanos e coidaban del; e el dicía para si: "Se non fose cazador, non querría separarme de vós". O señor de Courville era o seu amigo e compañeiro desde a infancia. Fidalgo agricultor, vivía tranquilamente coa súa muller, a súa filla e o seu xenro, o señor de Darnetot, que non facía nada, co pretexto duns estudos históricos.

O barón de Coutelier ía cear a miúdo á casa dos seus amigos, sobre todo para contarlle-las súas aventuras de caza. Relataba longas historias de cans e de furóns dos que falaba coma se fosen personaxes importantes que el coñecera ben. Desvelaba os seus pensamentos, as súas intencións, analizábaos e explicábaos:

–Cando Médor viu que a galiñola o facía correr así, dixo: "Agarda, boa moza, que imos rir un pouco." Entón, facéndome un aceno coa cabeza para que me fose colocar no recanto do campo de trevo, empezou a ventear ó nesgo con moito ruído, movendo as herbas para empuxa-la peza cara ó ángulo por onde xa non podería escapar. Acontecera todo como el previra; a galiñola, de súpeto, atopouse no lindeiro. Imposible ir máis lonxe sen que me descubran. Dixo para si: "¡Pilláronme, carafío!", e agachouse. Daquela, Médor parou en seco ollando para min; eu fíxenlle un aceno e el acurrálouna. Prrrr –a galiñola botouse a voar-, encaro o fusil, ¡pan!, cae; e Médor, cando mo traía, viña movendo o rabo para me dicir: "¿Vaia faena, eh, don Héctor?"

Courville, Darnetot e as dúas mulleres rían coma tolos con aqueles pintorescos relatos nos que o barón poñía toda a súa alma. Animábase, movía os brazos e facía acenos con todo o corpo; e, cando falaba da morte da peza de caza, ría cunha estrondosa gargallada e preguntaba sempre como conclusión: "¿Esta si que foi boa, non si?"

A partir do momento en que se falaba doutra cousa, xa non escoitaba e sentaba só a cantaruxar unhas cántigas. E tamén, en canto se facía un intre de silencio entre dúas frases, nesos momentos de calma que cortan o rumor das palabras, oíase de súpeto un aire de caza, "Tun, tun, tun, tuntuntún", que o barón lanzaba inchando as meixelas coma se tocase o seu corno.

Só vivira para a caza e envellecía sen sospeitalo nin decatarse diso. De súpeto, tivo un ataque de reuma e tivo que permanecer dous meses na cama. Estivo a piques de falecer de tristura e de aburrimiento. Como non tiña criada e lle preparaba a comida un antigo criado, non conseguía nin cataplasmas quentes, nin aloumiños, nin nada do que necesitan os doentes. O criado converteuse no seu enfermeiro e este escudeiro que se aburría outro tanto coma o seu amo, durmía día e noite nunha cadeira de brazos, mentres que o barón xuraba e se consumía entre as sabas.

As donas de Courville ían velo ás veces; e aquelas eran para el horas de calma e de conforto. Preparábanlle a tisana, tiñan coidado do lume e servíanlle amablemente o xantar na beira da cama. Cando elas marchaban, el murmuraba: "¡Recoiro, deberían vostedes vir vivir aquí!". E elas rían con ganas.

Como ía mellor e volvía cazar ó pantano, foi un día cear á casa duns amigos; pero xa non tiña aquel seu entusiasmo nin aquela alegría. Torturábao un pensamento incesante, o temor de que volvese a dor antes de que empezase a caza. No momento en que ía despedirse, mentres as mulleres o envolvían nun mantón, e lle facían un nó no colo, e el se deixaba por primeira vez na súa vida, murmurou cun ton de desacougo: "Se isto volve empezar, estouche aviado".

Cando marchou, a señora de Darnetot díxolle á súa nai:
–Sería ben casar ó barón.

Todos levantaron as mans. ¿Como non se lles ocorrera iso antes? Buscaron durante todo o serán entre as viúvas que coñecían e a escolla rematou nunha muller de corenta anos, aínda fermosa, bastante rica, de bo humor e con boa saúde, que se chamaba dona Berthe Vilers.

Invitárona a pasar un mes no castelo e, como se aburría, pois foi. Era parrandeira e alegre; o señor Coutelier agradoulle de contado. Divertíase coma se fose un xoguete vivo e pasaba horas enteiras facéndolle preguntas retranqueiras sobre os sentimentos dos coellos e as maquinacións dos raposos. El distinguía con moita seriedade as diferentes maneiras de ve-los diferentes animais e atribuíalles proxectos e razoamentos sutís como ós homes que el coñecía.

A atención que ela lle prestaba encantáballe; e un serán, para demostrarlle o seu aprecio, propúxolle ir cazar, o que nunca fixera con ningunha muller. A ela, a invitación pareceulle tan divertida que aceptou. Equipala converteuse nunha festa; todos se prestaron a iso e ofrecéronlle algo; e apareceu vestida como unha amazona, con botas, pantalóns de home, unha saia curta, unha chaqueta de veludo demasiado axustada na gorxa e unha gorra de mozo de caza.

O barón semellaba emocionado coma se fose dispara-lo seu primeiro tiro. Explicoulle minuciosamente a dirección do vento, as diferentes paradas dos cans e a maneira de tirarlles ás pezas; despois foina levando cara a un campo, seguíndoa paso a paso coa solicitude dunha ama de cría que mira como o seu bebé camiña por vez primeira.

Médor atopou, arrastrouse, parou e levantou a pata. O barón, detrás da súa alumna, tremía como unha folla. Balbucía:

–Coidado, coidado, son per... per... perdices.

Aínda ben non acabara cando un gran ruído se botou a voar desde a terra -brrr, brrr, brrr- e un rexemento de grandes paxaros ascendeu no aire batendo as ás.

A señora Vilers, asustada, pechou os ollos, soltou os dous tiros e retrocedeu un paso debido á sacudida da escopeta; logo, cando recobrou o sangue frío, percibiu ó barón, que bailaba como un tolo, e a Médor, que traía dúas perdices na boca.

A partir daquel día, o señor Coutelier namorouse dela.

Dicía levantando os ollos: "¡Qué muller!" e ía tódolos días para falar de caza. Un día, o señor de Courville, que ía na súa compañía e o escoitaba extasiarse coa súa nova amiga, preguntoulle subitamente:

–¿Por que non casa vostede?

O barón quedou pasmado:

–¿Eu? ¿Eu? ¿Casar con ela?... Pero... de feito...

E calou. Despois, apertando con precipitación a man do seu compañeiro, murmurou:

–Deica logo, amigo meu –e desapareceu a grandes pasos na noite.

Pasaron tres días sen que volvese. Cando reapareceu estaba pálido a causa das súas reflexións e máis serio que de costume. Levando á parte ó señor de Courville díxolle:

–Tivo vostede unha idea estupenda. Intente preparala para que me acepte. Raios, unha muller así, é coma

se estivese feita para min. Cazaremos xuntos todo o ano.

O señor de Courville, seguro de que non sería rexeitado, respondeu:

–Pídalle a man de contado, meu querido amigo. ¿Quere vostede que me encargue eu diso?

Pero o barón turbouse de súpeto; e balbucindo:

–Non... non..., primeiramente cómpre que eu faga unha pequena viaxe... unha pequena viaxe... a París. Ó meu regreso, responderelle definitivamente.

Non puideron conseguir máis aclaracións e marchou ó día seguinte.

A viaxe durou moito tempo. Pasou unha semana, dúas semanas, tres semanas e o barón de Coutelier non reaparecía. Os Courville, estrañados, inquietos, non sabían qué lle dicir á súa amiga, que xa fora previda por eles da marcha do barón. Cada dous días ían á súa casa a buscar novidades; ningún dos seus criados recibira nada.

Agora ben, un serán, cando a señora Vilers cantaba acompañándose do piano, chegou unha criada, con gran misterio, buscar polo señor de Courville, dicíndolle en voz baixa que un señor preguntaba por el. Era o barón, cambiado, envellecido, con traxe de viaxe. Nada máis ver ó seu vello amigo, colleulle as mans e cunha voz un pouco cansa dixo:

–Agora mesmo acabo de chegar, amigo meu, vou ir á súa casa, xa non podo máis–. Logo, dubidou visiblemente azorado: –Quería dicirle... de contado... que ese... ese asunto... xa sabe vostede... fallou.

O señor de Courville ollaba para el estupefacto.

–¿Como? ¿Fallou? ¿E por que?"

–¡Ouh, non me pregunte, por favor, sería demasiado penoso dicilo, pero pode estar seguro de que eu actúo... como un home honrado. Non podo... Non teño dereito, compréndao, non teño dereito a casar con esa dona. Esperarei a que marche para volver á súa casa; resultaría demasiado doloroso volver vela. Adeus.

E marchou. Toda a familia deliberou, discutiu, supuxo mil cousas. Chegouse á conclusión de que na vida do barón se agachaba un gran misterio, que, se cadra, tiña fillos naturais, unha vella relación. Por fin, o asunto semellaba grave; e para non entrar en complicacións difíciles, advertiron con coidado á señora Vilers, que volveu para a súa casa tan viúva como chegara.

Pasaron tres meses máis. Un serán, como ceara a fartar e tateaba un pouco, o señor de Coutelier, mentres fumaba a súa pipa pola noite co señor de Courville, díxolle:

–Se vostede soubese a cantidade de veces que penso na súa amiga, sentiría mágoa de min.

O outro, a quen a conducta do barón naquela circunstancia o ofendera un pouco, soltoulle axiña o que pensaba:

–Demo, amigo meu, cando un ten segredos na súa existencia, non se vai tan adiante como foi vostede; porque, ¿qué quere que lle diga?, tamén puido preve-lo motivo da súa retirada.

O barón, confuso, deixou de fumar.

–Si e non. En fin, nunca crería o que sucedeu.

O señor de Courville, impaciente, continuou:

–Hai que prevelo todo.

Pero o señor de Coutelier, sondando cos ollos as tebras para estar seguro de que ninguén escoitaba, continuou en voz baixa:

–Ben vexo que os ofendín e voulles dicir todo para que me desculpen. Desde hai vinte anos, amigo meu, só vivo para a caza. Non me gusta outra cousa, xa o sabe vostede, só me ocupo diso. Por iso, cando contraín un compromiso con esa dona, entroume un escrúpulo, un escrúpulo de conciencia. Hai tanto tempo que perdín o costume de... de... do amor, en fin, eu non sabería se sería aínda quen de... de... xa sabe vostede... ¡Imaxine! Hai agora exactamente dezaseis anos que... que... que... por última vez, ¿comprende? Neste país, non é fácil de... de... xa se pode dar conta. Ademais, tiña outras cousas que facer, prefiro disparar un tiro. Nunha palabra, no momento de comprometerme perante o alcalde e o cura no... no... que vostede xa sabe, collín medo. Dixen para min: Carafío, e se... se... fallase. Un home honrado non falta nunca ós seus compromisos; e eu adquiría un compromiso sagrado con respecto a esa persoa. En fin, para ter as cousas claras, prometínme ir pasar oito días a París".

"Ó cabo de oito días, nada, pero nada. E non foi porque non ensaiase. Collín o mellor de tódalas

posibilidades. Asegúrolle que fixeron o que puideron... Si... certamente, non desprezaron nada... Pero, ¿que quere vostede? Retirábanse sempre coas mans baleiras... baleiras... baleiras".

"Entón, esperei quince días, tres semanas, sempre esperando. Comín nos restaurantes unha morea de cousas picantes, que me estragaron o estómago, e... e... nada... sempre nada".

"Comprenderá vostede que nesas circunstancias, diante desa comprobación, o único que podía era retirarme. E foi o que fixen".

O señor de Courville retorcíase para non rir. Apertou con forza as mans do barón dicíndolle: "Compadézoo", e levouno ata a metade do camiño da súa casa. Logo, cando se atopou a soas coa súa muller, díxollo todo, afogando de risa. Pero a señora de Courville non ría; escoitaba moi atenta e, cando o seu marido rematou, respondeu con moita seriedade:

–O barón é un necio, querido, tiña medo e iso é todo. Voulle escribir a Berta para que veña, e de contado.

E como o señor de Courville obxectase a longa e inútil proba do seu amigo, ela continuou:

–¡Boh!, cando un ama á súa muller, ¿comprendes?, esas cousas pasan sempre.

E o señor de Courville non replicou nada, un pouco confuso el mesmo.

UNHA AVENTURA PARISINA

¿Existe na muller un sentimento máis agudo cá curiosidade? ¡Ouh, saber, coñecer, toca-lo que se soña!
¿Que cousa non faría ela por iso? Unha muller, cando a súa curiosidade impaciente está á espera, cometerá tódalas tolerías, tódalas imprudencias, terá tódolos atrevementos e non recuará diante de nada. Falo das mulleres, realmente mulleres, dotadas dese espírito de triple fondo que semella, na superficie, razoable e frío, pero con tres compartimentos secretos que están cheos: un, de inquedaanza feminina sempre axitada; outro, de astucia con cores de boa fe, desa astucia dos beatos, sofisticada e temible; o último, finalmente, de mesquindade engaioladora, de engano exquisito, de deliciosa perfidia, de todas esas perversas calidades que empuxan ó suicidio ós amantes estupidamente crédulos, pero que marabillan ós outros.

Esta, de quen quero contar unha aventura, era unha mulleriña de provincias, inxenuamente honesta ata daquela. A súa vida, tranquila en aparencia, percorría no seu matrimonio, entre un marido moi ocupado e dous fillos, que educaba como muller irreprochable. Pero o seu corazón tremía dunha curiosidade insatisfeita, e dun prurito do descoñecido. Soñaba con París sen parar, e lía con avidez os xornais mundanos. O relato das festas, dos traxes, das parrandas, facía ferve-los seus desexos; pero sobre todo estaba misteriosamente preocupada polos ecos cheos de sobreentendidos, polos veos semilevantados en frases hábiles e que deixan entrever horizontes de praceres culpables e devastadores.

Desde alá lonxe percibía París nunha apoteose de luxo magnífico e corrompido.

E durante as longas noites de soños, arrolada polos ronquidos regulares do seu marido que durmía á súa beira de costas a ela, cun pano arredor da cabeza, pensaba naqueles homes coñecidos cuns nomes que aparecían na primeira páxina dos xornais como grandes estrelas nun ceo sombrizo; e ela figuraba a súa vida enlouquecedora, en continuo desenfreo, orxías anticuadas incrivelmente voluptuosas e refinamentos de sensualidade tan complicados que nin sequera podía imaxinar.

Os bulevares semellábanlle como unha especie de abismo das paixóns humanas; e tódalas súas casas agachaban seguramente uns prodixiosos misterios de amor.

Sen embargo ela sentíase envellecer. Envellecia sen ter coñecido nada da vida, de non se-las súas ocupacións regulares, odiosamente monótonas e banais que constitúen, é o que se di, a felicidade do fogar. Aínda era fermosa, conservada naquela existencia tranquila como unha froita de inverno nun armario pechado; sen embargo víase consumida, estragada e trastornada por secretos ardores. Preguntábase se chegaría a morrer sen ter coñecido todas aquelas embriagueces reprobables, sen chegar a botarse por unha vez, por unha soa vez, completamente naquela vaga de voluptuosidades parisienses.

Cunha longa perseveranza, preparou unha viaxe a París e, inventando un pretexto, conseguiu que uns parentes a invitasen e, como o seu marido non podía acompañala, marchou ela soa.

Nada máis chegar, soubo imaxina-las razóns que lle permitirían, chegado o caso, ausentarse dous días ou,

máis ben, dúas noites, se fose preciso, ó bater, dicía ela, cuns amigos que moraban no campo suburbano.

E buscou. Percorreu os bulevares sen ver nada, agás o vicio errante e numerado. Sondou coa vista os grandes cafés, leu atentamente os intercambios de correspondencia do *Figaro*, que lle aparecían cada mañá como unha alarma, un recordo do amor.

E nunca nada a poñía sobre a pegada daquelas grandes orxías de artistas e de actrices; nada lle revelaba os templos daqueles desenfreos, como a cova das *Mil e unha noites* e aquelas catacumbas de Roma onde se celebraban en secreto os misterios dunha relixión perseguida.

Os seus parentes, pequenos burgueses, non podían presentarlle ningún daqueles homes de primeiro plano cuns nomes que lle zoaban na cabeza; e desesperada, pensaba en volver, cando o azar veu na súa axuda.

Un día, canda baixaba pola rúa da Chaussée-d'Antin, parou a contemplar unha tenda repleta daquelas bagatelas xaponesas con tantas cores que constituían un pracer para quen ollaba para elas. Estábase fixando nos graciosos marfís grotescos, nos grandes floreiros de esmaltes flamexantes e nos bronzes raros, cando oíu no interior da tenda ó dono que, con enérxicas reverencias, amosaba un homiño gordo e calvo, de barba encanecida, un enorme monifate barrigudo, peza única, segundo dicía.

E a cada frase do comerciante, o nome do coleccionista, un nome célebre, soaba coma un toque de trompeta. Os outros clientes, unhas señoras aínda novas, uns señores elegantes, contemplaban, cunha ollada furtiva e rápida, unha ollada rápida e como Deus manda e manifestamente respectuosa, ó coñecido escritor, que miraba con paixón para o monifate de porcelana. Tan feo era un coma o outro, feos como dous irmáns saídos do mesmo seo.

O comerciante dicía:

–Para vostede, don Xoán Varin, deixareillo en mil francos; é exactamente o que me custa a min. Para os demais serían mil cincocentos francos; pero aprecio a miña clientela de artistas e fágolle prezos especiais. Todos veñen á miña casa, don Xoán Varin. Onte, o señor Busnach mercoume unha gran copa antiga. Vendínlle o outro día dous candelabros coma estes, ¿son bonitos ou non?, ó señor Alexandre Dumas. Olle para esa peza que ten vostede, señor Varin; se a vise o señor Zola, xa estaría vendida, señor Varin.

O escritor, moi perplexo, dubidada, tentado polo obxecto, pero pensando no prezo; e non se ocupaba máis das olladas que se estivese nun deserto.

Ela entrara tremendo, coa vista posta descaradamente sobre el, e nin sequera se preguntaba se era fermoso, elegante ou novo. Era el, Jean Varin. ¡Jean Varin!

Despois dunha longa pugna interior, dunha dolorosa vacilación, deixou o floreiro enriba dunha mesa.

–¡Non, é demasiado caro! –dixo.

O comerciante redobrou a súa elocuencia.

–¡Ouh, don Jean Varin, ¿demasiado caro? Iso ben vale dous mil francos como o ouro.

O home de letras replicou tristemente ollando aínda para a figuríña de ollos de esmalte:

–Non digo que non; pero é demasiado caro para min.

Entón ela, asombrada por unha audacia enlouquecida, adiantouse:

–Para min –preguntou–, ¿cánto vale ese homiño?

O comerciante, sorprendido, replicou:

–Mil cincocentos francos, señora.

–Mércoo eu.

O escritor, que ata aquel momento nos se apercibira da súa presenza, volveuse bruscamente e mirouna de pés a cabeza observándoa cos ollos un pouco pechados; logo, máis fixamente, examinouna con detalle.

Estaba encantadora, animada, iluminada de súpeto por aquela chama que ata daquela durmía nela. E ademais, unha muller que merca unha chilindrada por mil cincocentos francos non é unha calquera.

Ela tivo entón un movemento de arrebatadora delicadeza; e, volvéndose cara a el, con voz tremente, dixo:

–Perdón, señor, fun sen dúbida un pouco precipitada; poida que vostede aínda teña algo que dicir.

El fixo unha reverencia e dixo:

–Xa o dixen, señora.

Pero ela, moi emocionada, retrucou:

–En fin, señor, hoxe ou outro día, se lle convén cambiar de opinión, esta figuríña é súa. Só a merquei porque lle agradara a vostede.

El sorriu, visiblemente aflagado.

–¿Como, así que me coñece vostede? -preguntou.

Entón, ela faloulle da súa admiración, citoulle as súas obras e foi elocuente.

Para falar, el apoiárase nun moble e espetando nela os seus ollos agudos intentaba descifrala.

Por veces, o comerciante, feliz de posuír aquel reclamo vivente, cando entraban clientes novos berraba desde o outro extremo da tenda:

–¡Eil!, olle isto, Don Jean Varin, é fermoso ¿non si?

Entón, tódalas cabezas se erguían e ela tremía co pracer de ser vista así, parolando con toda confianza cun home ilustre.

Ó remate, embriagada, tivo unha audacia suprema, coma os xenerais que van ordena-lo asalto.

-Señor –dixo ela–, fágame un favor e permítame que lle ofrezca este monicreque en lembranza dunha muller que o admira con paixón e que vostede terá visto durante dez minutos.

El negouse. Ela insistiu. El resistiuse, divertíndose e rindo con toda a alma.

Ela, díxolle de xeito teimudo:

–Pois ben, vouno levar á súa casa axiña. ¿Onde vive vostede?

Como se negou a darlle o seu enderezo, ela preguntoullo ó comerciante e sóuboo, e, despois de paga-la súa adquisición, escapou cara a un coche de punto. O escritor correu atrás dela para alcanzala, porque non quería expoñerse a recibir aquel regalo, que non sabería a quén devolver. Chegou a xunto dela cando subía ó coche e lanzouse, case caeu sobre ela, derrubado polo coche que se poñía en camiño; despois sentou ó seu lado, moi enfadado.

Por moito que rogou, que insistiu, ela amosouse intratable. Cando chegaron diante da porta, ela puxo as súas condicións.

–Aceptaré –dixo–, non deixarlle isto, se vostede cumpre hoxe tódolos meus desexos.

A cousa pareceulle tan extravagante que aceptou.

Ela preguntoulle:

–¿Qué adoita facer vostede a esta hora?

Despois de dubidar un pouco dixo:

–Dou un paseo.

Entón, con voz decidida, ela ordenou:

–¡Ó bosque!

E alá foron.

El viuse na obriga de nomear a tódalas mulleres que coñecera, sobre todo as impuras, con detalles íntimos sobre elas, a súa vida, os seus costumes, cómo era a súa casa e os seus vicios.

Atardecía e ela preguntoulle:

–¿Qué fai vostede tódolos días a esta hora?

El respondeu rindo:

–Tomo un absintio.

Entón, moi seria, engadiu:

–Daquela, señor, imos tomar un absintio.

Entraron nun gran café do bulevar que el frecuentaba e onde bateu con algúns colegas. Presentoullos e ela estaba tola de ledicia. E comezaron a soar na súa cabeza estas palabras: "¡Por fin! ¡Por fin!".

Transcorría o tempo e ela preguntou:

–¿Élle a hora de cear?

El respondeu:

–Si, señora.

–Daquela, señor, vaíamos cear.

Ó saír do café Bignon, ela dixo:

–¿Que fai vostede á noite?

El ollou para ela fixamente:

–Depende, ás veces vou ó teatro.

–Ben, pois vaíamos ó teatro.

Entraron no Vaudeville, de favor, gracias a el, e, gloria suprema, toda a sala a viu ó seu carón, sentada nas butacas do palco.

Unha vez rematada a representación, bicoulle cortesmente a man:

–Só me queda, señora, agradecerlle a xornada deliciosa... Ela interrompeuno.

–¿A esta hora que fai vostede á noite?

–Pois... pois... volvo para a casa.

Ela botouse a rir, cun riso trémulo.

E non falaron máis. Ela tremía por momentos, sacudida dos pés á cabeza, con ganas de fuxir e de quedar, e no máis fondo do seu corazón, cunha moi firme vontade de ir ata o final.

Na escaleira, ela agarrábase á varanda, pois tan viva era a súa emoción; e el subía diante, sen folgos, cun misto na man.

A partir do momento en que estivo no seu cuarto, espiuse moi axiña e meteuse na cama sen pronunciar unha palabra; e esperou, encollida contra a parede.

Pero ela era tan simple como pode selo a esposa lexítima dun notario de provincias e el máis esixente ca un paxá de tres colas. Non se entenderon en absoluto.

Entón el quedou durmido. A noite foi pasando, turbada unicamente polo tictac do reloxo, e ela, inmóbil, soñaba coas noites conxugais; e baixo os raios amarelos dun farol chinés ollaba, afixida, para o seu lado, para aquel homiño de costas a ela, gordecho, cun ventre en forma de bóla que levantaba a saba como un globo inchado con gas. Roncaba cun ruído de tubo de órgano, fungando de xeito prolongado e con estrangulamentos cómicos. Os seus vinte cabelos aproveitaban o seu repouso para erguerse de xeito estraño, cansos da súa prolongada situación fixa sobre aquel cranio nu e cuns estragos que debían velar. E un fío de cuspe corría por unha comisura da súa boca entreaberta.

O albor esvarou por fin un pouco de luz entre os cortinados pechados. Ela ergueuse, vestiuse sen facer ruído e xa abriña a medias a porta cando fixo renxe-la pechadura e el despertou fregando os ollos.

Permaneceu algúns segundos sen recobrar plenamente os sentidos e, logo, cando recuperou a lembranza de toda a aventura, preguntou:

–E qué, ¿xa marcha vostede?

Ela seguía de pé, confusa. Balbuciu:

–Pois claro, xa veu o día.

El incorporouse e dixo:

–Imos ver unha cousa, porque eu tamén teño algo que preguntarlle.

Ela non respondía e el continuou:

–Tenme vostede moi estrañado desde onte. Sexa vostede sincera, conféseme por qué fixo todo isto, porque eu non entendo nada.

Achegouse a el a modiño, ruborizada como unha virxe, e dixo:

–Quixen coñece-lo... vicio... e, ben..., ben, non é moi divertido.

E botou a correr, baixou a escaleira e lanzouse á rúa.

O exército dos varredores varría. Varrían as beirarrúas, os lastros, empuxando todo o lixo ó regato. Cun

movemento regular, cun movemento como o dos segadores nun prado, empuxaban a lama en semicírculo diante deles; e, de rúa en rúa, ela ía batendo con eles como monicreques articulados, que andaban automaticamente cun mesmo resorte.

E parecíalle que tamén dentro dela acababan de varrer algo, de empuxar algún ó regato, ó sumidoiro, as súas fantasías sobreexcitadas.

Regresou para a casa, sen folgos, con frío, conservando unicamente na súa cabeza a sensación daquel movemento das xestas que limpaban París pola mañanciña.

E, nada máis chegar ó seu cuarto, botouse a chorar.

MARROCA

Amigo meu, pedíchesme que che enviase as miñas impresiões, as miñas aventuras e, sobre todo, as miñas historias de amor nesta terra de África que me atraía desde hai tanto tempo. Rías moito, con antelación ás miñas tenruras negras, como ti dicías; e víasme xa volver seguido por unha enorme muller de ébano, toucada cun pano amarelo e abalando dentro duns vestidos esplendorosos.

Sen dúbida, a quenda das Mauricaudes virá sen dúbida, pois xa vin varias que me deron algunhas ganas de mollarme nesa tinta; pero batín na a miña estrea con algo mellor e particularmente orixinal.

Ti escribíchesme na túa última carta: "Cando sei como se ama nun país, coñezo ese país para describilo, aínda que non o vise nunca." Pois direiche que aquí ámase de xeito apaixonado. Percíbese, desde os primeiros días, unha especie de ardor tremeluciente, unha axitación, unha brusca tensión dos desexos, un nerviosismo que corre ata a punta dos dedos, que os sobreexcitan ata alporiza-las nosas potencias amorosas e tódalas nosas facultades de sensación física, desde o simple contacto das mans ata esa innomeable necesidade que nos fai cometer tantas parvadas.

Entendámonos ben. Eu non sei se o que vós chamades amor do corazón, amor das almas, se o idealismo sentimental, o platonismo digamos, pode existir sobre a Terra; en todo caso eu dubídoo. Pero o outro amor, o dos sentidos, que ten cousas boas e moi boas, é verdadeiramente terrible neste clima. A calor, esa constante ardentía do aire que vos alporiza, eses abafantes sopros de aire do Sur, esas mareas de lume que chegan do gran deserto, tan próximo, ese pesado siroco, máis devastador, máis disecador cás lapas, ese perpetuo incendio dun continente enteiro queimado ata as pedras por un sol enorme e devorador, abrasan o sangue, enlouquecen a carne e converten a un nun salvaxe.

Pero xa chego á miña historia. Non che digo nada dos meus primeiros tempos da miña estadía en Alxeria. Despois de visitar Bône, Constantine, Biskra e Sétif, vin a Bougie polas gorxas do Chabet, e unha incomparable rota a través dos bosques cabilos, que segue o mar dominándoo desde douscentos metros e serpea segundo os festóns da alta montaña, ata este maravilloso golfo de Bougie, tan fermoso coma o de Nápoles, coma o de Ajaccio e coma o de Douarnenez, os máis admirables que eu coñezo. Exceptúo da miña comparación esta inverosímil baía de Porto, cinguida de granito vermello e habitada polos fantásticos e sangüentos xigantes de pedra que se chaman as "Calanche", de Piana, na costa oeste de Córsega.

De lonxe, de moi lonxe, antes de rodea-la gran fervenza onde dorme a auga pacífica, percíbese Bougie. Está construída nas pronunciadas abas dun monte moi elevado e coroado por bosques. É unha mancha branca nesa
pendente verde; pódese dici-la espuma dunha fervenza que cae no mar.

Nada máis poñe-lo pé nesta pequeniña e encantadora cidade, comprendín que ía quedar alí durante moito tempo. Por tódalas partes a vista abrangue un vasto círculo de cumios ganchudos, dentados, bicudos e estraños, tan pechados que un á penas descobre o mar e que o golfo ten a aparencia dun lago. A auga azul, dun azul leitoso era dunha transparencia admirable; e o ceo de azur, dun azul espeso, coma se lle pasasen dúas capas de cor, estende por riba del a súa sorprendente fermosura. Parece coma se ollase un para o outro e se enviasen os seus reflexos.

Bougie é a cidade das ruínas. No peirao, cando se chega, un pode atopar unhas ruínas tan fantásticas que case se podería dicir de ópera. É a antiga porta sarracena, invadida pola hedra. E nos bosques montuosos que rodean a cidade, ruínas por tódalas partes, lenzos de murallas romanas, pezas de monumentos sarracenos e restos de construcións árabes.

Eu alugara na parte alta da cidade unha casa mourisca. Xa coñeces estas moradas descritas tan a miúdo. Non teñen fiestras cara ó exterior, pero un patio interior iluminaas de arriba abaixo. No primeiro andar teñen unha gran sala fresca onde se pasan os días, e enriba de todo unha terraza onde pasa-las noites.

Moi axiña me adaptei ós costumes dos países quentes, é dicir, a durmi-la sesta despois do xantar. É a hora sufocante de África, a hora en que non se respira, a hora en que as rúas, as chairas, as longas estradas cegadoras están desertas, en que todos dormen, tratando polo menos de durmir, con tan pouca roupa como é posible.

Eu instalara na miña sala de columniñas de arquitectura árabe un enorme e esponxoso diván, cuberto por tapices do Djebel-Amour. Deitábame enriba del máis ou menos en traxe de Assan, pero non podía á penas descansar, torturado pola miña continencia.

¡Ouh!, amigo meu, nesta terra hai dous suplicios que eu non che desexo que coñezas: a falta de auga e a falta de mulleres. ¿Cal é o máis arrepiante? Non o sei. No deserto, cometeríase calquera infamia por un vaso de auga limpa e fría. ¿Que cousa non se faría nalgunha cidade do litoral por unha fermosa moza fresca e sa? ¡Pois, en África, as mozas non faltan! Ó contrario, abundan. Pero, para continuar coa miña comparación, teñen tan malos instintos e están tan corrompidas coma os líquidos lamacentos dos pozos saharianos.

Agora ben, certo día, máis nervioso ca de costume, intentei, pero foi inútil, pecha-los ollos. As miñas pernas vibraban como se as picasen por dentro; unha angustia inquieta facíame dar voltas constantemente sobre as miñas alfombras. Por fin, sen poder conterme por máis tempo, erguinme e saín.

Era xullo, nunha tarde tórrida. Os lastros das rúas estaban tan quentes que se podería coce-lo pan neles; a camisa, axiña empapada, apegábase ó corpo; e, por todo o horizonte flotaba un vaporciño branco, ese bafo ardente do siroco, que semella calor tanxible.

Baixei cara ó mar; e, rodeando o porto, empecei a segui-la ribeira ó longo da fermosa baía onde están os baños. A costenta montaña, cuberta de matogueiras, de altas plantas aromáticas de recendos poderosos, redondéase en círculo arredor deste ancoradoiro onde se somerxen, todo ó longo da beira, uns enormes rochedos escuros.

Ninguén fóra; non se movía unha póla; nin un berro de animal, nin voos de paxaros, nin un ruído, nin sequera unha batuxada, ata tal punto que o mar inmóbil semellaba engoumado baixo o sol. Pero no aire quente crin captar unha especie de zunido de lume.

De súpeto, detrás dunha daquelas rochas semiafogadas na onda silandeira, adiviñei un lixeiro movemento; e, cando me virei, percibín, tomando o seu baño e crendo que estaba soa a aquela hora abrasadora, unha moza alta e espida, somerxida ata os seos. Viraba a cabeza cara ó mar inmenso e brincaba a modo sen me ver.

Nada máis extraordinario ca este cadro: aquela fermosa muller naquela auga transparente coma o cristal baixo aquela luz cegadora. Pois era marabillosamente fermosa, aquela muller, alta, modelada como unha estatua.

Deu a volta, botou un berro, e, unhas veces nadando e outras andando, agachouse por completo detrás da súa rocha.

Como tiña necesariamente que saír, senteime na beira e esperei. Entón ela amosou pouco a pouco a súa cabeza cargada de pelo negro atado de calquera maneira. A súa boca era ancha, os labios recachados e carnosos, os ollos enormes, ollando de xeito descarado, e todo o seu corpo un pouco bronceado polo clima parecía un corpo de marfil antigo, duro e doce, de fermosa raza branca, tinxido polo sol dos negros.

Berroume: "¡Váia-se de aquí!". E a súa voz clara, un pouco forte como toda a súa persoa, tiña un acento gutural. Non me movín. Engadiu: "Non está ben que vostede se quede aí, señor". Os erres, na súa boca, arrolábanse como carretas. Non me movín en absoluto. A cabeza desapareceu.

Pasaron dez minutos e os cabelos, logo a fronte e despois os ollos volveron amosarse con lentitude e prudencia, como o fan os nenos que xogan ás agachadas para observar a quen os busca.

Desta vez tiña un aspecto enfadado; berrou: "Vai conseguir que me poña mal. Non vou marchar mentres que vostede siga aí". Entón, levanteime e marchei, non sen volver mirar varias veces. Cando pensou que eu estaba lonxe dabondo, saíu da auga, medio dobrada, dándome as costas e desapareceu por un burato da rocha, por detrás da saia pendurada na entrada.

Volví ó día seguinte. Estaba outra vez tomando un baño, pero vestida cun traxe de baño dunha peza. Botouse a rir amosándome os dentes brillantes.

Oito días despois, eramos amigos. Oito días máis e volvémonos aínda máis amigos.

Chamábase Marroca, sen dúbida un alcume, e pronunciaba esta palabra coma se tivese quince erres. Filla de colonos españois, casara cun francés chamado Pontabêze. O seu marido era funcionario do Estado. Eu nunca souben exactamente cáles eran as súas responsabilidades. Comprobei que estaba moi ocupado e xa non fun máis aló coas miñas preguntas.

Entón, cambiando a hora do seu baño, veu tódolos días despois do meu xantar a durmi-la sesta á miña casa. ¡Que sesta, se a iso se lle pode chamar descanso!

Era realmente unha moza admirable, cun tipo un pouco bestial, pero soberbia. Os seus ollos semellaban sempre brillantes de paixón; a súa boca entreaberta, os seus dentes aguzados, mesmo o seu sorriso tiña algo de fera sensualidade; e os seus estraños seos, alongados e dereitos, bicudos como peras de carne, elásticos coma se encerrasen resortes de aceiro, daban ó seu corpo un algo de animal, facían dela unha especie de ser inferior e magnífico, de criatura destinada ó amor desenfreado, e espertaban en min a idea de obscenas divindades antigas onde as libres tenruras se estendían no medio das herbas e das follas.

Nunca ningunha muller levou nos seus seos desexos máis difíciles de aplacar. Os seus ardores carnaís e os seus abrazos ouveadores, co rinchar dos dentes, convulsións e adentadas, ían seguidos case de contado por adormecementos tan profundos coma os dun morto. Pero ela espertaba bruscamente nos meus brazos, disposta a novos abrazos, coa boca chea de bicos.

De entendemento, por outra parte, era tan simple como dous e dous son catro, e cun riso sonoro substituía o seu pensamento.

Orgullosa por instinto da súa fermosura, sentía horror polos veos, mesmo polos máis lixeiros, e circulaba, corría e brincaba pola miña casa cunha falta de pudor inconsciente e atrevido. Cando por fin estaba farta de amor, extenuada polos berros e o movemento, durmía á miña beira, no diván, cun sono forte e apracible; mentres que a aniquiladora calor facía despuntar na súa pel bronceada minúsculas pingas de suor e dela desprendíase, dos seus brazos erguidos baixo a cabeza, de tódolos seus pregamentos secretos, ese recendo salvaxe que agrada ós machos.

Ás veces volvía ó serán, cando o seu marido estaba de servicio non sei ónde. Daquela, deitabámonos na terraza, á penas envoltos en finos e flotantes tecidos de Oriente.

Cando a luminosa lúa chea dos países quentes se estendía totalmente polo ceo, iluminando a cidade e o golfo co seu marco redondeado de montañas, entón percibiamos en tódalas demais terrazas como un exército de silenciosos fantasmas deitados que ás veces se erguían, cambiaban de sitio e se volvían deitar baixo a moreza indolente do ceo en calma.

Malia a claridade daquelas noites de África, Marroca obstinábase en continuar espida tamén baixo os claros de lúa; á penas se preocupaba por todos cantos nos podían ver e a miúdo botaba durante a noite, a pesar dos meus medos e os meus rogos, longos berros vibrantes, que facían ouvea-los cans ó lonxe.

Unha noite en que eu estaba medio adormecido, baixo un amplo firmamento enzoufado de estrelas, veu axeonllarse na miña alfombra e achegando a miña boca ós seus grandes labios avultados dixo:

–Tes que vir durmir á miña casa.

Eu non comprendía: –¿Como? ¿Á túa casa?

–Si, cando o meu marido marche, virás durmir no seu sitio.

Non puiden impedir que me dese a risa.

–¿E iso por qué, se ti vés aquí?

Continuou, falándome na boca, botándome o seu alento cálido ó fondo da gorxa, mollando o meu bigote co seu sopro:

–É para quedarme cun recordo.

E o erre de recordo arrastrouse durante un bo anaco cun estrondo de torrente sobre as rochas.

Eu non daba collido a súa idea. Pasoume os seus brazo polo colo.

–Cando xa non esteas aquí, pensarei nisto. E cando abrace o meu marido, será coma se foses ti.

E tódolos erres adquirían na súa voz estrondos de tronos familiares.

Murmurei entenrecido e con gran ledicia:

–Estás tola. Prefiro quedar na miña casa.

En efecto, non sinto ningún pracer polas citas baixo un teito conxugal; son rateiras onde sempre caeron os imbéciles. Pero ela rogoume, suplicoume, mesmo chorou, engadindo:

–Verás cánto te vou querrrrrr.

Aquel *querrrrrr* resoaba como un redobre de tambor tocando á carga. O seu desexo parecíame tan singular que eu non mo explicaba; despois, pensando niso, crín ver cómo nacía certo odio profundo contra o seu marido, unha desas vinganzas secretas de muller que engana con agrado o home aborrecido, e unha vez máis quere enganalo na súa propia casa, nos seus mobles e nas súa sabas. Díxenlle:

–¿O teu marido pórtase moi mal contigo?

Puxo cara de anoxada.

–Ouh, non, moi ben!

–Pero, ti non o amas, ¿non si?

Ela espetoume os seus grandes ollos de asombro.

–Si que o quero moito, é certo, moito, moito, pero non tanto como a ti, meu corrazón.

Eu xa non comprendía nada en absoluto e, como intentaba adiviñar, ela apertoume a boca cunha daquelas caricias cheas dun poder que ela coñecía, e logo murmurou:

–¿Vas virrr, dime?

Eu resistíame sen embargo. Entón ela vestiuse axiña e marchou.

Estivo oito días sen aparecer. O noveno día apareceu, parouse moi seria no limiar do meu cuarto e preguntou:

–¿Vas vir este serán durmirrr á miña casa? Se non ves, marrrcho.

Oito días, é moito tempo, amigo meu, e, en África, estes oito días valían o mesmo ca un mes. Berreille "Si", e abrín os brazos. Ela botouse neles.

Á noite, esperoume nunha rúa veciña e guioume.

Moraban preto do porto nunha casiña baixa. Crucei primeiro unha cociña onde o matrimonio tomaba as súas comidas, e penetrei no dormitorio branqueado, limpo, con fotografías de parentes cubrindo as paredes e flores de papel baixo uns fanais. Marroca semellaba louca de ledicia: brincaba, repetindo: "Aquí te teño, na miña casa, aquí estás na túa casa."

Efectivamente, comporteime coma se estivese na miña casa.

Estaba un pouco molesto, conféssoo, e mesmo inquieto. Como dubidaba, naquela casa descoñecida, en quitar ningunha peza de roupa sen a que un home sorprendido resulta tan torpe como ridículo, e incapaz de toda acción, ela arrincouma á forza e levouna ó cuarto do lado, con tódalas miñas outras pezas de roupa.

Recobrei a seguridade en min mesmo e demostreillo con todo o meu ardor, se ben que ó cabo de dúas horas nos pensabamos máis que en volver ó repouso, cando uns golpes violentos chamando á porta nos fixeron estremecer; e unha voz forte de home berrou: "Marroca, son eu".

Ela deu un salto:

–¡O meu home! Axiña, métete debaixo da cama.

Eu buscaba enlouquecido o meu pantalón; pero ela empuxoume, arquexante:

–Veña, vaite.

Deiteime de fociños e esvarei sen murmurar debaixo da cama, na que eu tan ben estaba.

Daquela, ela pasou á cociña. Oína abrir un armario, pechalo, logo volveu, traendo un obxecto que eu non percibín, pero que ela pousou de contado en algures; e, como o seu marido perdía a paciencia, ela respondeu cunha voz forte e tranquila:

–Non atopo os mistos –logo, de súpeto–: Aquí están, xa che abrrro.

E abriulle. O home entrou. Só vin os seus pés, uns pés enormes. Se o resto estaba en proporción, debía ser un coloso.

Oín bicos, unha palmada sobre a carne núa, un riso; logo el dixo cun acento marsellés:

–Esquecín o moedeiro e tiven que volver. En todo caso, penso que durmías moi a gusto.

Foi cara á cómoda, buscou durante algún tempo o que necesitaba; logo, como Marroca se deitara na cama coma se estivese rendida polo cansazo, volveu a pé dela, e sen dúbida intentaba acariciala, pois ela

lanzoulle, con frases irritadas, unha metralha de erres furiosos.

Tiña os pés tan preto de min que me viñeron unhas ganas loucas, estúpidas, inexplicables de tocarllos moi docemente. Contívenme.

Como os seus proxectos non tiñan éxito, el ofendeuse e dixo:

–¡Que ameazadora estás hoxe!

Pero resignouse e despediuse: "¡Adeus, cariño!". Soou un novo bico; logo, os grandes pés volvéronse, amosáronme os seus cravos ó se iren afastando de min e pasaron ó cuarto contiguo; e a porta da rúa pechouse de novo.

Estaba a salvo. Saín pouco a pouco do meu retiro, humilde e deplorable; e mentres que Marroca, aínda espida, danzaba unha xiga arredor de min rindo ás gargalladas e aplaudindo, deixei caer pesadamente nunha cadeira. Pero volvinme erguer dun salto: unha cousa fría xacía debaixo de min, e como eu non estaba máis vestido cá miña cómplice, o contacto estarrecérame. Dei a volta.

Acababa de sentar enriba dunha macheta de cortar madeira, afiada como un coitelo. ¿Como chegara ata aquel lugar? Eu non me decatara dela ó entrar.

Marroca, vendo o meu sobresalto, afogaba de ledicia, botaba berros, tusía, coas dúas mans no ventre.

Aquela ledicia pareceume fóra de lugar, inconveniente. Xogamos coa nosa vida dun xeito estúpido; eu aínda tiña frío nas costas e aqueles risos loucos feríanme un pouco.

–¿E se me viu o teu marido? –pregunteille.

Ela respondeu:

–Non hai perigo.

–¿Como? ¿Non había perigo? –aquilo era increíble–. Con só abaixarse podía atoparme.

Xa non ría; ela só sorría ollando para min fixamente cos seus ollos grandes, onde xermolaban novos desexos.

–El non se abaixaría.

Eu insistín.

–¡Por exemplo, con que só lle caese o chapeo, veríase obrigado a recollelo, e daquela... eu estaba ó xeito, con este traxe.

Ela pousou enriba dos meus ombreiros os seus brazos redondos e vigorosos, e baixando o ton, coma se me estivese dicindo: "¡Adorrrrote!", murmurou:

–Nese caso, non chegaría a volver erguerse.

Eu non entendía nada:

–¿E iso por que?

Chiscou un ollo con malicia, alongou a man cara á cadeira onde eu acababa de sentar; e o seu dedo estricado, o pregue da súa meixela, os seus labios entreabertos, os seus dentes aguzados, claros e feroces, todo aquilo indicábame a machetiña de fende-la madeira, que lucía un fio relucente.

Fixo aceno de collela; logo, atraéndome co brazo esquerdo contra ela, pegando a súa cadeira contra a miña, ¡co brazo dereito bocexou o movemento que decapita un home de xeonllos...!

¡E aí tes, amigo meu, como se comprenden aquí os deberes conxugais, o amor e a hospitalidade!

A CASA TELLIER

A iso das once, cada serán, ían para alá coma se fosen ó café simplemente.

Era o lugar de encontro de seis ou oito, sempre os mesmos, deses que non son trouleiros senón homes honorables, comerciantes e mozos da vila; e tomaban un chartreuse chanceándose de cando en vez das mozas ou parolando en serio coa *madame*, a quen todo o mundo respectaba.

Despois, volvían para a casa para se deitaren antes da media noite. Os mozos, ás veces, quedaban.

A casa era de ambiente familiar, moi pequena, pintada de amarelo, no recanto dunha rúa detrás da igrexa de Santo Estevo; e, polas fiestras, divisábase o peirao cheo de navíos que facían a descarga, a gran salina chamada "Retida" e, detrás, a costa da Virxe, coa súa vella capela completamente gris.

A *madame*, que viña dunha boa familia de campesiños do departamento do Eure, aceptara esta profesión do mesmo xeito que se ela se fixese modista ou costureira. O prexuízo da deshonra que ía unida á prostitución, tan violento e tan enraizado nas vilas, non existía na campiña normanda. O campesiño dicía: "Éche un bo oficio", e mandaba á súa filla a rexentar un harén de mozas coma se a enviase a dirixir un internado de señoritas.

Esta casa, polo demais, viñéralle de herdanza dun vello tío que fora o seu propietario. O *monsieur* e a *madame*, noutro tempo pousadeiros preto de Yvetot, liquidaran inmediatamente o negocio, pensando que o negocio de Fécamp era máis vantaxoso para eles; e chegaran unha mañá para facerse cargo da dirección da empresa que periclitaba en ausencia dos seus donos.

Era boa xente, que axiña se fixeron querer polo seu persoal e polos veciños.

O home morreu dunha conxestión dous anos máis tarde. Como a súa nova profesión o reducira á molície e á inmovilidade, volvérase gordo e a súa saúde afogárase.

A *madame*, desde a súa viuvez, era desexada por tódolos que ían ó establecemento a cotío; pero tiña sona de ser seria e nin sequera as súas pupilas chegaran a descubrir nada.

Era alta, metida en carnes e de trato agradable. A súa cute, esbrancuxada na escuridade daquela casona sempre pechada, brillaba como baixo un verniz graxento. Unhas guedellas de pelo rebelde, postizas e rizadas, rodeaban a súa fronte e dábanlle un aspecto xuvenil que contrastaba coa madurez das súas formas. Sempre leda e de rostro aberto, facía bromas con toda naturalidade, cun matiz de prudencia que as súas novas ocupacións aínda non lle fixeran perder. As malas palabras seguían sorprendendo un pouco; e, cando un mozo mal educado chamaba polo seu nome o establecemento que ela dirixía, enfadábase, indignada. En fin, tiña unha alma delicada e, aínda que trataba ás súas mulleres como amigas, repetía con espontaneidade que "non estaban todas na mesma cesta".

Ás veces, durante a semana, saía nun coche de alugamento cunha parte do seu grupo de mozas; e ían brincar na herba á beira do regato que corría pola vagoada de Valmont. Era coma se fosen escapadas de colexialas, con carreiras atoladas, xogos infantís e toda unha ledicia de reclusas embriagadas polo aire libre. Comían embutido sobre o céspede, bebían sidra e volvían para a casa entre lusco e fusco cunha fatiga deliciosa e un doce entencemento; e xa no coche dábanlle bicos á *madame* coma a unha nai moi boa, chea de mansedume e compracencia.

A casa tiña dúas entradas. No recanto, unha especie de café sospeitoso abría as portas, polo serán, á xente do pobo e ós mariñeiros. Dúas das persoas encargadas do comercio especial do lugar estaban particularmente dedicadas ás demandas daquela parte da clientela servindo coa axuda do camareiro, chamado Frédéric, louro, imberbe e forte como un boi, as cuncas de viño e as botellas de cervexa polas mesas de mármore que abalaban e animando a consumir ós clientes poñéndolle-los brazos ó colo e sentando a cabalo das súas pernas.

As outras tres mozas –só eran cinco– formaban unha especie de aristocracia e estaban reservadas para a compañía do primeiro, a non ser que non houbera necesidade delas abaixo e que o primeiro estivese baleiro.

O salón de Xúpiter, onde se reunían os burgueses do lugar, estaba tapizado con papel azul e adornado cun gran debuxo que representaba a Leda deitada debaixo dun cisne. Chegábase a aquel lugar por medio dunha escaleira de caracol, que remataba cunha porta estreita, de aspecto humilde, que daba á rúa, e por riba dela brillaba toda a noite, detrás dun enreixado, un faroliño coma os que alumean aínda nalgunhas vilas ós pés das Virxes encaixadas nos muros.

O edificio, húmido e vello, recendía lixeiramente a mofo. Por momentos, un refacho de auga de colonia pasaba polos corredores, ou ben unha porta entreaberta abaixo facía estoupar en toda a casona, como a explosión dun trono, os berros populacheiros dos homes sentados á mesa na planta baixa, e provocaba na cara dos señores do primeiro un aceno de inqueda e noxo.

A *madame*, familiar cos seus clientes e amigos, non abandonaba nunca o salón e interesábase polos rumores da cidade que lle chegaban gracias a eles. A súa conversa sería era unha diversión fronte ás intencións frustradas das tres mulleres; era como un descanso no xogo picaresco dos clientes barrigudos que se entregaban cada serán a aquela esmorga honesta e mediocre de beber unha copa de licor na compañía de mulleres públicas.

As tres señoritas do primeiro chamábanse Fernanda, Rafaela e Rosa a Raposa.

Como había pouco persoal, intentouse que cada unha delas fose algo así como unha mostra, un compendio de tipo feminino, co fin de que calquera consumidor puidese atopar alí, pouco máis ou menos, a realización do seu ideal.

Fernanda representaba a *fermosa loura*, moi alta, case obesa, fofa, filla do campo, cunhas pencas que se negaban a desaparecer e cunha cabeleira coma de estropallo, curta, clara e sen cor, que semellaba o cânabo peiteado, e que lle cubría escasamente o cranio.

Rafaela, marsellesa, lurpia do porto de mar, interpretaba o papel indispensable da *fermosa xudía*, fraca, con pómulos pronunciados enzoufados de vermello. Os seus cabelos negros, abillantados con medula de boi, formaban coma uns caracois nas súas sens. Os seus ollos semellarían fermosos se o dereito non estivese marcado por unha mancha na córnea. O seu nariz aguzado caía sobre unha queixada acentuada na que dous dentes novos, na parte superior, desentoaban cos da parte inferior que colleran ó ir para vella un ton escuro coma os da madeira vella.

Rosa a Raposa, unha boliña de carne e todo barriga, cunhas pernas minúsculas, que cantaba da mañá á noite, cunha voz crebada, unha copliñas que eran ó mesmo tempo picarescas e sentimentais e que contaban historias interminables e insignificantes, só paraba de falar para comer e de comer para falar; sempre en movemento, lixeira coma un esquío, malia a graxa e o exíguo das súas pernas; e o seu riso, unha ferverza de berros agudos, estouraba sen parar, por aquí, por alá, nun cuarto, no faiado, no café, en calquera sitio e sen motivo.

As dúas mulleres da planta baixa, Luísa, alcumada a Pola, e Flora, alcumada A Randeira porque coxeaba un pouco, unha sempre de Liberdade cun cinto tricolor, e a outra de española de fantasía con moedas antigas de cobre que bailaban polos seus cabelos de cenoria a cada paso desigual, tiraban a mozas de cociña vestidas para o entroido. Semellantes a tódalas mulleres da vila, nin máis feas, nin máis fermosas, verdadeiras criadas de mesón, falaban delas no porto co alcume de Bombas.

Unha paz celosa, moi raramente enturbada, reinaba entre estas cinco mulleres, gracias á sabedoría conciliadora da *madame* e ó seu inesgotable bo humor.

O establecemento, único na pequena cidade, víase frecuentado con regularidade. A *madame* soubera rodealo dunha seriedade dignidade; ela amosábase tan amable e tan atenta con todo o mundo que o seu bo corazón chegara a ser tan coñecido porque a rodeaba unha certa clase de consideración. Os clientes consumían por ela, volvíanse presumidos cando ela lles testemuñaba unha amizade máis marcada; e cando se encontraban durante o día para os seus asuntos, dicían para eles: "Verémonos polo serán onde vostede xa sabe", coma se dixesen: "Quedamos no café, ¿vale?, despois de cear."

En fin, a casa Telier era un recurso e rara era a vez que algún faltaba a cita cotiá.

Agora ben, unha noite, cara á fin do mes de maio, o primeiro que chegou, o señor Poulin, madeireiro e antigo alcalde, atopou a porta pechada. O faroliño, detrás do seu enreixado, non brillaba; da vivenda, que semellaba morta, non saía nin o menor ruído. Chamou á porta, suavemente ó primeiro, e logo con máis forza; non respondeu ninguén. Entón, volveu a subir pola rúa a modo e, cando estaba a piques de chegar á praza do Mercado, bateu co señor Duvert, o armador, que se dirixía ó mesmo lugar. Volveron xuntos sen máis éxito. Pero un ruído enorme estoupou de súpeto preto deles e, despois de darlle a volta á casa, percibiron un grupo de mariñeiros ingleses e franceses que golpeaban a puñazos os poxigos pechados do café.

Os dous homes escaparon axiña para non se veren comprometidos, pero un lixeiro "psssst" parounos: era o señor Tournevau, o da salgadeira, que, ó recoñecelos, chamara por eles. Contáronlle o que pasaba, polo que se viu moi afectado, pois, casado, pai de familia e moi vixiado, só ía alí os sábados, "*securitas causa*", dicía, facendo alusión a unha medida de policía sanitaria da que o doutor Borde lle revelara as periódicas repeticións. E era aquela xustamente a súa noite, e íase ver privado así durante toda a semana.

Os tres homes deron un longo rodeo ata o peirao e no camiño bateron co xove señor Philippe, fillo do banqueiro, con outro cliente e co señor Pimpesse, o recadador. Todos xuntos volveron entón pola rúa "dos Xudeus" para facer un último intento. Pero os mariñeiros exasperados tiñan asediada a casa, tiraban pedras, berraban; e os cinco clientes do primeiro piso, volvendo sobre os seus pasos o máis axiña posible, seguiron deambulando polas rúas.

Bateron aínda co señor Dupuis, o axente de seguros, despois co señor Vasse, o xuíz do tribunal de comercio; e comezou un longo paseo que os levou primeiro ó dique. Sentáronse en liña no parapeto de granito e puxéronse a mirar para o mar picado. A espuma, na crista das ondas, facía na sombra brancas luminosas, que se apagaban case ó mesmo tempo que aparecían, e o ruído monótono do mar rompendo contra as rochas prolongábase durante a noite ó longo de todo o cantil. Despois de que os tristes paseantes quedaran alí por algún tempo, o señor Tournevau dixo: "Non é divertido". "Claro que non", replicou o señor Pimpesse; e botáronse a andar paseniño.

Unha vez que percorreron a rúa que bordeaba a costa e que se chama "Sous-le-Bois", volveron pola ponte de pranchas sobre o Encoro, pasaron por preto do ferrocarril e foron dar de novo á praza do Mercado, onde comezou de súpeto unha liorta entre o recadador, o señor Pimpesse, e o da salgadeira de pescado, o señor Tournevau, a propósito dun cogomelo comestible que un deles aseguraba que atopara nos arredores.

Os ánimos estaban agreados polo aburrimiento, de maneira que, de non ser polos outros que se puxeron no medio, chegarían a baterse. O señor Pimpesse, furioso, retirouse; e axiña se montou outro novo altercado entre o antigo alcalde, o señor Poulin, e o axente de seguros, o señor Dupuis, por mor dos honorarios do recadador e dos beneficios que podía chegar a percibir. Os insultos chovían dos dous lados, cando se desencadeou unha tempestade de berros impresionantes e o grupo de mariñeiros, cansos de esperar inutilmente diante da casa pechada, foi aparecendo na praza. Ían agarrados do brazo, de dous en dous, formando unha longa procesión e vociferaban con furia.

O grupo de paisanos intentou pasar desapercibido detrás dunha porta e a xentalla ouveona desapareceu en dirección á abadía. Durante un bo anaco, aínda se oíu como o clamor ía diminuindo coma se fose unha tormenta que se afasta, e restableceuse o silencio.

O señor Poulin e o señor Dupuis, irritado un co outro, marcharon cada un polo seu lado, sen se saudaren.

Os outros catro botaron a andar de novo e descenderon instintivamente cara á casa Tellier. Aínda estaba pechada, muda, impenetrable. Un borracho, tranquilo e obstinado, daba pequenos golpes sobre o escaparate do café, logo paraba para chamar a media voz ó camareiro Frédéric. Como vía que ninguén lle respondía, decidiu ir sentar no chanzo da porta e espera-los acontecementos.

Os paisanos íanse retirar cando o grupo tumultuoso dos homes do porto apareceu ó final da rúa. Os mariñeiros franceses berregaban a *Marsellesa*, os ingleses, o *Rule Britannia*. Houbo un movemento xeral contra a parede, logo a marea de brutáns proseguíu a súa marcha cara ó peirao, onde estalou unha liorta entre os mariños dos dous países. No medio da pelexa, un inglés apareceu co brazo rompido e un francés co nariz fendido.

O borracho, que quedara diante da porta, choraba naquel momento como choran os borrachos ou nos nenos desgustados.

Ó final, os paisanos dispersáronse.

Pouco a pouco foi volvendo a calma á cidade perturbada. De acó para aló, aínda por momentos, aparecía un ruído de voces, logo apagábase ó lonxe.

Soamente un home seguía deambulando, o señor Tournevau, o da salgadeira, aflixido por ter que esperar ó sábado seguinte; e esperaba non se sabe qué azar, sen entender nada; alporizándose porque a policía deixaba daquela maneira pechar un establecemento de utilidade pública que vixiaba e que tiña baixo a súa custodia.

Volveu alí, axexando as paredes, buscando a causa: e decatouse de que no tornachoivas había un cartel pegado. Acendeu axiña un misto e leu aquelas palabras escritas cunha letra grande e desigual: "*Pechado por causa de primeira comunión*".

Entón afastouse, comprendendo que se acabara.

O borracho seguía durmindo, deitado todo o grande que era e atravesado na porta inhospitalaria.

E ó día seguinte tódolos clientes, un despois doutro, atoparon a desculpa de pasar pola rúa cuns papeis debaixo do brazo para disimular; e dunha ollada furtiva, cada un lía o misterioso aviso: "*Pechado por causa de primeira comunión*".

O que pasaba era que a *madame* tiña un irmán carpinteiro instalado na súa aldea natal, Virville dans l'Eure. Na época en que a *madame* fora pousadeira en Ivetot, ela fora a madriña de bautismo da filla deste irmán, á que lle puxo por nome Constance, Constance Rivet, pois ela mesma era unha Rivet por parte de pai. O carpinteiro, sabedor de que a súa irmá gozaba de boa posición, non a perdía de vista, aínda que non se encontrasen a miúdo, xa que llo impedían as súas ocupacións, ademais de vivir un lonxe do outro. Pero como a mocíña ía cumprir doce anos e faría aquel ano a primeira comuñón, elixiu aquela ocasión para un encontro escribindo á súa irmá que contaba con ela para a cerimonia. Posto que os seus pais xa morreran, ela non podía dicir non á súa afillada e aceptou. O seu irmán, que se chamaba Xosé, esperaba que a forza de atencións chegaría se cadra a conseguir que fixese testamento a favor da pequena, pois a *madame* non tiña fillos.

A profesión da súa irmá non lle producía ningún tipo de escrúpulos, e polo demais ninguén da aldea pobo sabía nada. Só se dicía falando dela: "Madame Tellier é unha burguesa de Fécamp", o que deixaba supoñer que podía vivir de rendas. De Fécamp a Virville había polo menos vinte leguas; e vinte leguas para un campesiño son máis difíciles de atravesar ca un océano para unha persoa civilizada. A xente de Virville nunca pasara de Ruán; nada atraía á de Fécamp nunha aldea de cincocentos fogares, perdida no medio das chairas e formando parte doutro departamento. En fin, non sabían nada.

Pero, cando se ía aproximando a época da comuñón, a *madame* viuse nun grave apuro. Non tiña encargada e preocupáballe moito deixa-la súa casa, incluso por un día. Tódalas rivalidades entre as donas de arriba e as de abaixo estouparían indefectiblemente; logo Frédéric emborracharíase sen dúbida e, cando estaba bébedo, metíase coa xente por calquera motivo. Ó final, decidiuse a levalos a todos, agás o camareiro a quen lle deu vacacións ata dous días despois.

Consultado o irmán, este non manifestou oposición ningunha e encargouse de aloxar ó grupo enteiro por unha noite. Deste modo, o sábado pola mañá, o tren expreso das oito levaba a *madame* e as súas compañeiras nun vagón de segunda clase.

Ata Beuzeville foron soas e laretaron canto puideron. Pero nesta estación subiu unha parella. O home, un vello campesiño vestido cunha camisa azul de colo plisado e cunhas mangas anchas axustadas nos puños con adornos de bordado branco, levando na cabeza un antigo chapeo de forma alta, polo que o pelo louro semellaba encrespado, sostíña cunha man un enorme paraguas verde e coa outra unha enorme cesta que deixaba ó descuberto as cabezas medofientas de dous parrulos. A muller, tesa e enfundada no seu rústico atavío, tiña un aspecto de galiña cun nariz aguzado como un pico. Sentou en fronte do seu home e quedou alí sen bulir, sobrecolida por atoparse no medio dun grupo tan elegante.

E había, en efecto, no vagón, un cegamento de cores resplandecentes. A *madame*, completamente de azul, de seda azul dos pés á cabeza, levaba posto un chal de falsa caxemira francesa, vermello, cegador, fulgurante. Fernanda resopraba dentro dun vestido escocés cun corpiño que, amarrado con tódalas súas forzas polas compañeiras, realzaba o seu decaído peito nunha dobre cúpula sempre axitada que semellaba líquida baixo a tea.

Rafaela, cun toucado emplumado semellando un niño cheo de paxaros, levaba unha vestimenta lila, con abelorios dourados, algo oriental que acaía ben ó seu aspecto de xudía. Rosa a Raposa, con saia vermella de amplos volantes, tiña toda a traza dunha nena demasiado gorda, dunha anana obesa; e as dúas bombas parecían ter cortado aquela estraña indumentaria do medio de vellos cortinados de ventá, aqueles vellos cortinados floreados que databan da Restauración.

Inmediatamente despois de que xa non estaban soas no compartimento, aquelas donas adoptaron unha compostura seria e puxéronse a falar de cousas elevadas que provocasen unha boa opinión delas. Pero en Bolbec apareceu un señor de patillas louras, con aneis e unha cadea de ouro, que colocou na rede, enriba da súa cabeza, varios paquetes envoltos en hule. Tiña aspecto de bromista e de Xanciño. Deu os bos días, sorriu e preguntou con descaro: "¿As señoras van cambiar de gornición?" Esta pregunta provocou no grupo unha confusión embarazosa. A *madame* por fin recuperou a compostura e respondeu secamente, para vingala honra do corpo: "¡Xa podía ser vostede un pouco máis educado!". El desculpouse: "Perdón, quería dicir de mosteiro". A *madame* ó non ter nada que retrucar, ou considerando que xa houbera unha rectificación suficiente, saudouno con xesto de dignidade apertando os beizos.

Entón, o señor, que se atopaba sentado entre Rosa a Raposa e o vello campesiño púxose a chisca-lo ollo ós tres parrulos que tiñan as cabezas que lles saían fóra da gran cesta; logo, cando se decatou de que xa tiña cativado o seu público, empezou a facerlles cóxegas ós animais debaixo do pico ó mesmo tempo que lles dirixía frases curiosas para provoca-lo sorriso da compañía. "¡Deixamos a nosa po-pozza! ¡cuá! ¡cuá! ¡cuá! para coñece-lo asador, ¡cuá! ¡cuá! ¡cuá!". Os pobres animais viraban o pescozo para evitaren as caricias e facían enormes esforzos para saír da súa prisión de vimbio; logo, de súpeto as tres ó mesmo tempo botaron un penoso berro de angustia: "¡Cuá! ¡cuá! ¡cuá! ¡cuá!". Aquilo foi unha explosión de risos entre as mulleres. Botábanse para adiante e empuxábanse para veren; interesábanse con loucura polos parrulos e o señor

redobrava a súa gracia, a súa inspiración e as súas garatuxas.

Rosa meteuse na lea e, inclinándose por riba das pernas do seu veciño, deulles bicos no nariz ós tres animais. De contado, cada muller quixo bicalos á súa vez; e o señor sentaba as mulleres nos xeonllos facéndoas saltar e beliscándoas; de súpeto, empezou a atualas.

Os dous campesiños, máis abraiaados aínda cós seus parrulos, movían os ollos coma se estivesen posuídos sen atreverse a facer un movemento e os seus vellos rostros engurrados non amosaban nin un sorriso, nin un estremecemento.

Entón o señor, que era viaxante de comercio, ofreceu de broma uns tirantes a aquelas donas e, apoderándose dun daqueles paquetes, abriuno. Era unha trampa, o paquete contiña unhas ligas.

Habíaas de seda azul, de seda rosa, de seda vermella, de seda violeta, de seda malva, de seda papoula, con fibelas de metal formadas por dous amoriños entrelazados e dourados. As mozas botaron berros de ledicia e logo examinaron as mostras, coa seriedade natural dunha muller que apalpa un artigo de toucador. Consultábanse coa ollada ou cun comentario murmurado, respondéndose do mesmo modo, e a *madame* manexaba con ansia un par de ligas de cor laranxa, máis frouxas, máis impositivas cás outras: verdadeiras ligas de patroa.

O señor esperaba, alimentando unha idea: "Veña, gatiñas –dixo–, hai que probalas". Houbo unha tempestade de exclamacións; e elas apertaban as súas saias entre as pernas coma se tivesen medo de violencias. El, tranquilo, esperaba o seu momento. Afirmou: "Se vostedes non as queren, volvo empaquetalas." Logo, finalmente: "Regalareilles un par, a elixir, a aquelas de vós que as proben." Pero elas, co busto ergueito, moi dignas, non querían. Sen embargo as dúas Bombas parecían tan desgraciadas que lles renovou a proposta. Flora a Randeeira sobre todo, atormentada polo desexo, sentíase visiblemente dubidosa. El apremouna: "Veña, moza, un pouco de valor; mira, este par lila irá ben co teu toucado." Entón, ela decidiuse e, levantando a saia, amosou unha rexa perna de vaqueira, mal enfundada nunha media vulgar. O señor, agachándose, abrochou a liga primeiro por debaixo do xeonllo e logo por riba; e beliscaba docemente a moza para facerlle botar uns berros con bruscos estremecementos. Cando rematou deulle o par lila e preguntou: "¿A quen lle toca agora?" Todas xuntas berraron: "¡A min! ¡A min!" Empezou por Rosa a Raposa, que unha cousa informe, completamente redonda, sen nocello, unha verdadeira "morcilla de perna", como dicía Rafaela. O viaxante felicitou a Fernanda polas súas poderosas columnas que o entusiasmaron. As fracas tibias da fermosa xudía tiveron menos éxito. Luísa, a Pola, para chancearse, puxo a súa saia na cabeza do señor; e a *madame* viuse na obriga de intervir para parar aquela farsa inconveniente. Finalmente, a mesma *madame* estendeu a súa perna, unha fermosa perna normanda, gorda e musculosa e o viaxeiro, sorprendido e marabillado, quitou cerimoniosamente o chapeo, como faría un verdadeiro cabaleiro francés, para saudar aquela fantástica barriga da perna.

Os dous campesiños, paralizados polo asombro, ollaban de través, cun só ollo; e semellaban tanto a uns polos que o home das patillas louras, poñéndose de pé, espetoulles no nariz "qui-qui-ri-quí". O que volveu a desencadear un furacán de ledicia.

Os vellos baixaron en Motteville, coa cesta, os parrulos e o paraugas; e oíuse como a muller lle dicía ó home ó se afastaren: "Son unhas pendanga que volven outra vez para ese pervertido París."

O chistoso viaxante portavultos baixou á súa vez en Ruán, despois de se ter amosado tan groseiro que a *madame* de viu na obriga de poñelo dun xeito severo no seu sitio. Ela engadiu como sentenciando: "Isto aprenderanos a non involucrémonos co primeiro que apareza."

Cambiaron de tren en Oissel e bateron na estación seguinte con Joseph River, que os esperaba cunha enorme carreta chea de cadeiras e tirada por un cabalo branco.

O carpinteiro bicou educadamente a todas aquelas donas e axudounas a montar no carro. Houbo tres que foron sentar nas tres cadeiras do fondo; Rafaela, a *madame* e seu irmán, nas tres cadeiras de diante, e Rosa, como xa non había máis sitio, sentou como puido nos xeonllos da alta Fernanda; logo, a comitiva púxose en marcha. Pero, moi axiña, o trote nervioso da besta sacudiu tan terriblemente o coche que as cadeiras empezaron a bailar, lanzando ás viaxeiras polo aire, á dereita, á esquerda, con movementos de monicreques, acenos asustados, berros de espanto, cortados de súpeto por unha sacudida máis forte. Agarrábanse ós costados do vehículo; os chapeos caíanlles nas costas, enriba do nariz ou nos ombreiros; e o cabalo branco continuaba, estricando o pescozo e co rabo ergueito, un pequeno rabo de rata sen pelos e co que batía as ancas de cando en vez. Joseph Rivet, cun pé estendido na cheda e coa outra perna recollida debaixo, cos cúbados moi altos, suxeitaba as rédeas e da súa gorxa escapaba permanentemente unha especie de cacarexo que, ó mesmo tempo que facía que a besta erguese as orellas, aceleraba a súa marcha.

O verde campo aberto estendíase por ámbolos dous lados da estrada. As colzas en flor debuxaban por aquí e por alá un gran manto amarelo ondeante, de onde se erguía un san e poderoso recendo, un recendo

penetrante e doce, levado moi lonxe polo vento. Entre o centeo xa grande, uns acianos amosaban as súas pequenas cabezas azuladas que as mulleres pretendían recoller, pero Rivet negouse a parar. Máis adiante, ás veces, un campo enteiro semellaba regado con sangue, ata tal punto estaba invadido polas papoulas. E no medio daquelas chairas así coloreadas polas flores da terra, a carreta, que parecía que ela mesma levaba un ramo de flores dos tons máis acesos, pasaba ó trote do cabalo branco, desaparecía por detrás das grandes árbores dunha granxa, para reaparecer ó remate da follaxe e continuar de novo a través das colleitas amarelas e verdes, salpicadas de vermello e de azul, aquela resplandecente carreta de mulleres que fuxía baixo o sol.

Estaba dando a unha cando chegaron diante da porta do carpinteiro.

Estaban rotas de fatiga e pálidas de fame, xa que nada comeran desde que saíran. A señora Rivet correu ó seu encontro, axudounas a baixar unha atrás doutra, bicándoas nada máis poñe-lo pé no chan; e seguiu chuchando na súa cuñada, a quen desexaba acaparar. Comeron no taller, unha vez que lle quitaron os bancos para a cea do día seguinte.

Unha boa tortilla á que lle seguiu unha morcilla á brasa, regada con boa sidra espumosa, volveu poñer a todo o mundo contento. Rivet, para brindar, collera un vaso, e a súa muller servía, cociñaba, traía as fontes, retirábaas, murmurando ó oído de cada unha: "¿Está ben todo?". Montóns de táboas arrimadas contra as paredes e moreas de labras varridas nos recunchos espaxaban un recendo a madeira cepillada, un recendo a carpintería, ese bafo resinoso que penetra ata o fondo dos pulmóns.

Preguntaron pola pequena, pero non volvería ata a noite porque estaba na igrexa.

Entón, o grupo saíu para dar unha volta pola vila.

Era unha vila pequena atravesada por unha estrada xeral. Unha ducia de casas aliñadas ó longo desta única estrada albergaba as tendas do lugar; a carnicería, o ultramarinos, a taberna, a zapatería e a panadería. A igrexa, ó remate desta especie de estrada, estaba rodeada por un estreito cemiterio; e catro enormes tileiros plantados diante do seu pórtico, dábanlle unha sombra completa. Estaba construída con sílex labrado, sen estilo ningún, e cuberta por un tellado de lousa. Pola parte de atrás volvía comeza-lo campo, cortado por aquí e por alá por grupos de árbores que agachaban as granxas.

Rivet, con moita cerimonia, e aínda que levaba roupa de traballo, collera do brazo á súa irmá coa que paseaba solemnemente. A súa muller, completamente emocionada co traxe de fío dourado de Rafaela, colocárase entre ela e Fernanda. A gordecha da Rosa camiñaba detrás con Luísa a Pola e Flora a Randeeira, que coxeaba, derreada.

Os veciños saían ás portas, os nenos paraban de xogar, unha cortina levantada deixaba entrever unha cabeza cuberta por un gorro de indiana; unha vella con muletas e case cega persignouse coma se pasase unha procesión; e todos seguiron un bo anaco ollando para aquelas fermosas mulleres da vila que viñeran de tan lonxe para a comuñón da pequena de Joseph Rivet. Unha inmensa consideración ía repercutir no carpinteiro.

Ó pasaren por diante da igrexa, oíron uns cantos de nenos, un canto lanzado cara ó ceo por unhas voces agudas; pero a *madame* impediu que entrasen, para non perturbar a aqueles querubíns.

Despois dun paseo polo campo e a enumeración das principais propiedades, do rendemento da terra e da produción do gando, Joseph Rivet volveu leva-lo seu rabaño e instalouno no lugar onde se aloxaría.

Como o espacio era moi escaso, repartíranse de dúas en dúas por cuarto.

Rivet, por aquela vez, durmiría no taller, sobre as labras; a muller compartiría a cama coa súa cuñada e, no cuarto do lado, Fernanda e Rafaela descansarían xuntas. Luísa e Flora atopábanse instaladas na cociña nun colchón botado no chan e Rosa ocupaba ela soa un cuartíño escuro enriba da escaleira, xusto á entrada dun estreito sobradiño onde se deitaría aquela noite a comungante.

Cando volveu a pequena, caeu sobre ela unha chuvía de bicos; tódalas mulleres querían acariciala, con aquela necesidade de tenra expansión, aquel hábito profesional de garatuxas que no vagón fixera que todas bicaran os parrulos. Cada unha sentouna nos xeonllos, sobou os seus finos cabelos louros, apertouna contra si con impulsos de afecto vehemente e espontáneo. A nena, en actitude bondadosa, completamente mergullada na piedade, como pechada pola absolución, deixábase ir, con paciencia e abstraída.

A xornada fora moi penosa para todos e deitáronse inmediatamente despois de cear. Aquel silencio ilimitado dos campos, que semellaba case relixioso, envolvía a pequena vila, un silencio tranquilo, penetrante e amplo ata os astros. As mozas, acostumadas ós seráns tumultuosos da casa pública, sentíanse emocionadas por aquel mudo repouso do campo adormecido. Pola súa pel corrían estremecementos, non de frío, senón estremecementos de soidade chegados do corazón inquieto e turbado.

Tan axiña como se meteron na cama, de dúas en dúas, abrazáronse como para defenderse contra aquela

invasión de calma e profundo sono da terra. Pero Rosa, a Raposa, soa no seu cuartíño escuro e pouco habituada a durmir sen abrazar a ninguén, sentiuse sobrecollida por unha emoción vaga e penosa. Daba voltas na cama sen conseguir quedar durmida cando oíu, a través do tabique de madeira xusto detrás da súa cabeza, uns febles saloucos, coma os dun neno que chora. Asustada, chamou moi baixiño e unha vociña entrecortada respondeulle. Era a rapaciña que, como estaba afeitada a durmir no cuarto de súa nai, tiña medo no seu catre estreito.

Rosa, enfeitizada, ergueuse e moi de vagar, para non espertar a ninguén, foi busca-la nena. Levouna á súa cama quentiña, apertouna contra o seu peito e, abrazándoa, aloumiñouna e envolveuna cunhas esaxeradas e tenras manifestacións; logo calmouse ela mesma e quedou durmida. E ata que abriu o día a comungante descansou a súa fronte no seo nu da prostituta.

A partir das cinco, co *Angelus*, a campaña da igrexa repenicando ó vento espertou aquelas donas que adoitaban durmir durante toda a mañá, único repouso das fatigas nocturnas. Os veciños do lugar xa se ergueran. As mulleres da vila trasfegaban de porta en porta, parolando animadamente, levando con cautela vestidos curtos de muselina amidonados como cartón, ou cirios enormes, cun nó de seda adornado de ouro no centro e unhas marcas de cera que indicaban o sitio da man. O sol, xa alto, brillaba nun ceo completamente azul que conservaba cara ó horizonte un ton un pouco rosáceo, como un feble vestixio do albor. Grupos de galiñas paseaban por diante das súas casas e a cada pouco un galo negro de pescozo reluciente erguía a cabeza cuberta de púrpura, batía as ás e lanzaba ó vento o seu canto de cobre que repetían os outros galos.

Dos municipios veciños chegaban carretas que descargaban no limiar das portas altas normandas vestidas de escuro, cun mantón cruzado sobre o peito e abrochado cunha xoia de prata secular. Os homes vestiran a camisa azul por riba da levita nova ou do vello traxe de pano verde con dous faldróns que sobresaían.

Cando os cabalos chegaron á corte, houbo así ó longo da estrada principal unha dobre liña de carriolas rústicas, carretas, cabriolés, tílburis, carros con bancos, coches de tódalas feituradas e de tódalas idades, tombados pola cabezalla ou ben co cu no chan e os varais cara ó ceo.

A casa do carpinteiro bulía coma unha colmea. Aquelas donas, con chambra e enaguas, os cabelos caídos sobre as costas, cabelos finos e curtos coma se estivesen deslustrados e raídos polo uso, ocupábanse de vesti-la nena.

A cativa, de pé sobre unha mesa, non se movía, mentres que a señora Tellier dirixía os movementos do seu batallón voante. Lavárona, peiteárona, puxéronlle o pano da cabeza, vestírona e, coa axuda de moitos alfinetes, ordenáronlle os pregues do vestido, axustáronlle o talle demasiado longo e organizáronlle a elegancia da vestimenta. Logo, cando todo rematou, mandaron sentar á paciente e recomendáronlle que non se movese; e a axitada tropa de mulleres foi correndo a amañarse á súa vez.

A pequena igrexa volvía empezar a tocar. O seu feble repenique de campá triste subía ata perderse no ceo, coma unha voz demasiado feble, axiña afogado na inmensidade azul.

Os comungantes saían das portas, ían cara ó edificio municipal que contiña as dúas escolas e a casa do Concello, que estaba situada no extremo da vila, mentres que a "casa de Deus" ocupaba o outro extremo.

Os pais, vestidos de festa cunha fisionomía campesiña e con aqueles xestos torpes dos corpos sempre engoumados sobre o traballo, seguían os seus rapaces. As mociñas desaparecían nunha nube de tule neveiro, semellante á manteiga batida, mentres que os mociños, semellantes a uns embrións de camareiros de café, co pelo con brillantina, camiñaban coas pernas separadas, para non mancha-los seus pantalóns negros.

Era unha gloria para unha familia cando un número de parentes, vidos de lonxe, rodeaban ó neno. O triunfo do carpinteiro tamén foi completo. O rexemento Tellier, coa xefa á cabeza, seguía a Constance; o pai levaba do brazo á súa irmá e a nai camiñaba ó lado de Rafaela, Fernanda con Rosa, e as dúas Bombas xuntas, a tropa despregábase maxestosamente como un estado maior en uniforme de gala.

O efecto na vila foi fulminante.

Na escola, as nenas colocáronse baixo a touca da monxa, os nenos baixo o chapeo do mestre, un home guapo que ía de representante; e botáronse a andar empezando unha cántiga.

Os rapaciños que ían á cabeza alongaban as súas dúas filas por entre as dúas fileiras de coches desenganchados e as rapaciñas seguíanos na mesma orde; os veciños, cedíanlle-lo paso ás donas da vila por consideración e estas ían inmediatamente despois dos nenos, prolongando máis a dobre liña da procesión, tres á dereita e tres á esquerda, coa súa vestimenta esplendorosa como un ramallete de fogos de artificio.

A súa entrada na igrexa alporizou á poboación. Empurraban, revirábanse e facían piñas para velas. E as

beatas falaban case en voz alta, estupefactas polo espectáculo daquelas donas máis emperiquitadas cás casulas dos chantres. O alcalde ofrecéulle-lo seu banco, o primeiro banco da dereita ó pé do coro, e a señora Tellier sentou alí coa súa cuñada, Fernanda e Rafaela. Rosa, a Raposa, e as dúas Bombas ocuparon o segundo banco na compañía do carpinteiro.

O coro da igrexa estaba cheo de nenos axeonllados, as nenas dun lado, os nenos do outro, e os longos cirios que levaban na man semellaban lanzas inclinadas en tódolos sentidos.

Diante do atril, tres homes de pé cantaban con voz vigorosa. Prolongaban indefinidamente as sílabas do latín sonoro, eternizando os *amén* cuns *a-a* indefinidos que o serpentón sostíña coa súa voz monótona lanzada sen fin, muxida polo instrumento de cobre de ancha boca. A voz aguda dun neno daba a réplica e, de cando en vez, un crego sentado nunha cadeira do coro e toucado cun bonete cadrado erguíase farfallando algo e sentaba outra vez, mentres que os tres chantres volvían empezar, cos ollos cravados no groso libro de canto aberto diante deles e sostido polas ás despregadas dunha aguia de madeira montada sobre un pivote.

Logo, veu o silencio. Toda a concorrencia, cun movemento compasado, púxose de xeonllos, e apareceu o oficiante, vello, venerable, co pelo branco, inclinado sobre o cáliz que levaba na man esquerda. Diante del camiñaban os dous acólitos vestidos de vermello e detrás apareceu unha multitude de chantres con zapatos grandes que se foron aliñar ás dúas beiras do coro.

Unha campaiña tintinou no medio dun gran silencio. O oficio divino comezaba. O crego circulaba de vagar por diante do tabernáculo de ouro, facía xenuflexións, salmodiaba coa súa voz crebada, tremeluciente pola vellez, os rezos preparatorios. Nada máis calar, tódolos chantres e o serpentón estalaban á vez, e os homes tamén cantaban na igrexa, cunha voz menos forte, máis humilde, como deben canta-los axudantes.

De súpeto, o *Kyrie eleison* abrollou cara ó ceo, empuxado por tódolos peitos e tódolos corazóns. Graos de po e anacos de madeira abichada caeron mesmo da bóveda antiga sacudida por aquela explosión de berros. O sol, que batía contra as lousas do tellado, convertía nun forno a pequena igrexa; e unha grande emoción, unha espera ansiosa, a proximidade do inefable misterio, oprimían o corazón dos nenos e apertaban a gorxa das súas nais.

O crego, que sentara durante algún tempo, volveu subir ó altar e, sen nada na cabeza, unicamente cuberta por uns cabelos prateados, con xestos trémulos, achegábase ó acto sobrenatural.

Volveuse cara ós fieis e coas mans tendidas cara a eles, pronunciou: "*Orate fratres*, orade, irmáns". E todos se puxeron a rezar. O vello crego balbucía agora en voz moi baixa as palabras misteriosas e supremas; a campaiña tintinaba sen parar, mentres a multitude prosternada se dirixía a Deus; os nenos desfalecían cunha ansiedade desmesurada.

Foi daquela cando Rosa, coa fronte entre as mans, se acordou de súpeto de súa nai, da igrexa da súa aldea e da súa primeira comunión. Pensou que volvía a aquel día, cando era tan pequena, completamente afogada no seu traxe branco, e púxose a chorar. Ó primeiro chorou docemente; as bágoas preguiceiras saían das súas pálpebras, logo, coas súas lembranzas, a súa emoción aumentou, e, co colo inchado e o peito latexante, xemeu. Sacara o pano de man e enxugaba os ollos e tapaba o nariz e a boca para non berrar: foi inútil; da súa gorxa saíu unha especie de estertor ó que responderon outros dous suspiros profundos e esgazadores; pois as súas dúas veciñas, inclinadas cara a ela, Luísa e Flora, ensumidas nas mesmas lembranzas afastadas xemían ó mesmo tempo con borbollóns de bágoas.

Pero como as bágoas son contaxiosas, a *madame*, á súa vez decatouse axiña que tiña as pálpebras húmidas e, volvéndose cara á súa cuñada, viu que todo o seu banco choraba tamén.

O crego estaba co Sacramento. Os nenos xa non pensaban, botados sobre as lousas por unha especie de medo devoto; e, na igrexa, de acó para aló, unha muller, unha nai, unha irmá, estarecidas pola estraña simpatía das emocións dolorosas, trastornadas tamén por aquelas fermosas donas de xeonllos a quen sacudían calafríos e impos, humedecían os panos de man de indiana de cadros e, coa man esquerda, apertaban con violencia o seu corazón saltareiro.

Como a muxica que prende lume nun campo seco, as bágoas de Rosa e das súas compañeiras estendéronse de contado a toda a multitude. Homes, mulleres, vellos, mozos con camisa nova, axiña se botaron a chorar e sobre as súas cabezas semellaba planar algo sobrenatural, unha alma espaxada, o sono prodixioso dun ser invisible e todopoderoso.

Naquel momento, no coro da igrexa resoou un golpiño seco: a monxiña, petando no seu libro, daba o sinal para a comunión; e os nenos, atecidos por unha febre divina, fóronse achegando á santa mesa.

Unha fileira completa axeonllábase. O vello cura, sostendo coa man o copón de prata dourada, pasaba por diante deles, ofrecéndolles, entre dous dedos, a hostia consagrada, o corpo de Cristo, e a redención do mundo. Abrían a boca con espasmos, xestos nerviosos, os ollos pechados, a cara completamente pálida; e o

longo lenzo estendido por debaixo dos seus queixos tremía como a auga que corre.

De súpeto, a igrexa foise impregnando dunha especie de loucura, un runrún de multitude delirando, unha tempestade de saloucos con berros afogados. Aquilo pasou como os golpes de vento que dobran as árbores; e o cura seguía ó alto, inmóbil, cunha hostia na man, paralizado pola emoción, dicindo para si: "É Deus, é Deus quen está entre nós, quen manifesta a súa presenza, quen coa miña chamada descende sobre o seu pobo axeonllado". E balbucía pregarías enlouquecidas, sen atopar-las palabras, as pregarías da alma, nun irado pulo cara ó ceo.

Rematou de da-la comunión cunha tal sobreexcitación de fe que as súas pernas desfalecían e, cando bebeu o sangue do Señor, botouse a perder nun arroutado acto de agradecemento.

Detrás del, a xente íase calmando pouco a pouco. Os chantres, que ganaban en dignidade coa sobrepeliz branca, volvían cantar cunha voz menos segura, aínda emocionada; e tamén o serpentón semellaba enrouquecido coma se o mesmo instrumento tivese chorado.

Entón, o cura, erguendo as mans fixo un aceno para que calasen e pasando por entre as dúas fileiras de comungantes perdidos nun éxtase de felicidade, achegouse ata o enreixado do coro.

Os alí reunidos sentaran entre un ruído de cadeiras e, naquel momento, todo o mundo se asoaba con forza. A partir do momento en que viron ó crego, fíxose o silencio e el comezou a falar nun ton moi baixo, dubitativo, velado. "Meus queridos irmáns, miñas queridas irmás, agradézovolo desde o máis fondo do meu corazón; acabades de darme a máis grande ledicia da miña vida. Sentín que, á miña chamada, Deus descendía sobre nós. Chegou, estaba aquí, presente, enchía as vosas almas e facía reborda-los vosos ollos. Eu son o crego máis vello da diocese, e hoxe son tamén o máis feliz. Ocorreu un milagre entre nós, un verdadeiro, un grande e sublime milagre. Mentres que Xesucristo penetraba por vez primeira no corpo destes rapaciños, o Espírito Santo, o paxaro celestial, o hálito de Deus, abateuse sobre vós, apoderouse de vós, curvados como canaveiras baixo a brisa."

Despois, cunha voz máis clara, volvéndose cara ós dous bancos onde se atopaban os invitados do carpinteiro, dixo: "Gracias sobre todo a vós, miñas queridas irmás, que viñestes de tan lonxe, pola vosa presenza, pola vosa fe visible, pola vosa piedade tan viva que foi para todos un saudable exemplo. Sóde-la edificación da miña parroquia; a vosa emoción aqueceu os corazóns; sen vós, quizais este gran día non tería este carácter verdadeiramente divino. Abonda ás veces cunha soa ovella das mellores para que El Señor se decida a descender sobre o rabaño."

A voz comezaba a fallarlle. Engadiu: "Esa é a gracia que eu vos desexo." E botouse a andar cara ó altar para remata-lo oficio.

Naquel momento todos tiñan présa por marchar. Os nenos estaban intranquilos, cansos por unha tensión de ánimo tan prolongada. Ademais tiñan fame, e os pais pouco a pouco ían saíndo, sen espera-lo último evanxeo, para remata-los preparativos da festa.

A saída foi en tropel, un tropel ruidoso, un balbordo de voces berronas que manifestaban un acento normando. A poboación formaba dúas fileiras e, cando apareceron os nenos, cada familia precipitouse cara ó seu.

Constanza atopouse agarrada, rodeada e bicada por tódalas mulleres da casa. Rosa, sobre todo, non paraba de abrazala. Finalmente, colleulle a man e *madame* Tellier colleulle a outra; Rafaela e Fernanda ergueron a súa longa saia de muselina para que non se arrastrase polo po; Luísa e Flora pechaban a marcha coa señora Rivet; e a nena, embebida polo Deus que levaba dentro, púxose a andar no medio daquela escolta de honra.

No taller, o festín estaba servido sobre longas táboas sostidas por traveseiros.

A porta aberta, que daba á rúa, deixaba entrar toda a ledicia da aldea. Todo o mundo gozaba. Por cada ventá percibíanse mesas de xente endomingada e saían berros das casas que estaban de troula. Os campesiños, en mangas de camisa, bebían vasos cheos de sidra pura, e no medio de cada grupo víanse dous nenos, dúas nenas por alí e, máis lonxe, dous mozotes, comendo na casa dunha das dúas familias.

Ás veces, baixo a pesada calor do mediodía, en charabán atravesaba a aldea co trote altareiro dun vello faco e o home con camisa que o conducía botaba unha ollada de envexa a toda aquela xente de xolda.

Na vivenda do carpinteiro, a ledicia conservaba certo aire de pudor, un resto da emoción da mañá. Rivet era o único que estaba animado e bebía sen medida. *Madame* Tellier ollaba a hora a cada pouco, porque, para non estar ociosas dous días seguidos, tiñan que volver colle-lo tren das tres e cincuenta e cinco, que as deixaría en Fécamp á tardiña.

O carpinteiro facía todo o posible para desvia-la súa atención e reter á súa xente deica o día seguinte; pero a *madame* non se deixaba distraer; e nunca se chanceaba cando se trataba de negocios.

Xusto despois de toma-lo café, ordenou ás súas protexidas que se amañasen canto antes; despois, volvéndose cara ó seu irmán dixo: "Ti vaite axiña engancha-los cabalos"; e ela mesma foi remata-los seus preparativos.

Cando volveu baixar, a súa cuñada esperaba por ela para falarlle da pequena; e tivo lugar unha longa conversa sen que se resolvese nada. A campesiña entrapallaba, falsamente entenrecida e *madame* Tellier, que tiña unha nena no colo, non se comprometía a nada e comprometíase a medias: xa se ocuparían dela, aínda tiñan tempo, e xa se volverían ver.

Sen embargo o coche non daba chegado e as mulleres non baixaban. Mesmo se oían unhas grandes risadas que viñan do sobrado, empuxóns, berros e aplausos. Entón, mentres que a muller do carpinteiro se dirixía á corte para ver se a carruaxe estaba lista, a *madame*, finalmente, subiu.

Rivet, moi bébedo e medio espido, intentaba, pero sen resultados, abusar de Rosa que se partía de risa. As dúas Bombas agarrábano polos brazos e intentaban calmalo, sorprendidas por esta escena despois da cerimonia da mañá; pero Rafaela e Fernanda excitábano, retorcéndose de ledicia, agarrándoo polos costados; e botaban berros agudos cada vez que o borracho facía un esforzo inútil. O home, furioso, coa cara vermella, completamente escotado, sacudindo con esforzos violentos as dúas mulleres enganchadas nel, tiraba con tódalas súas forzas da saia de Rosa farfallando: "Candongá, ¿non queres?". Pero a *Madame*, indignada, lanzouse contra el, colleu a seu irmán polos ombreiros e arrebolouno con tanta violencia que foi bater contra a parede.

Un minuto despois oíase no curral como botaba auga pola cabeza; e cando reapareceu na carreta, estaba completamente sosegado.

Puxéronse en camiño como a véspera e o cabaliño branco botouse a andar con paso vivo e saltareiro.

Baixo o sol ardente, íase desprendendo a ledicia adurmiñada durante o xantar. As mozas divertíanse agora cos tombos da carriola, empuxaban mesmo as cadeiras das veciñas e estalaban coa risa a cada pouco, provocada polas inútiles tentativas de Rivet.

Unha luz louca enchía os campos, unha luz que cegaba a vista; e as rodas levantaban dous sucos de po que continuaban durante un bo anaco facendo un remuíño detrás do coche sobre a estrada.

De súpeto, Fernanda, a quen lle gustaba a música, suplicoulle a Rosa que cantase; e esta empezou con garbo o *Gordo cura de Meudon*. Pero *madame* mandouna calar de contado, pois pensaba que aquela cántiga era pouco conveniente para aquel día. E engadiu: "Cántanos máis ben algo de Béranger". Entón Rosa, despois de vacilar uns segundos, escolleu, e da súa voz gastada comezou *A avoa(1)*:

Ma grand-mère, un soir à sa fête,

De vin pur ayant bu deux doigts,

Nous disait, en branlant la tête:

Que d'amoureux j'eux autrefois!

Combien je regrette

Mon bras si dodu,

Ma jambe bien faite,

Et le temps perdu!

E o coro das moza, que a mesma *madame* dirixía, continuou:

Combien je regrette

Mon bras si dodu

Ma jambe bien faite

Et le temps perdu!

"¡Iso si que está ben!", afirmou Rivet, acendido pola cadencia; e Rosa continuou de seguido:

Quoi, maman, vous n'étiez pas sage?

- Non, vraiment!, et de mes appas,

Seule, à quinze ans, j'appris l'usage

Car, la nuit, je ne dormait pas.

(1) A miña avoa, nun serán o día do seu santo,
despois de beber dous dedos de viño puro,
dicíanos, movendo a cabeza:
¡Cántos namorados tiven noutro tempo!
¡Cánto boto de menos
Os meus brazos gordechos,
as miñas pernas ben feitas,
E o tempo perdido!
"¿O qué, mamá, vostede non era formal?
–Non, desde logo, e os meus encantos,
só, ós quince anos, aprendín a facer uso deles.
Porque, de noite, non durmía."

Todos xuntos berraron o refrán; e Rivet batía co pé sobre a cheda, levaba o compás coas rendas sobre o lombo do faco branco que, coma se el mesmo se vise levado polo brío do ritmo, botouse ó galope, un galope axitado, que precipitaba aquelas donas amoreadas unhas enriba doutras ó fondo do coche.

Erguéronse rindo coma tolas. E a canción continuou, cantada a berros mentres atravesaban a campiña, baixo un ceo ardente, por entre as colleitas que madurecían, ó paso rabioso do cabaliño que se embalaba agora a cada repetición do refrán e picaba cada vez os seus cen metros ó galope, para gran ledicia dos viaxeiros.

A cada pouco, algún canteiro erguíase e miraba a través da súa careta de arame aquela carreta rabiosa e brudadora levada pola nubrada de po.

Cando descenderon diante da estación, o carpinteiro emocionouse: "Mágoa que marchedes, seguro que iamos divertirnos moito."

Madame respondeulle sensatamente: "Cada cousa ó seu tempo, non se pode estar sempre de xolda". Entón, unha idea iluminou a mente de Rivet: "Ah, ireivos ver a Fécamp o mes que vén –dixo–. E ollou para Rosa con aceno raposeiro, cunha ollada brillante e maliciosa. "Veña, hai que ser serios –respondeu a *madame*–. Ven cando queiras, pero non fagas parvadas".

Non respondeu, e como se escoitaba asubia-lo tren, púxose de contado a bicar a todo o mundo. Cando lle tocou a quenda a Rosa, empeñouse en busca-la súa boca que ela, rindo cos beizos pechados, lle esquivaba a cada paso cun rápido movemento de costado. El tíñaala nos seus brazos; pero non podía conseguilo, porque llo impedía o seu gran látego que conservaba na man e que, nos seus esforzos, axitaba desesperadamente por detrás das costas da moza.

"Para Ruán, viaxeiros ó tren", berrou o empregado. Elas subiron.

Oíuse un leve asubío, e repetiu axiña outro asubío máis forte a máquina que cuspía ruidosamente o primeiro chorro de vapor mentres que as rodas comezaban a xirar un pouco cun esforzo visible.

Rivet, ó abandona-lo interior da estación, correu á barreira para ver outra vez a Rosa; e cando o vagón cheo daquela mercadoría humana pasaba por diante del, púxose a facer estala-lo seu látego brincando e cantando con tódalas súas forzas ²:

Combien je regrette

Mon bras si dodu

Ma jambe bien faite

Et le temps perdu!

2 ¡Cánto boto de menos

os meus brazos gordechos,

as miñas pernas ben feitas,

e o tempo perdido!

Logo, ollou cómo se afastaba un pano branco que alguén axitaba.

III

Durmiron ata que chegaron, co sono apracible das consciencias satisfeitas; e cando regresaron ó fogar, descansadas e recuperadas para a faena de cada serán, a *madame* non puido evitar dicir: "É igual, xa estaba un pouco aburrída daquela casa."

Cearon axiña e despois, cando puxeron os vestidos de combate, esperaron polos clientes habituais; e o faroliño aceso, o faroliño da Virxe, indicaba ós que pasaban que o rabaño volvera ó curro.

A novidade estendeuse, non se sabe cómo nin a través de quén, nun chiscar de ollos. Philippe, o fillo do banqueiro, levou mesmo a súa cortesía ata o punto de avisar cun recado urxente ó señor Tournevau, prisioneiro da súa familia.

O da salgadeira tiña precisamente cada domingo varios curmáns para cear e estaban tomando café cando se presentou un home cunha carta na man. O señor Tournevau, moi emocionado, rompeu o sobre e palideceu: só había estas palabras escritas a lapis: "*Cargamento de bacallao atopado; navío atracado no porto; bo negocio para vostede. Veña axiña.*"

Remexeu nos seus petos, deulle vinte céntimos ó portador e, ruborizándose inesperadamente ata as orellas, dixo: "Cómpre que saia." E deulle á súa dona a nota lacónica e misteriosa. Tocou o timbre e cando apareceu a criada dixo: "Axiña, axiña, o meu abrigo e o meu chapeo". Nada máis chegar á rúa botou a correr asubiando unha cantiga, e pareceulle que o camiño era dúas veces máis longo, tal era a súa impaciencia.

O establecemento Tellier presentaba un aspecto festeiro. Na planta baixa as voces barulleiras dos homes do porto producían un balbordo enxordecedor. Luísa e Flora non sabían a quen responder, bebían con estes, bebían con aqueles, e merecían máis ca nunca o alcume das "dúas Bombas". Chamábanas á vez de tódalas partes: elas xa non daban dabondo naquela tarefa, e a noite anunciábaselles laboriosa.

O cenáculo do primeiro estaba completo desde as nove. O señor Vasse, xuíz do tribunal de comercio, o pretendente habitual pero platónico da *madame*, falaba en baixo con ela nun recuncho; e os dous sorrían coma se estivesen a piques de chegar a un acordo. O señor Poulin, o antigo alcalde, sostiña a Rosa a cabalo das súas pernas; e ela, cara a cara con el, paseaba as súas mans curtas polas brancas patillas do homiño. Un anaco de coxa espida saía por debaixo da saia remangada de seda amarela, cortando o pano negro do pantalón, e unhas xarreteiras azuis suxeitaban as medias vermellas, agasallo do viaxante de comercio.

A fascinante Fernanda, deitada no sofá, tiña os dous pés sobre a barriga do señor Pimpesse, o recadador e o torso enriba do chaleco do xove Philippe, a quen ela lle collía o perscozo coa man dereita, mentres que coa esquerda sostiña un cigarro.

Rafaela semellaba estar en tratos co señor Dupuis, o axente de seguros, e rematou a conversa con estas palabras: "Si, queridiño, este serán, acepto". Logo, dando ela soa unha volta de valse a través do salón, dixo berrando: "Este serán, todo o que queirades".

A porta abriuse bruscamente e apareceu o señor Tournevau. Estouparon uns berros de entusiasmo: "¡Viva Tournevau!". E Rafaela, que non paraba de dar voltas sobre si, foi caer sobre o seu corazón. El colleuna cun formidable abrazo e, sen dicir unha palabra, erguéndoa do chan coma a unha pluma, cruzou o salón, chegou á porta do fondo e desapareceu pola escaleira dos cuartos coa súa pesada carga viva, en medio de aplausos.

Rosa, que provocaba ó ex-alcalde, dándolle bicos sen tregua e tirándolle das patillas ó mesmo tempo para manter dereita a súa cabeza, aproveitou o exemplo: "¡Veña, fai coma el!", dixo. Entón, o homiño ergueuse e, axustando o chaleco, seguiu á moza remexéndolle nos petos onde durmían os seus cartos.

Fernanda e a *Médame* quedaron soas cos catro homes e Philippe exclamou: "Unha volta de champaña á miña conta. Señora Tellier, mande buscar tres botellas".

Entón Fernanda, dándolle un abrazo, pediulle ó oído: "Imos bailar, eh, ¿queres?". El ergueuse e, sentando diante da espineta secular durmida nun ángulo, empezou a tocar un valse, un valse rouco, queixoso, do ventre choromiqueiro do instrumento. A aparatosa moza enlazou ó recadador, a *madame* abandonouse nos brazos do señor Vasse; e as dúas parellas xiraron intercambiándose bicos. O señor Vasse, que xa levaba

bailado moito, facía figuras, e a *madame* miraba para el con ollos enfeitizados, con eses ollos que din "sí", ¡un "sí" máis discreto e delicioso ca unha palabra!

Frédéric trouxo o champaña. Saltou o primeiro tapón e Phillipe executou a invitación dun grupo.

Os catro bailaríns puxéronse a bailar de maneira mundana, de modo conveniente, con dignidade, con finos modais, reverencias e saúdos.

Despois disto puxéronse a beber. Entón volveu aparece-lo señor Tournevau, satisfeito, aliviado e radiante. Exclamou: "Non sei o qué ten Rafaela, pero está perfecta esta noite". Logo, como lle tendían unha copa, bebeuna dun grolo murmurando: "¡Carafio, isto si que é un luxo!".

De contado, Phillipe comezou unha movida polca e o señor Tournevau lanzouse coa fermosa xudía a quen sustiña no aire, sen deixar que os seus pés tocasen o chan. O señor Pimpesse e o señor Vasse volveron con novos folgos. De cando en vez, unha das parellas parábase preto da cheminea para dar conta dunha copa de viño espumoso; e aquela danza ameazaba con eternizarse, cando Rosa entreabriu a porta cunha palmatoria na man. Viña co cabelo solto, de chancletas, en camisa, moi animada e completamente acendida. "Quero bailar", exclamou. Rafaela preguntou: "¿E o teu amigo?". Rosa riu ás gargalladas: "¿O meu amigo? Está durmindo, en seguidiña quedou durmido." Colleu ó señor Dupuis, que quedara sen facer nada no diván, e a polca volveu comezar.

Pero as botellas estaban baleiras: "Convido eu a unha rolda", dixo o señor Tournevau. "E eu tamén", engadiu o señor Vasse. "Pois eu tamén", rematou o señor Dupuis. Entón todos aplaudiron..

Aquilo íase poñendo ó xeito e convertíase nun verdadeiro baile. Mesmo, de cando en cando, Luísa e Flora subían rapidamente, daban de contado unha volta de valse, mentres os seus clientes, abaixo, se impacientaban; logo volvían correndo ó seu café, co corazón cheo de mágoa.

Á media noite seguían bailando. Ás veces, unha das mozas desaparecía e cando buscaban por ela para facerlle unha confidencia, decatábanse de súpeto que un dos homes tamén faltaba.

"¿De onde vides?", preguntaba con gracia Philippe, xusto no momento en que o señor Pimpesse volvía con Fernanda. "De ver cómo durmía Poulin", respondeu o recadador. A palabra tivo un éxito enorme; e todos, un atrás doutro, subiron a ver cómo durmía o señor Poulin cunha ou con outra das mozas, que amosaron aquela noite unha compracencia inconcibible. A *madame* pechaba os ollos; e tifa nos recunchos longos apartes co señor Vasse, coma se arranxasen os detalles dun asunto xa falado.

Finalmente, á unha, os dous homes casados, o señor Tournevau e o señor Pimpesse, declararon que se retiraban e quixeron paga-la conta. Só lles cobraron o champaña e, aínda así, a seis francos a botella no canto de dez francos, que era o prezo normal. E como se estrañaron daquela xenerosidade, a *madame*, radiante, respondeu:

"Non tódolos días son de festa".

(1881)

Guy de Maupassant

Contos

Versión galega de Emma Lázare Rodríguez

Mademoiselle Fifi

O tenente coronel, conde de Farlsberg, comandante prusiano, remataba de le-lo seu correo, apoltronado nunha gran butaca de tapicería e cos pés, calzados cunhas botas, sobre o elegante mármore da cheminea, onde as esporas trazaran dous sucos profundos, un pouco máis marcados cada día, durante os tres meses que levaba ocupando o castelo de Uville.

Unha cunca de café fumegaba sobre un velador de marquetería maculado polos licores, queimado polos cigarros, raiado polo canivete do oficial conquistador que, ás veces, ó terminar de afia-lo lapis, trazaba sobre o gracioso mobile cifras ou debuxos, segundo a fantasía da súa imaxinación indolente.

Cando rematou de le-las cartas e de botar unha ollada ós xornais alemáns que o cabo carteiro lle acababa de traer, levantouse e, despois de deitar no lume tres ou catro enormes achas de leña verde, pois aqueles señores cortaban pouco a pouco o parque para quentarse, achegouse á ventá.

A choiva caía a canados, unha choiva normanda que parecía lanzada por unha man furiosa, choiva nesgada, mesta coma unha cortina, formando unha sorte de parede a raias oblicuas, choiva que xostreaba, salpicaba, afogaba todo, unha auténtica choiva dos arredores de Ruán, ese ouriñal de Francia.

O oficial contemplou un bo anaco o céspede anegado e, alá abaixo, o Andelle inchado que se desbordaba; e tamborilaba contra o cristal un valse do Rin, cando un ruído o fixo volverse: era o seu segundo, o barón de Kelweingstein, que tiña o grao equivalente ó de capitán.

O tenente coronel era un xigante, ancho de ombros, provisto duna longa barba en abano que formaba un mantel sobre o seu peito; e toda a súa alta persoa solemne espertaba a idea dun pavón militar, un pavón que levase a súa cola despregada no queixelo. Tiña uns ollos azuis, fríos e doces, unha meixela fendida dunha sabrada na guerra de Austria e dicíase del que era tan bo home coma bo oficial.

O capitán, baixo, coloradote, de gran bandullo cinguido á forza, levaba case rapada a súa barba ardente, os fíos de lume da cal, cando se atopaban baixo certos reflexos, podían facer cre-la súa cara refregada con fósforo. Dous dentes perdidos nunha noite de xolda, sen que el se lembrase exactamente cómo, facían que cuspise unhas palabras pastosas que non sempre se entendían; e estaba calvo só do cumio do cranio, tonsurado coma un frade, cunhas guedellas de peliños rizados, dourados e lustrosos, arredor daquel cerco de carne espida.

O comandante apertoulle a man e tomou dun golpe a súa cunca de café (a sexta desde a mañá), mentres escoitaba o informe do seu subordinado sobre os incidentes acaecidos no servizo; logo achegáronse ámbolos dous de novo á ventá declarando que o panorama non era moi ledo. O tenente coronel, home tranquilo, casado no seu país, acomodábase a todo; pero o barón capitán, tenaz vividor, amante dos tugurios, furibundo libertino, rabiaba de estar pechado desde había tres meses na obrigada castidade daquel posto perdido.

Como petaran á porta, o comandante deu o seu permiso para entrar e un home, un dos seus soldados autómatas, apareceu no limiar, anunciando coa súa soa presenza que o xantar estaba listo.

Na sala atoparon os outros tres oficiais de menor graduación: un tenente, Otto de Grossling; dous subtenentes, Fritz Scheunaubourg e o marqués Wilhem d'Eyrík, un pequeniño louro orgulloso e brutal cos homes, duro cos vencidos e violento coma unha arma de fogo.

Desde que entrara en Francia, os seus camaradas só lle chamaban mademoiselle Fifi. Este alcume víñalle do seu talante coqueto, do seu van fino que parecía suxeito nun xustillo, da súa cara pálida na que o bigote nacente a penas se notaba e tamén polo costume que adoptara, para expresa-lo seu soberano desprezo polos seres e polas cousas, de empregar en todo momento a locución francesa – *fi, fi, donc*, que pronunciaba cun lixeiro asubío.

O comedor do castelo de Uville era unha sala longa e rexia con espellos de cristal antigo, crebados polas balas, con altos tapices de Flandres, crebados a sabradas e colgando por algunhas partes, que falaban das ocupacións de mademoiselle Fifi nas súas horas de ocio.

Nas paredes, tres retratos de familia, un guerreiro con armadura, un cardeal e un presidente, fumaban longas pipas de porcelana, mentres que no seu marco desdourado polos anos, unha nobre dama co peito apertado mostraba con aire arrogante un enorme par de bigotes feitos a carbón.

E o xantar dos oficiais transcorreu case en silencio naquela estancia mutilada, escurecida pola chuvia, desoladora polo seu aspecto vencido e da que o vello parqué de carballo se tornara sórdido coma o piso dunha taberna.

Á hora do tabaco, cando comezaron a beber, ó remate da comida, puxéronse a falar do seu aburrimiento, igual ca todos os días. As botellas de coñac e de licores pasaban de man en man; e todos, estomballados nas cadeiras, sorbían a grolíños repetidos, mantendo nun canto da boca a longa boquilla curvada que remataba no ovo de porcelana, moi repintado como para seducir hotentotes.

Ó que a copa quedaba baleira, volvíana encher cun xesto de cansazo resignado. Pero mademoiselle Fifi, a cada vez, rompía a súa e un soldado presentáballe inmediatamente outra.

Unha nube de fume acre afogábaos e parecían afundirse nunha borracheira somnolenta e tristona, nesa embriaguez taciturna da xente que non teñen nada que facer.

Pero, de súpeto, o barón ergueuse. Impulsado por unha rebeldía, xurou:

—¡Maldita sexa!, isto non pode seguir así, cómpre inventar algo dunha vez.

O tenente Otto e o subtenente Fritz, dous alemáns dotados de fisionomías eminentemente alemanas pesadas e graves responderon ó mesmo tempo:

—¿O que, meu capitán?

El reflexionou uns segundos, despois replicou:

—¿O que? Pois, hai que organizar unha festa, se o comandante o permite.

O tenente coronel sacou a pipa da boca:

—¿Que festa, capitán?

O barón aproximouse:

—Eu encárgome de todo, meu comandante. Enviarei ata Ruán ó *Deber*, que nos traerá unhas damas; sei ónde ir por elas. Prepararémo-la cea aquí; non falta de nada, por certo, e, polo menos, pasaremos unha boa

velada.

O conde de Farlsberg alzou os ombros mentres sorría:

—Vostede está tolo, amigo meu.

Pero tódolos oficiais se ergueran, rodeaban ó xefe suplicándolle:

—Deixe ó capitán, meu comandante, ¡isto é tan tristeiro!

Por fin o tenente coronel cedeu:

—¡De acordo! —dixo.

E inmediatamente o barón mandou chamar ó *Deber*. Este era un vello suboficial ó que nunca se vira rir, pero que cumpría fanaticamente tódalas ordes dos seus xefes, fosen as que fosen.

De pé, co seu rostro impasible, recibiu as instrucións do barón; despois saíu; e, cinco minutos máis tarde, unha gran carruaxe militar, cuberta cun toldo de muiñeiro tensado coma unha tenda, saía a todo correr baixo unha choiva asañada, tirado por catro cabalos ó galope.

De seguida, un movemento reanimador pareceu percorre-los espíritos; as posturas lánguidas endereitáronse, as caras animáronse e puxéronse a parolar.

Aínda que a chuvieira continuase coa mesma furia, o tenente coronel afirmou que había menos escuridade e o tenente Otto anunciaba con convicción que o ceo ía despexar. A mesma Mademoiselle Fifi parecía non ter acougo. Levantábase, volvía sentar. O seu ollo, claro e duro, buscaba algo que romper. De pronto, fitando a dama dos bigotes, o pequeno louro sacou o revólver.

—Ti non o has ver —dixo.

E, sen abandona-lo asento, apuntou. Dúas balas rebentaron sucesivamente os dous ollos do retrato.

Despois exclamou:

—¡Fagámo-la mina!

E bruscamente tódalas conversas se interromperon coma se un interese poderoso e novo se tivese apoderado de todo o mundo.

A mina era o seu invento, a súa maneira de destruír, a súa diversión preferida.

Ó deixa-lo seu castelo, o lexítimo propietario, o conde Fernand d'Amoys d'Uville, non tivera tempo de levar nada nin de esconder nada, salvo a prata introducida no oco dunha parede. Agora ben, como era moi rico e magnificante, o seu gran salón, a porta do cal daba ó comedor, presentaba, antes da fuga precipitada do amo, o aspecto dunha galería de museo.

Das paredes pendían cadros, debuxos e acuarelas de prezo, mentres que sobre os mobles, nos andeis e nas elegantes vitrinas, mil figuras, floreiros, estatuíñas, bonecos de Saxonia e monicreques de China, marfís antigos e cristais de Venecia poboaban o vasto aposento coa súa profusión preciosa e rara.

Agora xa case non quedaba nada. Non porque fosen saqueados, o tenente coronel, conde de Farlsberg non o tería permitido; pero mademoiselle Fifi, de cando en vez, facía a *mina*; e, aquel día, tódolos oficiais se divertían de veras durante cinco minutos.

O marquesiño foi buscar ó salón o que necesitaba. Trouxo unha linda teteira de China familia Rosa, que encheu de pólvora de canón, e polo bico introduciu delicadamente unha longa mecha, predeuna e correu a

levar outra vez aquela máquina infernal ó aposento contiguo.

Despois regresou rápido e pechou a porta. Tódolos alemáns agardaban, de pé, cunha cara risoña de curiosidade infantil; e en canto a explosión sacudiu o castelo aló se precipitaron todos xuntos.

Mademoiselle Fifi que entrara diante, batía as palmas con delirio ante unha Venus de terracota á que por fin lle saltara a cabeza; e todos recolleron anacos de porcelana admirándose dos recortes estraños dalgúns cascotes, examinando os novos danos, discutindo se certos estragos non foran producidos pola explosión precedente; e o tenente coronel observaba cun aire paternal o amplo salón revolto por aquela metralla ó Nerón e estrado de restos de obxectos artísticos. Saíu de alí diante dos outros declarando con bonhomía:

—Desta vez, si que saíu ben.

Pero no comedor entrara tal tromba de fume que, mesturado co do tabaco, non se podía nin respirar. O comandante abriu a ventá e tódolos oficiais, que viñeran beber unha última copa de coñac, aproximáronse.

O aire húmido precipitouse na estancia, traendo unha especie de po de auga que empoeiraba as barbas e un cheiro a inundación. Contemplaban as grandes árbores atormentadas pola arroiada, o ancho val brumoso con aquel derreamento de nubes sombrías e baixas e, ó lonxe, o campanario dunha igrexa que se alzaba coma unha punta gris no medio do ballón.

Desde a súa chegada non volvera repicar. Polo demais, era a única resistencia que atoparan os invasores por aqueles contornos: a do campanario. O cura non se negara en modo ningún a recibir e a alimentar soldados prusianos; incluso aceptara varias veces tomar unha botella de cervexa ou de bordeos co comandante inimigo, que o utilizaba a miúdo como benévolo intermediario; pero non lle había que pedir nin o máis mínimo toque de campá; antes se deixaría fusilar. Era a súa maneira de protestar contra a invasión, protesta pacífica, protesta do silencio, a única, segundo dicía, que conviña a un sacerdote, home de dozura e non de sangue; e todo o mundo, en dez leguas á redonda, chufaba a firmeza, o heroísmo do abade Chantavoine, que ousaba afirma-lo dó público, proclamalo, co mutismo obstinado da súa igrexa.

O pobo enteiro, entusiasmado por esta resistencia, estaba disposto a soste-la ata a fin o seu pastor, a desafiar a todos, considerando esta protesta tácita como a salvagarda do honor nacional. Ós paisanos semelláballes que eles mereceran mellor a patria que Belfort e que Estrasburgo¹, que eles deran un exemplo equivalente, e que o nome da aldea, por esta razón, había facerse inmortal; e, á parte diso, non lles negaban nada ós prusianos vencedores.

O comandante e mailos seus oficiais rían xuntos daquel valor inofensivo; e, como a rexión enteira se mostraba obsequiosa e flexible con respecto a eles, toleraban gustosos o seu patriotismo mudo.

Só ó marquesiño Wilhem lle había gustar ben forza-la campá a soar. Adoecía por mor da condescendencia política do seu superior co cura: e tódolos días lle suplicaba ó comandante que lle deixase facer "Din-don-don" unha vez, unha vez soíña, só para rir un pouco. E pedíallo con gracias de gata, con solermas de muller, con dozura de voz de amante trastornada por un capricho; pero o comandante non cedía, e mademoiselle Fifi, para se consolar, facía a mina no castelo de Uville.

Os cinco homes permaneceron alí, amoreados, algúns minutos, aspirando a humidade. Por fin, o tenente Fritz pronunciou estas palabras botando un riso pastoso:

—A vegdade é que ezaz zeñoguitaz non teñen moi po tempo paga o zeu pazeo.

Nisto separáronse, cada cal foi para o seu servicio e o capitán tiña moito que facer cos preparativos da cea.

Cando se encontraron de novo, á caída da tarde, botaron a rir ó verse todos acicalados e relucentes coma nos días de revista xeral, untados de brillantina, perfumados, aseados. O cabelo do comandante semellaba menos gris que pola mañá; e o capitán barbeárase, deixando só o bigote, que semellaba unha chama baixo o nariz.

A pesar da choiva deixaron a ventá aberta; e, de vez en cando, un deles ía escoitar. Ás seis e dez, o barón sinalou o distante rodar dunha carruaxe. Todos se precipitaron; e pronto apareceu o gran coche, cos seus

catro cabalos sempre ó galope, enlamados ata as ancas, fumegando e refolgando.

E descenderon cinco mulleres ante a escalinata, cinco fermosas mozas escollidas con esmero por un camarada do capitán a quen *o Deber* lle fora levar unha carta do seu oficial.

Non se fixeran rogar moito, estaban seguras de ser ben pagas, por outra banda levaban tres meses tratando cos prusianos e coñecíanos ben, conformábanse tanto cos homes coma coas circunstancias. "Son cousas do oficio", comentaban polo camiño, sen dúbida para responder a un prurito secreto dun resto de conciencia.

E de contado entraron no comedor. Este, iluminado, semellaba máis lúgubre aínda no seu lamentable deterioro; e a mesa cuberta de viandas, coa rica vaixela e coa prata atopada na parede onde a escondera o dono, dáballe a aquel lugar un aspecto de taberna de bandidos que cean despois dalgún saqueo. O capitán, radiante, apoderouse das mulleres coma dunha cousa familiar, xulgábaas, bicábaas, ulíaas, taxando o seu valor como mozas de pracer; e como os tres mozos querían coller cada un a súa, opúxose con autoridade, reservando para si face-lo reparto, en toda xustiza, segundo a graduación, para non ferir en nada a xerarquía.

Entón, co fin de evitar toda discusión, toda protesta e toda sospeita de parcialidade, aliñounas por orde de estatura e, dirixíndose á máis alta, co ton dunha orde, díxolle:

—¿O teu nome?

Ela respondeu coa voz oca:

—Pamela.

Entón el proclamou:

—Número un, a chamada Pamela, adxudicada ó comandante.

Bicando a continuación a Blondine, a segunda, en sinal de propiedade, ofreceulle ó tenente Otto a grosa Amanda, Eva *A Tomate* ó subtenente Fritz e a máis pequena de todas, Rachel, unha morena moi nova, cos ollos negros coma manchas de tinta, unha xudía co nariz respigón que confirmaba a regra que atribúe os picos curvos a toda a súa raza, ó máis novo dos oficiais, o fráxil marqués Wilhem d'Eyrik.

Todas, desde logo, eran bonitas e gordiñas, sen fisionomías moi distintas, moi semellantes de faccións e de pel pola práctica cotiá do amor e a convivencia das casas públicas.

Os tres mozos pretenderon levar ó instante as súas mulleres co pretexto de lles dar cepillos e xabón para se lavaren, pero o capitán opúxose a isto prudentemente, afirmando que estaban bastante limpas para sentar á mesa e que os que subisen habían querer cambiar cando baixasen e incomodarían ás outras parellas. A súa experiencia gañou. Soamente houbo moitos bicos, bicos de espera.

De pronto, Rachel sufocouse, chorando coa tose, e botando fume polo nariz. O marqués, coa desculpa de a bicar, botáralle na boca o fume do tabaco. Ela non se enfadou, non dixo unha palabra, pero fitou ó seu propietario coa cólera acendida no fondo dos seus ollos negros.

Sentaron. O propio comandante parecía encantado; puxo á súa dereita a Pamela, Blondine á esquerda, e declarou, despregando o pano de mesa:

—Tivo vostede unha idea encantadora, capitán.

Os tenentes Otto e Fritz, correctos coma na compañía de mulleres da boa sociedade, intimidaban un pouco ás súas veciñas; pero o barón de Kelweingstein, abandonado ó seu vicio, resplandecía, soltaba palabras pícaras, parecía arder coa súa coroa de cabelos vermellos. Galanteaba en francés do Rin; e os seus cumpridos de taberna, expectorados polo burato dos dous dentes partidos, chegábanlles ás mozas entre unha metralla de saliva.

Elas non entendían nada, polo demais; e a súa intelixencia non pareceu espertar máis que cando el cuspiu

palabras obscenas, expresións crúas, eivadas polo seu acento. Entón todas xuntas romperon a rir coma tolas, caendo sobre o ventre dos seus veciños, mentres repetían os termos que o barón se puxo, entón, a desfigurar a pracer para lles facer dicir porcalladas. Elas vomitábanas a esgalla, borrachas desde as primeiras botellas de viño; e, volvendo ó seu ser, deron libre curso ós seus costumes, bicaban os bigotes da dereita e os da esquerda, beliscaban brazos, lanzaban berros furiosos, bebían de tódolos vasos, cantaban coplas francesas e anacos de cancións alemanas que aprenderan nas súas relacións cotiás co inimigo.

Pronto os homes mesmos, embriagados por aquela carne feminina despregada ante os seus narices e ó alcance das súas mans, tolearon, berraban, rompían a vaixela, mentres que por detrás uns soldados impasibles os servían.

Só o comandante gardaba a compostura.

Mademoiselle Fifi sentara a Rachel nos seus xeonllos e, animándose en frío, quer lle bicaba con paixón os rizos de ébano do colo, aspirando polo estreito espacio entre o vestido e a pel o doce calor do seu corpo e todo o aroma da súa persoa, quer a beliscaba con furia a través da tea, facéndoa berrar, presa dunha ferocidade rabiosa, impulsado polo seu desexo de devastación. Ás veces tamén, apertándoa cos brazos coma para fundila consigo mesmo, apoiaba longamente os beizos na boca fresca da xudía, bicábaa ata quedar sen alento; pero de súpeto mordeuna con tal forza que un fío de sangue baixou polo queixelo da moza e caeulle no corpiño.

Unha vez máis, ela mirouno ben de fronte e, limpando a ferida, murmurou :

—Isto págase.

El botou a rir, cun riso duro, e dixo:

—Pagarei.

Chegaron á sobremesa; servíase o champaña. O comandante levantouse e, co mesmo ton que empregaría para brindar pola emperatriz Augusta, bebeu:

—¡Á saúde das nosas damas! —dixo. E comezou unha serie de brindes, brindes dunha galantería de soldadotes e de borrachóns, mesturados con bromas obscenas que parecían máis brutais aínda pola ignorancia da lingua.

Levantábanse, un detrás doutro, buscando algo enxeñoso, esforzándose por ser graciosos; e as mulleres borrachas perdidas, cos ollos idos, os labios pastosos, aplaudían entusiasticamente a cada vez.

O capitán, querendo, sen dúbida, darlle á orxía un aire galante, levantou unha vez máis a súa copa e dixo:

—¡Polas nosas victorias sobre os corazóns!

Entón o tenente Otto, especie de oso da Selva Negra, alzouse, inflamado, saturado de bebida. E bruscamente invadido de patriotismo alcohólico, berrou:

—¡Polas nosas victorias sobre Francia!

Malia estaren todas borrachas, as mulleres calaron; e Rachel, estremecéndose, revirouse e dixo:

—¿Sabes?, coñezo franceses diante dos que ti non dirías iso.

Pero o marquesiño, que a seguía tendo nos xeonllos, botou a rir, moi ledo polo viño:

—¡Ha, ha! Eu nunca os vin. ¡En canto pasamos, liscan!

A moza, exasperada, berroulle á cara:

—¡Mentes, porco!

Durante un segundo, fitouna cos seus ollos claros, como fitaba os cadros que escachaba co revólver, despois botou a rir:

—¡Ah!, si, ¡falemos diso, preciosa! ¿Estaríamos aquí se eles fosen valentes?

E afervoábase:

—¡Sómo-los seus amos!, ¡Francia é nosa!

A moza saltou dos seus xeonllos cun impulso e caeu na súa cadeira. El ergueuse, alzou a copa ata o centro da mesa e repetiu:

—¡Francia é nosa! ¡E os franceses, os bosques, os campos, e as casas de Francia!

Os outros, completamente borrachos, sacudidos de pronto por un entusiasmo militar, un entusiasmo animal, colleron as copas vociferando:

—¡Viva Prusia!

E baleiráronas dun golpe.

As mozas non protestaban, reducidas ó silencio e atenazadas polo medo. A mesma Rachel calaba, impotente para responder.

Entón o pequeno marqués pousou sobre a cabeza da xudía a súa copa de champaña chea de novo:

—¡Nosas tamén –berrou– tódalas mulleres de Francia!

Ela levantouse tan rápida que o cristal, volteado, verteu, coma nun bautismo, o viño amarelo polos seus cabelos negros, e caeu, crebándose no chan. Con labios trémulos, desafiaba coa mirada ó oficial que seguía a rir, e balbuciu, cunha voz afogada pola cólera:

—Iso... iso si que non é verdade, veña, vós non teréde-las mulleres de Francia.

El sentou para rir a gusto, e arremedando o acento parisiense, dixo:

—Eza zi que é poa, pen poa, ¿e logo que véz faceg aquí, pequena?

Desconcertada, inicialmente calou, comprendendo mal na súa axitación, logo des que colleu ben o sentido do que el dicía, botoulle á cara, indignada e vehemente:

—¡Eu!, ¡eu! Eu non son unha muller, eu son unha puta; é abondo para os prusianos.

Inda non acabara de falar e xa a estaba el losqueando con furia; pero segundo levantaba outra vez a man, ela, tola de rabia, colleu un pequeno coitelo de sobremesa coa folla de prata e, tan bruscamente que non se viu nada ó principio, pinchouno no colo, xusto no oco onde arranca o peito.

A palabra que el comezaba cortóuselle na gorxa; e quedou boca aberta, cunha mirada estarrecedora.

Lanzaron todos un ruxido, e levantáronse en tumulto; pero tirándolle a súa cadeira ás pernas ó tenente Otto, que se derrubou tan longo era, Rachel correu á ventá, abriuna antes de que a puidesen alcanzar e tirouse á noite, baixo a choiva que seguía a caer.

En dous minutos, mademoiselle Fifi morreu. Entón Fritz e Otto desenvaiñaron os sabres e quixeron mata-las mulleres, que se arrastraban ante os seus xeonllos. O tenente coronel, non sen dificultade, impediu aquela carnicería, mandou encerrar nun cuarto, gardado por dous homes, as catro desgraciadas; despois, coma se

dispuxese os seus homes para un combate, organizou a persecución da fuxitiva, seguro de atrapala.

Cincuenta homes, aguillados con ameazas, foron lanzados ó parque. Outros douscentos rexistraron os bosques e tódalas casas do val.

A mesa, recollida nun instante, servía agora de leito mortuorio, e os catro oficiais, ríxidos, agora sobrios, co rostro duro dos homes de guerra en funcións, permanecían de pé preto das ventás, escudriñando a noite.

A chuvía torrencial continuaba. Unha batuxada continua enchía as tebras, un murmuro flotante de auga que cae e de auga que corre, de auga que pinga e de auga que xorde.

De súpeto, resoou un disparo, despois outro moi lonxe; e, durante catro horas, oíronse así, de cando en cando, detonacións próximas ou afastadas e berros co contrasinal, palabras estrañas lanzadas como chamada por voces guturais.

Pola mañá, todo o mundo regresou. Dous soldados resultaran mortos e outros tres feridos polos seus camaradas no ardor da cacería e na confusión daquela persecución nocturna.

Non atoparan a Rachel.

Entón os habitantes foron aterrorizados, as vivendas revolucionadas, toda a comarca foi percorrida, batida, revolta. A xudía parecía que non deixara pegadas do seu paso.

Avisado, o xeneral ordenou botar terra ó asunto, para non dar mal exemplo no exército, e impúxolle un castigo disciplinario ó comandante, o cal castigou os seus inferiores. O xeneral dixera:

—Non se fai a guerra para se divertir e acariña-las mozas públicas.

E o conde de Farsberg, exasperado, resolveu vingarse sobre o país.

Como necesitaba un pretexto para xustifica-lo castigo, mandou vi-lo cura e ordenoulle que tocase a campá no enterro do marqués d'Eyrik.

Contra toda expectativa, o cura mostrouse dócil, humilde, cheo de atencións. E cando o corpo de mademoiselle Fifi, portado polos soldados que marchaban co fusil cargado, abandonou o castelo de Uville, cara ó cemiterio, a campá tocou as súas badaladas fúnebres cun aire alegre, coma se unha man amiga a acariciase.

Tanguen pola noite outra vez, e ó día seguinte tamén, e tódolos días. Ás veces mesmo de noite poñíase ela soa en marcha, e daba suavemente dous ou tres toques na escuridade, presa de singulares ledicias, espertada non se sabe por quen. Tódolos paisanos do lugar dixeron entón que estaba enfeitizada; e ninguén, salvo o cura e o sancristán, se aproximaba ó campanario.

Era que unha pobre moza vivía alí arriba, na angustia e na soidade, alimentada ás agachadas por aqueles dous homes.

Alí permaneceu ata a partida das tropas alemanas. Logo, unha tarde, o cura pediulle prestada a carreta ó panadeiro e levou el mesmo a súa prisioneira ata as portas de Ruán. Chegados aló, o cura bicouna; ela descendeu e alcanzou rapidamente a casa pública, créndoa a súa patroa morta.

De alí sacouna algún tempo máis tarde un patriota sen prexuízos que a amou pola súa fermosa acción, despois quíxoa por si mesma, casou con ela e fíxoa unha Señora que vale tanto coma moitas outras.

A señora Baptiste

Cando entrei na sala de espera da estación de Loubain, a miña primeira ollada foi para o reloxo. Tiña que agardar dúas horas e dez minutos polo expreso de París.

De súpeto, sentínome canso coma tras dez leguas a pé; logo mirei arredor de min coma se fose descubrir nas paredes un medio de mata-lo tempo; despois volvíñ saír e parei diante da porta da estación, coa mente ocupada en idear algo que facer.

A rúa, especie de bulevar plantado de acacias cativas, entre dúas reas de casas asimétricas e diferentes, casas de pequena vila, subía a unha especie de outeiro; e no remate distinguíanse unhas árbores coma se concluía nun parque.

De vez en cando un gato atravesaba a calzada, saltando os regos de maneira delicada. Un cadelo apurado olfateaba o pé de tódalas árbores, buscando restos de comida. Non albiscaba home ningún.

Invadíume un melancólico desánimo. ¿Que podía facer? Xa pensaba na interminable e inevitable sesión no pequeno café do ferrocarril, ante un xerro de cervexa imposible de beber, co ilexible xornal do lugar, cando divisei un cortexo fúnebre que xiraba nunha rúa lateral para introducirse na que eu me encontraba.

A vista da carroza mortuoria foi un alivio para min. Eran polo menos dez minutos gañados.

Pero de pronto a miña atención acrecentouse. Só seguían ó morto oito señores, un dos cales choraba. Os outros conversaban amigablemente. Ningún sacerdote os acompañaba. Pensei: "Velaí un enterro civil", despois recapacitei en que unha vila coma Loubain debía ter polo menos un cento de libre pensadores que considerarían como un deber manifestarse. ¿Entón, que pasaba? A marcha rápida da caravana, sen embargo, mostraba ás claras que se enterraba a aquel defunto sen cerimonia e, por conseguinte, sen relixión.

A miña curiosidade ociosa lanzouse ás máis complicadas hipóteses; pero, segundo o coche fúnebre pasaba diante de min, ocorrémeme unha idea barroca: seguilo cos oito señores. Con aquilo tiña, polo menos, unha hora de ocupación; e púxenme en marcha, con aire triste, detrás dos outros.

Os dous últimos volvéronse con asombro, despois falaron entre eles en baixo. Seguramente se preguntaban se eu era da vila. Logo consultaron ós dous precedentes, que, á súa vez, se puxeron a observarme. Aquela atención investigadora incomodábame e, para poñerlle fin, achegueime ós meus veciños. Despois de saudalos, díxenlles:

—Perdoen, señores, se interrompo a súa conversa. Pero como vin un enterro civil, apresureime a seguilo se ben non coñezo o morto que acompañan.

Un dos señores dixo:

—É unha morta.

Quedei abraiado e preguntei:

—Pero, é un enterro civil, ¿non si?

O outro señor, que evidentemente desexaba instruírme, tomou a palabra:

—Si e non. O cura negounos a entrala na igrexa.

Desta vez lancei un "¡Ah!" de estupefacción. Non comprendía nada en absoluto.

O meu cortés veciño confioume en voz baixa:

—¡Oh! elle toda unha historia. Esta moza suicidouse, e por iso non a puidemos enterrar relixiosamente. O seu marido é aquel que ve aí, o primeiro, o que chora.

Entón, dixen, titubeando:

—Asómbreme vostede e esperta en min un gran interese, señor. ¿Sería indiscreto pedirle que me contase esa historia? Se o importuno, poñamos que non dixen nada.

O señor colleume o brazo con familiaridade:

—Nada diso, nada diso. Mire, imos quedar un pouco atrás. Voulle dicir unha cousa, é moi triste. Temos tempo antes de chegar ó cemiterio, alá enriba onde ve vostede as árbores, pois a costa é dura.

E comezou:

—Saiba que esta rapaza, a señora de Paul Hamot, era filla dun rico comerciante da rexión, o señor Fontanelle. Sendo moi nena, ós once anos de idade, ocorreulle unha desgracia terrible: un criado manchouna. Ela estivo a piques de morrer, danada por aquel miserable a quen a súa brutalidade denunciou. Un espantoso proceso tivo lugar e revelou que había tres meses que a pobre mártir era vítima das vergonzosas prácticas daquel animal. O home foi condenado a traballos forzados a perpetuidade.

»A nena medrou, marcada pola infamia, illada, sen amigas, a penas bicada polas persoas maiores que crían luxa-los labios tocando a súa fronte.

»Transformárase para a vila nunha especie de monstro, de fenómeno. Díciase en voz baixa: "Xa sabe, a pequena Fontanelle." Na rúa todo o mundo daba a volta cando ela pasaba. Nin sequera podían atopar criadas para levala de paseo, as serventes das outras familias mantiñanse apartadas coma se da criatura emanase un contaxio que se estendese a tódolos que se aproximaban a ela.

»Era mágoa ver aquela pobre pequena nos xardíns onde van xoga-los cativos tódalas tardes. Permanecía soíña, de pé xunto da criada, mirando con tristeza os outros nenos que xogaban. Ás veces, cedendo a un irresistible desexo de se mesturar cos meniños, avanzaba timidamente, con xestos temerosos e entraba nun grupo con paso furtivo, como consciente da súa indignidade. E inmediatamente de tódolos bancos acudían as nais, as criadas, as tías, que agarraban pola man as nenas confiadas á súa custodia e apartábanas brutalmente. A pequena Fontanelle quedaba illada, perdida, sen comprender; e botaba a chorar, co corazón morto de pena. Despois corría a esconde-la cara, saloucando, no mantelo da súa criada.

»Medrou e aínda foi peor. Afastábanse dela as mozas coma se fose unha apestada. Pense que esta moza xa non tiña nada que aprender, nada; que xa non tiña dereito á simbólica flor de azar; que penetrara, case antes de saber ler, no temible misterio que as nais mal deixan adiviñar, tremendo, soamente a noite de vodas.

»Cando pasaba pola rúa, acompañada da súa gobernanta, coma se non a perdesen nunca de vista o temor incesante dalgunha nova e terrible aventura, cando pasaba pola rúa, sempre cos ollos baixos ante a misteriosa vergoña que sentía pesar sobre ela, as outras mozas, menos inxenuas do que se pensa, murmuraban mirándoa de esguello, rían maliciosamente polo baixo e desviaban axiña a cabeza, con aire distraído se, por un casual, ela as miraba.

»A penas a saudaban. Só algúns homes se descubrían. As nais finxían non vela. Algúns lacazáns chamábanlle "señora Baptiste", polo apelido do criado que a aldraxara e a perdera.

»Ninguén coñecía as torturas secretas da súa alma; pois ela a penas falaba e non ría xamais. Os seus propios pais parecían molestos ante ela, como se a acusasen eternamente dalgunha falta irreparable.

»Un home honrado non lle daría con gusto a man a un presidiario liberado, ¿non?, aínda que este fose o seu fillo. O señor e a señora Fontanelle consideraban a súa filla como o farían cun fillo liberado da prisión.

»Ela era bonita e pálida, alta, delgada, distinguida. Ben lle me gustaba, señor, se non fose por aquel asunto.

»Agora ben, cando tivemos novo subprefecto, hai agora dezaioito meses, trouxo canda el o seu secretario particular, un curioso mozo, que vivira no Barrio Latino, segundo parece.

»Viu a señorita Fontanelle e namorouse dela. Contáronlle todo. Limitouse a responder : "¡Boh!, esa é precisamente unha garantía para o futuro. Prefiro que sexa antes ca despois. Con esa muller hei durmir tranquilo."

»Fíxolle as beiras, pediuna en matrimonio e casou con ela. Entón, con bastante atrevemento, fixo as visitas de vodas coma se non pasase nada. Algunhas persoas devolvéronllas, outras abstivéronse. Por fin empezaban a esquecer, e ela ía tendo un lugar no mundo.

»Cómpre dicir que adoraba ó seu home coma a un deus. Pense que el lle devolvera o honor, que a fixera entrar na lei común, que desafiara, forzara a opinión pública, afrontara aldraxes, levara a cabo, en suma, un acto de valentía, que ben poucos homes farían. Así que ela sentía por el unha paixón exaltada e medrosa.

»Quedou encinta e, cando se soubo da súa preñez, as persoas máis entreitizas abríronlle as súas portas, coma se estivese definitivamente purificada pola maternidade. É curioso, pero é así...

»Así que todo ía indo perfectamente, ata que, o outro día, celebrámo-la festa patronal do pobo. O prefecto, rodeado do seu estado maior e das autoridades, presidía o concurso de orfeóns e acababa de pronuncia-lo seu discurso, cando comezou a entrega das medallas que o seu secretario particular, Paul Hamot, impoñía a cada titular.

»Xa sabe que nestes casos sempre hai celos e rivalidades que lle fan perde-la medida á xente.

»Tódalas damas da vila estaban alí, sobre o estrado.

»O director do coro do pobo de Mormillon avanzou, cando lle tocou a vez. O seu grupo non tiña máis ca unha medalla de segunda clase. Non se lle poden da-las de primeira clase a todo o mundo, ¿ou non?

»Cando o secretario particular lle entregou o premio, vai o home e tírallo á cara berrando: "A túa medalla, pódela gardar para Baptiste. Incluso lle debes unha de primeira clase, igual cá min."

»Alí había unha morea de aldeáns que botaron a rir. O pobo non é caritativo nin delicado, e tódolos ollos viraron cara a esta pobre señora.

»¡Ai, señor!, ¿viu vostede algunha vez a unha muller tolear?

—Non.

—Pois ben, ¡nós asistimos a ese espectáculo! Ergueuse e volveu caer no asento tres veces seguidas coma se quixese fuxir e comprendese que non podería atravesar toda aquela multitude que a rodeaba.

»Unha voz, en algures, entre o público, aínda berrou: "¡Ei, señora Baptiste!"

»Entón elevouse un gran rumor, composto de bromas e de indignación.

»Era unha marea, un tumulto; tódalas cabezas bulían. Contábanse o conto; alzábanse para ver que cara poñía aquela desgraciada; os homes elevaban as súas mulleres nos brazos para llela ensinar; a xente preguntaba: "¿Cal é?, ¿a de azul? Os pequenos lanzaban berros de galo; grandes risadas estalaban por todas partes.

»Ela xa non se movía, trastornada, no seu asento de cerimonia, coma se estivese colocada de mostra para a

assemblea. Nin podía desaparecer, nin disimula-lo seu rostro. As súas pálpebras pestanexaban precipitadamente coma se unha gran luz lle queimase os ollos; e refolgaba coma un cabalo que sobe unha costa.

»Partía o corazón mirala.

»O señor Hamot botáralle as mans ó colo a aquel groseiro personaxe e rodaban polo chan no medio dun espantoso tumulto.

»Interrompeuse a cerimonia.

»Unha hora máis tarde, no momento en que os Hamot regresaban á casa, a nova señora, que non pronunciara unha soa palabra desde o escándalo, pero que tremía coma se tódolos seus nervios se puxesen en danza por un resorte, saltou de súpeto o parapeto da ponte sen que o seu marido tivese tempo de suxeitala, e tirouse ó río.

»A auga é profunda baixo os arcos. Tardaron dúas horas en conseguir sacala da auga. Estaba morta, naturalmente.

*

O narrador calou. Logo engadiu :

—Tal vez fose o mellor que puido facer na súa posición. Hai cousas que non se borran.

»Agora entende por qué o cura negou a porta da igrexa. ¡Oh! se o enterro fose relixioso toda a vila había vir. Pero comprenderá que co suicidio engadido á outra historia, as familias renunciaron; e ademais, élle ben difícil, aquí, asistir a un enterramento sen curas.

Traspasámo-la porta do cemiterio. Eu agardei, moi conmovido, a que baixasen o cadaleito á fosa para aproximarme ó pobre do mozo que saloucaba e apertarlle enerxicamente a man.

Olloume con sorpresa a través das bágoas, despois dixo:

—Gracias señor.

Eu non lamentei ter acompañado aquel cortexo.

A pequena Roque

O peón Médéric Rompel, a quen as xentes do país chamaban familiarmente Médéri, partiu á hora habitual da

casa do correo de Roüy-le-Tors. Despois de atravesala pequena vila, ó seu longo paso de antigo soldado, cortou primeiramente polos prados de Villaumes para alcanza-la beira do Brindille, que o conducía, seguindo a corrente, ó poboado de Carvelin, onde comezaba o seu reparto.

Ía rápido, ó longo do estreito río que escumaba, roñaba, fervía e corría polo seu leito de herbas, baixo unha bóveda de salgueiros. As grandes rochas, detendo o seu curso, presentaban arredor delas un rodete de auga, unha especie de gravata terminada nun nó de espuma. Nalgunhas partes, había cascadas dun pé de alto, a miúdo invisibles, que producían, so as follas, so as lianas, so un teito de verdor, un gran ruído colérico e doce; logo, máis adiante, as beiras ancheábanse e atopábase un pequeno lago apracible onde nadaban as troitas entre toda esa cabeleira verde que ondea no fondo dos riachos tranquilos.

Médéric seguía a andar, sen ver nada e sen pensar máis ca nisto: "A primeira carta é para a casa Poivron, como teño unha para o señor Renardet, terei que atravesalo arboredo."

A súa blusa azul, cinguida ó van cun cinto de coiro negro, sobresaía cun paso rápido e regular pola ringleira verde dos salgueiros; e o seu bastón, un forte pao de acevo, ía andando a carón del co mesmo movemento cás súas pernas.

Cruzou, logo, o Brindille por unha ponte feita cunha soa árbore, tendida dun lado ó outro, que tiña como único pasamán unha corda atada a dúas estacas espetadas nas ribeiras.

O arboredo, que pertencía ó señor Renardet, alcalde de Carvelin e o máis rico propietario do lugar, era unha especie de bosque de árbores moi vellas, enormes, dereitas coma columnas e que se estendían a unha media legua de lonxitude, pola marxe esquerda do regato que servía de límite a aquela inmensa bóveda de follaxe. Ó longo da auga, medraran grandes arbustos, coa calor do sol; pero baixo o alto arboredo só se atopaba brión, un brión mestro, suave e dondo, que exhalaba no aire estancado un lixeiro olor a mofo e a follas mortas.

Médéric moderou o paso, tirou o quepis negro adornado cun galón vermello e enxugou a fronte, pois xa ía calor nos prados, se ben aínda non eran as oito da mañá.

Acababa de cubrirse de novo e de reinicia-lo seu paso acelerado cando albiscou, ó pé dunha árbore, unha navalla, unha navalliña de neno. Segundo a recollía aínda descubriu un dedal, logo un alfineteiro dous pasos máis aló.

Despois de coller aqueles obxectos, pensou: "Voullos confiar ó señor alcalde"; e retomou a marcha; pero agora levaba os ollos ben abertos, esperaba encontrar algunha outra cousa.

De súpeto, parou en seco, coma se batese contra unha barra de madeira; pois dez pasos máis adiante, xacía, de costas, un corpo infantil, espido, sobre o brión. Era unha rapaciña duns doce anos. Tiña os brazos abertos, as pernas separadas, a cara cuberta cun pano das mans. Un pouco de sangue manchaba as súas coxas.

Médéric púxose a avanzar nas puntas dos pés, como se temese algún perigo, e desorbitaba os ollos.

¡Pero, que era aquilo! Ben seguro que estaba durmindo. Despois recapacitou en que non se dorme así espido, ás sete e media da mañá, baixo o frescor das árbores. Daquela estaba morta; e el atopábase en presenza dun crime. Ante esta idea, un calafrío percorreulle os cadrís, aínda que fose un soldado veterano. E ademais era cousa tan rara na rexión un asasinato, e o asasinato dunha nena, por riba, que non podía dar creto ó que vía. Pero non tiña ningunha ferida, nada máis que aquel sangue callado na perna. ¿E logo, como a matarían?

Detivérase moi preto dela; e contemplábaa, apoiado no caxato. Cofecía de fixo, pois que cofecía a tódolos habitantes da comarca; pero, como non lle podía ve-la cara, non podía adiviña-lo seu nome. Inclínouse para quita-lo pano que lle cubría o rostro; despois, parou, coa man estendida, retido por unha reflexión.

¿Tiña dereito a cambiar algunha cousa no estado do cadáver antes das investigacións da xustiza? Imaxinaba a xustiza como unha especie de xeneral ó que non lle escapa nada e que atribúe tanta importancia a un botón perdido coma a unha coitelada no ventre. Baixo aquel pano quizá se atopase unha proba capital; era unha proba acusatoria, en fin, que podía perde-lo seu valor se lle tocaba unha man inhábil.

Entón, ergueuse para correr á casa do señor alcalde; pero retívoo outro pensamento de novo. Se por casualidade a mocíña aínda estaba viva, non a podía abandonar así. Púxose de xeonllos, moi de vagar, bastante lonxe dela por prudencia, e estendeu a man cara a un pé. Estaba frío, xeados, con ese frío terrible que volve espantosa a carne morta, e que non deixa lugar a dúbidas. Ó carteiro, con aquel tacto, deulle un brinco o corazón, como dixo máis tarde, e o cuspe secóuselle na boca. Levantándose bruscamente, botou a correr polo arboredo cara á casa do señor Renardet.

Áa a paso ximnástico, co caxato baixo do brazo, os puños pechados, a cabeza para adiante; e a súa carteira de coiro, chea de cartas e de xornais, batíalle cadenciosamente os riles.

A residencia do alcalde atopábase ó final do bosque, que lle facía de parque, e toda unha esquina das súas paredes somerxiase nun pequeno estanque que formaba naquel lugar o Brindille.

Era unha gran casa cadrada, de pedra gris, moi antiga, que sufrira asedios noutro tempo, e estaba rematada por unha torre enorme, de vinte metros de altura, edificada na auga.

Dende o alto daquela cidadela, vixiábase antano toda a rexión. Chamábanlle a torre do Renard¹, sen que se soubese exactamente por qué; e daquel nome, sen dúbida, saíra o apelido de Renardet que levaban os propietarios daquel feudo, pertencente á mesma familia dende había máis de douscentos anos, disque. Pois os Renardet formaban parte desa burguesía case nobre que se atopaba a miúdo nas provincias antes da Revolución.

O carteiro entrou con ímpeto na cociña onde almorzaban os criados e berrou :

—¿O señor alcalde xa se ergueu? Teño que falar con el agora mesmo.

Sabían que Médéric era un home de peso e de autoridade e comprenderon de seguida que algo grave tiña que ter sucedido.

Avisado, o señor Renardet ordenou que o levasen onda el. O peón, pálido e sen alento, co quepis na man, atopou o alcalde sentado ante unha longa mesa cuberta de papeis espaxados.

Era un home groso e alto, pesado e coloradote, forte coma un boi, e moi querido na rexión, aínda que violento en exceso. Duns corenta anos de idade, levaba viúvo seis meses, vivía nas súas terras coma un xentilhombre rústico. O seu temperamento fogoso causáralle a miúdo arduos problemas dos que o sacaban sempre os maxistrados de Roüy-le-Tors, como amigos indulxentes e discretos. ¿Pois non chimpara, un día, desde o alto do seu pescante ó conductor da dilixencia porque estivera a piques de atopela-lo seu can de caza *Micmac*? ¿Non lle partira as costelas a un garda de caza que lle poñía unha denuncia porque atravesaba, coa escopeta ó brazo, unha terra que pertencía ó seu veciño? ¿Non lle botara incluso as mans ó pescozo ó subprefecto que parara no pobo, no decurso dunha viaxe administrativa cualificada polo señor Renardet de xira electoral?; pois el formaba parte da oposición ó goberno por tradición familiar.

O alcalde preguntou:

—¿E logo que ocorre Médéric?

—Atopei unha rapasiña morta por onda a súa fraga.

Renardet púxose en pé, coa cara cor ladrillo:

—¿Di vostede... unha rapasiña?

—Si señor, unha rapasiña, toda espida, de costas, con sangue, morta e ben morta.

O alcalde xurou:

—¡Cagon tal!: poño algo a que é a pequena Roque. Acábanme de avisar de que non volveu á casa de súa nai onte á noite. ¿En que lugar a descubriu vostede?

O carteiro indicou o sitio, deu os detalles, ofreceuse a acompañar ó alcalde.

Pero Renardet virou brusco:

—Non. Non o necesito. Mándeme en seguida o garda rural, o secretario do concello e o médico, e continúe a súa rolda. Axíña, axíña, vaia, dígalles que se reúnan comigo no arboredo.

O peón, respectuoso das ordes, obedeceu e retirouse, furioso e apesarado por non asistir ás constatacións.

O alcalde saíu, á súa vez, colleu o seu chapeo, un gran chapeo flexible, de feltro gris, coas abas moi anchas, e detívose uns segundos no limiar da vivenda. Ante el estendíase un vasto céspede no que brillaban tres grandes manchas, vermello, azul e branco², tres anchos macizos de flores abertas, un fronte á casa e os outros ós lados. Máis ó lonxe, alzábanse ata o ceo as primeiras árbores do bosque, mentres que á esquerda, por riba do Brindille que se ancheaba formando un estanque, albiscábanse longas praderías, toda unha terra verde e cha, cortada por regatos e sebes de salgueiros semellantes a monstros, ananos barrigáns, sempre podados e soportando sobre un tronco enorme e curto un plumeiro trémulo de pólas delgadas.

Á dereita, detrás das cortes, dos pendellos, de tódalas construcións que dependían da propiedade, comezaba o pobo, rico, habitado por criadores de bois.

Renardet descendeu lentamente os chanzos da escalinata e, tirando á esquerda, alcanzou a beira da auga que seguiu a pasos lentos, coas mans nas costas. Andaba coa cabeza baixa; e de cando en vez miraba arredor del por se vía as persoas que mandara buscar.

Cando chegou baixo as árbores, parou, descubriuse e limpou a fronte como fixera Médéric, pois o ardente sol de xullo caía coma unha choiva de lume sobre a terra. Logo, o alcalde retomou a ruta, volveu parar, retornou sobre os seus pasos. De pronto, baixándose, mollou o pano no regato que corría ós seus pés e estendeuno pola cabeza, por debaixo do chapeo. Gotas de auga pingábanlle ó longo das tempas, polas orellas sempre violeta, polo colo poderoso e vermello, e entraban, unha detrás doutra, baixo o colo branco da camisa.

Como ninguén aparecía aínda, púxose a petar co pé, logo chamou:

—¡Ei!, ¡ei!

Unha voz respondeu á dereita:

—¡Ei!, ¡ei!

E apareceu o médico baixo as árbores. Era un home pequeno e fraco, antigo cirurxián militar, que tiña sona, no contorno, de ser moi competente. Coxeaba, pois feríranlo no servicio e axudábase cun bastón para andar.

Logo viron o garda de campo e o secretario do concello, que, avisados ó mesmo tempo, chegaban xuntos. Traían cara de susto e acudían sen folgo, andando e trotando alternativamente para apuraren máis e axitaban tanto os brazos que parecía traballasen máis con eles que coas pernas.

Renardet díxolle ó médico:

—¿Sabe de que se trata?

—Sei, dunha nena morta que atopou no bosque Médéric.

—Iso é. Vamos.

Botaron a andar, un a carón do outro, seguidos polos dous homes. Os seus pasos non facían ruído ningún polo brión; os seus ollos escudriñaban aló, cara a adiante.

O doutor Labarbe estendeu o brazo, de repente:

—¡Mire!, ¡alí está!

Moi lonxe, baixo as árbores, albiscábase algo claro. Se nonoubesen o que era, non o adiviñarían. Semellaba brillante e tan branco que se confundiría cun pano caído, pois un raio de sol, que esvaraba entre as ramas, iluminaba a carne pálida cunha gran liña oblicua a través do ventre. Ó aproximárense, ían distinguindo pouco a pouco a forma, a cabeza cuberta, virada cara a auga e os dous brazos abertos coma para unha crucifixión.

—Teño unha calor horrible —dixo o alcalde.

E, baixándose ata o Brindille, mollou de novo o pano que volveu colocar sobre a fronte.

O médico apresuraba o paso, interesado polo descubrimento. En canto chegou onda o cadáver, inclinouse para examinalo, sen lle tocar. Puxera uns anteollos coma cando se mira un obxecto curioso, e daba voltas ó redor con moita calma.

Dixo, sen se erguer:

—Violación e asasinato que imos constatar nun instante. Por outra parte esta mocíña é case unha muller, observen o seu busto.

Os dous seos, bastante grandes xa, derramábanse sobre o peito, amolecidos pola morte.

O médico alzou lixeiramente o pano que cubría a faciana. Esta apareceu negra, horrorosa, coa lingua fóra, os ollos saíntes. O médico continuou:

—Concho, estrangulárona, cando remataron o asunto.

Apalpaba o colo:

—Estrangulada coas mans, sen deixar, ademais, ningunha traza particular, nin marca de unllas nin pegada de dedos. Moi ben. É a pequena Roque, en efecto.

Recolocou delicadamente o pano:

—Non podo facer nada; leva morta doce horas polo menos. Hai que avisa-lo xuíz.

Renardet, de pé, coas mans nas costas, miraba fixamente o pequeno corpo tendido na herba. Murmurou:

—Que miserable. Hai que busca-las súas roupas.

O médico apalpaba as mans, os brazos, as pernas. Dixo:

—Sen dúbida, acababa de tomar un baño. Deben estar á beira do río.

O alcalde ordenou:

—Ti, Príncipe —era o secretario do concello—, vasme buscar esas roupas ó longo do río. Ti, Máxime —era o garda rural— vas ir correndo a Roüy-le-Tors e traerme o xuíz de instrución cos xendarmes. Teñen que estar aquí dentro dunha hora. ¿Oíches?

Os dous homes afastáronse rapidamente, e Renardet díxolle ó doutor:

—¿Que canalla puido facer semellante falcatruada nesta rexión?

O médico murmurou:

—¿Quen sabe? Todo o mundo é capaz disto. Todo o mundo en particular e ninguén en xeral. Tanto ten, debeu ser algún vagabundo, algún obreiro sen traballo. Desde que témo-la república, só se atopa diso polas estradas.

Ámbolos dous eran bonapartistas.

O alcalde continuou:

—Si, só pode ser un forasteiro, un transeúnte, un vagabundo sen casa nin fogar...

O médico engadiu cun vago sorriso:

—E sen muller. Non tendo nin boa cea, nin bo albergue, procurou o resto. Quen sabe a cantidade de homes que hai sobre a terra capaces dunha malfeitoría nun momento dado. ¿Sabía vostede que esta pequena desaparecera?

E co extremo do caxato, tocaba, un tras doutro, os dedos ríxidos da morta, preméndoos coma as teclas dun piano.

—Sabía. A nai veume buscar onte, contra as nove, dado que a nena non regresara ás sete para cear. Andamos chamando por ela ata a media noite polos camiños; pero non pensamos no arboredo. Ademais había que agardar polo día, para efectuar unha busca verdadeiramente útil.

—¿Quere un cigarro? —dixo o médico.

—Gracias, non teño gana de fumar. Ponme enfermo ver isto.

Permanecían de pé ámbolos dous fronte a aquel fráxil corpo de adolescente, tan pálido, sobre o brión escuro. Unha mosca gorda de ventre azul que paseaba ó longo dunha coxa, parou sobre as manchas de sangue, volveu seguir, subindo sempre, percorrendo o flanco co seu andar vivo e bulideiro, subiu por un seo, despois volveu baixar para explora-lo outro, buscando algo que beber sobre aquela morta. Os dous homes miraban aquel punto negro errante.

O médico dixo:

—Que ben di unha mosca sobre a pel. As damas do século pasado facían ben en pegar unha na cara². ¿Por que se perdería ese uso?

O alcalde non parecía oílo, perdido nos seus pensamentos.

Mais de pronto virou, pois sorprendérao un ruído; unha muller cun gorro e un mantelo azul acudía baixo as árbores. Era a nai, a Roque. Des que viu a Renardet, púxose a berrar:

—A miña piquena, ¿onde está a miña piquena? —tan enlouquecida que non miraba para o chan. Viuna de pronto, detívose, xuntou as mans, levantou os dous brazos lanzando un clamor agudo e esgazado, un clamor de besta mutilada.

Despois botouse cara o corpo, caeu de xeonllos e sacou, coma se o arrincase, o pano que cubría a cara. Cando viu aquel rostro espantoso, negro e convulso, ergueuse dun chimpo, despois tirouse coa cara contra a terra, lanzando na espesura do brión uns berros horrorosos e continuos.

O seu gran corpo fraco ó que se pegaba a roupa, sacudido de convulsións, palpitaba. Víanselle os tornecelos osudos e as pernas secas envoltas en grosas medias azuis estremecerse horriblemente; e escavaba o chan cos seus dedos encurvados como querendo facer un burato e esconderse nel.

O médico, conmovido, murmurou:

—¡Pobre vella!

O ventre de Renardet fixo un ruído singular, despois botou unha especie de espirro ruidoso que lle saíu ó mesmo tempo polo nariz e pola boca; e, sacando o pano do peto, botou a chorar coa cara nel, tusindo, saloucando e soándose ruidosamente. Balbucía:

—Mal... mal... maldita sexa, o porco que fixo isto... Quen... quen... me dera velo guillotinado...

Pero Príncipe reapareceu, con aire desolado e as mans baleiras. Murmurou:

—Non atopo nada, señor alcalde, nada de nada por ningures.

O outro, azorado, respondeu cunha voz xorda, afogada entre as bágoas:

—¿Que é o que non atopas?

—As roupas da pequena.

—Pois... pois... segue buscando... e... e... atópaas... ou... heiche dar eu a ti.

O home, sabendo que ó alcalde non se lle resistía un, volveu marchar cun paso desanimado botando sobre o cadáver unha ollada solapada e temerosa.

Unhas voces afastadas elevábanse entre as árbores, un rumor confuso, o ruído dunha multitude que se aproximaba; pois Médéric, co reparto, espallara a noticia de porta en porta. As xentes da rexión, ó primeiro estupefactas, falaran daquilo na rúa, dunha porta á outra; despois reuníranse; parolaran, discutiran, comentaran o acontecemento durante uns minutos; e agora viñan ver.

Chegaban en grupos, un pouco indecisos e inquietos, por temor á primeira impresión. Cando albiscaron o corpo, detivéronse, sen se atreveren a avanzar máis e falando en voz baixa. Despois animáronse, deron algúns pasos, detivéronse outra vez, volveron avanzar, e axiña formaron arredor da morta, de súa nai, do médico e de Renardet, un círculo mesto, axitado e ruidoso que se apertaba coas empurradas súbitas dos últimos que viñeran. Pronto chegaron onda o cadáver. Algúns mesmo se abaixaron para o apalpar. O médico apartounos. Mais o alcalde, saíndo bruscamente do seu torpor, enrabechouse e, agarrando o bastón do doutor Labarbe, lanzouse sobre os seus administrados balbucindo:

—¡Fóra de aquí... fóra de aquí... banda de bestas... fóra de aquí!...

Nun segundo, o cordón de curiosos ampliouse a douscentos metros.

A Roque levantárase, dera media volta e sentara, e agora choraba coas mans xuntas sobre a cara.

Entre a multitude discutíase o caso; e ollos ávidos de rapaces escrutaban o xuvenil corpo descuberto. Renardet decatouse e, quitando rapidamente a súa chaqueta de tea, botouna sobre a mociña que desapareceu toda enteira baixo a grande prenda.

Os curiosos volvéronse achegar a modiño; o arboredo enchíase de xente; un continuo rumor de voces subía por entre a follaxe mesta das grandes árbores.

O alcalde, en mangas de camisa, permanecía de pé, co caxato na man, en actitude de combate. Parecía exasperado por aquela curiosidade do pobo e repetía:

—¡Se un de vós se achega, pártolle a testa coma a un can!

Os campesiños tiñanlle moito medo; mantivéronse a distancia. O doutor Labarbe, que estaba fumando, sentou a carón da Roque, e faloulle, intentando distraela. A vella de seguida quitou as mans da cara e respondeu cun fluxo de palabras aflitivas, baleirando a dor na abundancia da súa conversación. Contou toda a súa vida, o seu matrimonio, a morte do seu home, boieiro, morto dunha cornada, a infancia da súa filla, a súa existencia miserable de viúva sen recursos coa pequena. Ela só tiña iso, a súa pequena Luísa: e matáranlla, matáranlla naquel bosque. De pronto, quixo volvella ver e, arrastrándose de xeonllos ata o

cadáver, levantou unha esquina da peza que a cubría; logo deixouna caer e botou a berrar de novo. A multitude calaba, observando avidamente tódolos xestos da nai.

Pero entón tivo lugar unha grande axitación e berraron:

—¡Os xendarmes, os xendarmes!

Dous xendarmes aparecían ó lonxe, chegaban a toda velocidade, escoltando ó capitán e a un homiño de patillas vermellas, que danzaba coma un mono nunha alta egua branca.

O garda rural atopara ó señor Putoin, o xuíz de instrucción, xusto no momento en que montaba no cabalo para da-lo seu paseo de tódolos días, pois tiña pretensións de bo xinete, para gran contento dos oficiais.

Botou pé a terra co capitán e apertou as mans do alcalde e do doutor, botando unha ollada de fuíña sobre a chaqueta de tea que inflaba o corpo tendido debaixo.

Cando estivo perfectamente ó corrente dos feitos, mandou primeiro que apartasen o público que os xendarmes expulsaron do arboredo, pero que axiña reapareceu no prado e formou unha ringleira, unha longa ringleira de caras excitadas e buliciosas ó longo do Brindille, do outro lado do río.

O médico, pola súa banda, deu explicacións que Renardet escribiu a lapis na súa axenda. Tódalas constatacións foron feitas, rexistradas e comentadas sen achegar ningún descubrimento. Príncipe tamén regresara sen atopar trazas da roupa.

Aquela desaparición sorprendía a todo o mundo, non podendo ninguén explicala máis que por roubo e, como os seus farrapos non valían nin vinte patacóns, o propio roubo era inadmisibile.

O xuíz de instrucción, o alcalde, o capitán e mailo doutor puxéronse eles mesmos a buscar de dous en dous, apartando as máis pequenas ramas arredor da auga.

Renardet dicíalle ó xuíz:

—¿Como é posible que ese miserable escondese ou levase a roupa e deixase así o corpo ó aire, a plena luz?

O outro, raposeiro e perspicaz, respondeu:

—¡He, he! ¿Unha argucia, quizá? Este crime foi cometido ou por unha besta ou por un teimado canalla. Sexa como fose, habemos chegar a descubrirlo.

Un ruído de coche fíxolles volve-la cabeza. Eran o substituto, o médico e o escribán do tribunal que chegaban, á súa vez. Recomezaron as investigacións mentres falaban con animación.

Renardet dixo de pronto:

—Xa saben que os invito a xantar.

Todo o mundo aceptou con sorrisos e o xuíz de instrucción, opinando que, por aquel día, xa se ocuparan abondo da pequena Roque, virou cara ó alcalde:

—Podo mandar que leven o corpo á súa casa ¿ou? Terá un cuarto para mo gardar alí ata a noite.

O outro turbouse, balbucindo:

—Si, non... non... A dicir verdade prefiro que non entre na miña casa... por... polos criados... que... que xa falan de aparecidos na... na miña torre, na torre do Renard... Xa sabe... Non me quedaría nin un... Non... Prefiro non levalo á miña casa.

O maxistrado sorriu:

—Ben... Vou mandar que a leven inmediatamente a Roüy, para o exame legal.

E volvéndose para o substituto:

—Podo utiliza-lo seu coche, ¿non si?

—Pode, claro.

Todo o mundo regresou cabo do cadáver. A Roque agora, sentada a carón da súa filla, tíña a collida da man, e miraba á fronte, cunha ollada vaga e embrutecida.

Os dous médicos intentaron sacala de alí para que non vise leva-la pequena; pero ela comprendeu de contado o que ían facer e, botándose sobre o corpo, agarrouno cos dous brazos. Deitada encima, berraba:

—¡Non ma levaredes, é miña, agora é miña! Matáronma; ¡quéroa gardar pa min, non ma levaredes!

Tódolos homes arrepiados e indecisos, permanecían de pé arredor dela. Renardet púxose de xeonllos para lle falar:

—Escoite, señora Roque, é necesario, para saber quen a matou; se non, non o saberíamos; cómpre buscalo para o castigar. Habémoslla devolver cando o atopemos, prométollo.

Este razoamento fixo que vacilase a muller e, coa xenreira acendéndose no seu ollar enlouquecido, dixo:

—¿Entón, hano collere?

—Han, prométollo.

Ergueuse, decidida a deixar que actuasen aquelas xentes; pero como o capitán murmurase: "É sorprendente que non se atopen as súas roupas", unha idea nova que aínda non se lle ocorrera entrou bruscamente na súa cabeza de campesiña e preguntou:

—¿Onde van as súas roupas?, son miñas. Quéroas. ¿Onde as botaron?

Explicáronlle que non as encontraran; entón reclamounas cunha teimosía desesperada, chorando e xemendo:

—Son miñas, quéroas; ¿onde están, que as quero?

Canto máis intentaban calmala, máis saloucaba, máis se obstinaba. Xa non pedía o corpo, quería as roupas, as roupas da súa filla, tanto quizá por unha inconsciente cobiza de miserable para quen unha moeda de prata representa unha fortuna, como por tenrura maternal.

E cando o pequeno corpo, envolto nunhas mantas que foran buscar á casa de Renardet, desapareceu no coche, a vella, de pé baixo as árbores, sostida polo alcalde e polo capitán, berraba:

—Xa non me queda nada, nada, nada no mundo, nin sequera o seu gorriño, o seu gorriño; xa non me queda nada de nada, nin sequera o seu gorriño.

Acababa de chega-lo cura; un cura moi novo, xa gordo. Encargouse de leva-la Roque, e marcharon xuntos cara o pobo. A dor da nai atenuábase coa palabra melosa do eclesiástico que lle prometía mil compensacións. Pero ela repetía sen cesar:

—Só se tivese o seu gorriño...

Obstinábase nesa idea que dominaba agora sobre tódalas demais.

Renardet berrou de lonxe:

—Vostede xanta connosco, señor cura. De aquí a unha hora.

O párroco virou a cabeza e respondeu:

—Encantado, señor alcalde. Estarei na súa casa ó mediodía.

E todo o mundo se dirixiu cara a casa, a fachada gris da cal e maila gran torre chantada á beira do Brindille se albiscaban a través das ramas.

O xantar durou moito tempo; falábase do crime. Todo o mundo era do mesmo parecer; fora cometido por algún vagabundo que pasaba por alí casualmente, mentres que a pequena tomaba un baño.

Logo os maxistrados regresaron a Roüy, anunciando que volverían ó día seguinte pola mañá cedo; o médico e mailo cura volveron ás súas casas, en tanto que Renardet, despois dun longo paseo polas praderías, retornou baixo o arboredo por onde paseou ata a noite, a pasos lentos, coas mans nas costas.

Deitouse moi cedo, e aínda durmía á mañá seguinte cando o xuíz de instrucción penetrou no seu cuarto. Refregaba as mans, parecía contento; dixo:

—¡Ah!, ¡ah!, ¡aínda dorme! Pois ben, querido amigo, hai novidades esta mañá.

O alcalde sentara no leito:

—¿O que, logo?

—¡Oh!, algo singular. Ben lembrará como a nai reclamaba onte un recordo da súa filla, sobre todo o seu gorriño. Pois, ó abri-la porta esta mañá, atopou no limiar as dúas zoquiñas da nena. Isto proba que o crime foi cometido por alguén da rexión, por alguén que tivo mágoa dela. Ademais, o carteiro Médéric tróuxome o dedal, a navalla e mailo alfineteiro da morta. Así que o home, ó leva-las roupas para escondelas, deixou caelos obxectos que había no peto. En canto a min, doulle importancia sobre todo ó feito das zocas que indica unha certa cultura moral e a facultade de entenecemento no asasino. Imos, logo, se lle parece, pasar revista xuntos ós principios habitantes do seu municipio.

O alcalde erguérase. Chamou para que lle trouxesen auga quente para a barba. Decía:

—Con moito gusto; pero vai ser longo e podemos comezar inmediatamente.

O señor Putoin sentara a cabalo dunha cadeira continuando, así, mesmo nos cuartos, coa súa manía da equitación.

O señor Renardet, agora, enzoufaba o queixelo de escuma branca mirándose no espello; despois afiou a navalla barbeira no coiro e continuou:

—O principal habitante de Carvelin chámase Joseph Renardet, alcalde, rico propietario, home testán que bate nos gardas e nos cocheiros...

O xuíz de instrucción botou a rir:

—Xa abonda; pasemos ó seguinte...

—O segundo en importancia é o señor Pelledent, tenente de alcalde, criador de bois, igualmente rico propietario, campesiño astuto, con moita retranca, moi retorcido en cuestións de cartos, pero incapaz, na miña opinión, de cometer tal falcatruada.

O señor Putoin dixo:

—Sigamos.

Entón, sen deixar de barbearse e de lavarse, Renardet continuou coa inspección moral de tódolos habitantes de Carvelin. De alí a dúas horas de discusión, as súas suposicións recaían sobre tres individuos bastante sospeitosos: un cazador furtivo chamado Cavalle, un pescador de troitas e cangrexos, chamado Paquet e un boieiro chamado Clovis.

II

As investigacións duraron todo o verán; non se descubriu o criminal. Os que eran sospeitosos e que foron detidos probaron doadamente a súa inocencia, e o xulgado tivo que renunciar á persecución do culpable.

Pero aquel asasinato parecía que comovera o pobo enteiro dun xeito especial. Quedara nas almas dos habitantes unha inquietude, un medo vago, unha sensación de terror misterioso, provinte non só da imposibilidade de descubrir ningún rastro, senón tamén e sobre todo, daquel estraño achado das zocas diante da porta da Roque, ó outro día. A certeza de que o asasino asistira ás dilixencias, de que, a non dubidar, vivía aínda no poboado, asediaba ós espíritos, obsesionábaos, semellaba planar sobre a rexión coma unha incesante ameaza.

O arboredo, por outra parte, convertérase nun lugar temido, evitado, que se cría enmeigado. Noutrora, os habitantes ían pasear por el os domingos pola tarde. Sentaban no brión, ó pé das árbores enormes, ou ben andaban ó longo da auga axexando as troitas que fuxían baixo as herbas. Os rapaces xogaban á petanca, ós bolos, ás chucas, á pelota en certos lugares que descubriran e onde achandaran e bateran a terra; e as mozas, en grupos de catro ou cinco, paseaban de ganchete, cantaruxando coas súas agudas voces romanzas que mancaban os oídos, as notas falsas das cales perturbaban o aire tranquilo e cortaban os dentes, coma as gotas de vinagre. Agora xa ninguén andaba baixo a bóveda espesa e alta, coma se seguisen esperando atopar algún cadáver alí escondido.

Veu o outono, caeron as follas. Caían día e noite, descendían xirando, redondas e lixeiras, ó longo das grandes árbores; e comezábbase a ve-lo ceo a través das ramas. Ás veces, cando unha refoleada de vento pasaba polas cimas, a choiva, lenta e continua, condensábase de repente, convertíase en chuvasco que murmuraba vagamente e cubría o brión cunha mesta alfombra amarela, que triscaba un pouco baixo os pasos. E o murmurio case imperceptible, o murmurio fluctuante, incesante, doce e triste daquela caída, semellaba un queixume, e aquelas follas sempre caendo, semellaban bágoas, grandes bágoas vertidas polas grandes árbores tristes que choraban día e noite pola fin do ano, pola fin das auroras tépedas e dos doces crepúsculos, pola fin das brisas cálidas e dos claros soles, e, quizá, tamén polo crime que viran cometer á súa sombra, pola nena violada e morta ó pé delas. Choraban no silencio do bosque deserto e baleiro, do bosque abandonado e temido, onde debía errar, soa, a alma, a almiña da pequena morta.

O Brindille, crecido coa auga das chuveiras, corría máis rápido, amarelo e colérico entre as súas marxes secas, entre dúas sebes de salgueiros fracos e nus.

E velaí que Renardet, de súpeto, volveu pasear polo arboredo. Cada día, ó caer da noite, saía da súa casa, descendía a pasos lentos a escalinata e ía andando baixo as árbores con aire pensativo, as mans nos petos. Camiñaba durante moito tempo sobre o brión húmido e dondo, namentres que unha lexión de corvos, que acudían de toda a veciñanza para durmir nas altas cimas, se despregaba a través do espacio, á maneira dun inmenso veo de loito flotando ó vento, lanzando uns clamores violentos e sinistros.

Algunhas veces, pousábanse, cribando de manchas negras as ramas enmarañadas no ceo vermello, no ceo sanguento dos crepúsculos do outono. Logo, de repente, volvían marchar grallando horriblemente e despregando de novo por riba do bosque o longo festón sombrío do seu voo.

Por fin, abatíanse sobre as cimas máis altas e cesaban pouco a pouco os seus rumores, en tanto que a noite crecente mesturaba as súas plumas negras á negrura do espacio.

Renardet seguía vagando o pé das árbores, lentamente; logo, cando as tebras opacas xa non lle permitían andar máis, regresaba, caía coma unha masa na súa butaca, ante a cheminea clara, estendendo cara ó fogar os pés húmidos que fumegaban longo tempo contra a chama.

Agora ben, certa mañá unha gran nova correu pola rexión: o alcalde mandara corta-lo arboredo.

Vinte leñadores xa andaban a traballar. Comezaran pola esquina máis próxima á casa e ían rápido en presenza do amo.

Inicialmente, os podadores trepaban polo tronco.

Atados a este por un colar de corda, primeiro abrázano, logo, alzando unha perna, petan fortemente nel coa punta de aceiro fixada ás solas. A punta entra na madeira, queda alí cravada e o home elévase coma por un chanzo para petar coa punta do outro pé, sobre a que se ha soste de novo, recomezando coa primeira.

E, a cada ascensión, coloca máis arriba o colar de corda que o ata á árbore; a macheta de aceiro pende e reloce nos seus cadrís. Trepas sempre a modiño coma un bicho parasito que ataca a un xigante, sobe pesadamente ó longo da inmensa columna, abrazándoa, esporeándoa para ila decapitar.

Des que chega ás primeira pólas, detense, desprende do seu flanco a podadora aguda e golpea. Golpea con lentitude, con método, tallando o membro moi preto do tronco; e, de repente a póla renxe, cede, inclínase, arríncase e abátese rozando na súa caída as árbores contiguas. Despois esnáfrase contra o chan cun gran ruído de madeira que parte, e tódalas súas poliñas miúdas palpitan un bo anaco.

O chan cubríase de restos que outros homes cortaban á súa vez, amañaban en feixes e xuntaban en montóns, mentres que as árbores que quedaban aínda en pé semellaban postes desmesurados, estacas xigantescas amputadas e afeitadas polo aceiro cortante das podadoras.

E, cando o podador terminaba a súa tarefa, deixaba no cumio teso e delgado do tronco o colar de corda que levara ata alí, volvía baixar de seguida a golpes de espora ó longo do tronco demoucado que os leñadores atacaban entón pola base, pegando grandes golpes que retumbaban en todo o resto do arboredo.

Cando a ferida do pé semellaba bastante profunda, algúns homes tiraban, dando un berro cadencioso, pola corda fixada ó cumio, e o inmenso mastro de súpeto renxía e caía no chan co ruído xordo e a sacudida dun canonazo afastado.

E o bosque disminuía día a día, perdendo as súas árbores abatidas como un exército perde os seus soldados.

Renardet xa non saía de alí; alí ficaba da mañá á noite, contemplando, inmóbil e coas mans no lombo, a morte lenta do seu arboredo. Cando caía unha árbore, pousáballe o pé encima, coma sobre un cadáver. Logo alzaba os ollos cara á seguinte cunha especie de impaciencia secreta e calma, coma se tivese agardado, desexado algunha cousa ó final daquela desfeita.

Entre tanto, aproximábanse ó lugar no que a pequena Roque fora encontrada. Alí chegaron por fin, un serán, á hora do solpor.

Como había pouca luz, estando o ceo cuberto, os leñadores quixeron interrompe-lo traballo, deixando para o día seguinte a caída dunha faia enorme, pero o amo opúxose e esixiu que naquel mesmo intre se podase e se abatase aquel coloso que dera sombra ó crime.

Cando o podador o deixou nu, terminou o seu arranxo de condenado, cando os leñadores lle minaron a base, cinco homes comezaron a tirar pola corda atada ó cumio.

A árbore resistiu; o seu poderoso tronco, aínda que tallado ata o medio, estaba ríxido coma ferro. Os obreiros, todos xuntos, cunha especie de salto regular, tensaban a corda deitándose ata o chan, e lanzaban un berro gutural afogado que mostraba e regulaba o seu esforzo.

Dous leñadores, de pé contra o xigante, permanecían coa macheta na man, coma dous verdugos dispostos a seguir petando e Renardet, inmóbil, coa man na cortiza, esperaba a caída cunha emoción inquieta e nerviosa.

Un dos homes díxolle :

—Está vostede demasiado cerca, señor alcalde; cando caia poderíao mancar.

El, nin respondeu nin retrocedeu; semellaba disposto a agarrar el mesmo cos dous brazos a faia para abatela coma un loitador.

Houbo, de súpeto, no pé da alta columna de madeira, unha esgazadura que pareceu correr ata o cumio coma unha sacudida dolorosa; e inclinouse un pouco, disposta a caer, pero resistindo aínda. Os homes, excitados, tensaron os brazos, fixeron un esforzo maior; e, segundo a árbore partía, conforme se se derrubaba, de pronto Renardet deu un paso adiante e despois detívose, cos ombros erguidos para recibi-lo choque irresistible, o choque mortal que o esmagaría contra o chan.

Pero a faia, desviándose un pouco, unicamente lle rozou os cadrís, tirándoo de brazos a cinco metros de alí.

Os obreiros correron a levantalo; xa se puxera el mesmo de xeonllos, atordado, cos ollos extraviados e pasaba a man pola fronte, coma se espertase dun acceso de loucura.

Unha vez que se volveu poñer de pé, os homes, sorprendidos, interrogárono, non comprendendo o que fixera. Respondeu, balbucindo, que tivera un momento de desvarío, ou, máis ben, un segundo de retorno á infancia, que imaxinara ter tempo de pasar por debaixo da árbore, coma os cativos cando pasan correndo diante das carruaxes ó trote, que xogara co perigo, que había oito días que sentía esa necesidade medrar dentro del, preguntándose, cada vez que unha árbore renxía, se podería un pasar por debaixo sen ser tocado. Era unha parvada, confesábao; pero todo o mundo ten deses minutos de insania e desas tentacións dunha estupidez pueril.

Explicábase lentamente, buscando as palabras, coa voz xorda; despois marchou dicindo:

—Ata mañá, amigos, ata mañá.

En canto regresou ó seu cuarto, sentou ante a mesa, que a lámpada, cuberta cunha pantalla, iluminaba vivamente e, collendo a fronte entre as mans, botou a chorar.

Chorou moito, logo enxugou os ollos, alzou a cabeza e ollou para o reloxo de péndulo. Aínda non eran as seis. Pensou: "Teño tempo antes de cear", e foi cerra-la porta con chave. Volveu entón sentar ante a mesa; abriu a gabeta do medio, colleu un revólver e pousouno sobre os seus papeis, a plena luz. O aceiro da arma brillaba, lanzaba reflexos semellantes a lapas.

Renardet contemplouno algún tempo coa ollada turbia dun home borracho; despois ergueuse e púxose a andar.

Ía dun cabo ó outro da estancia e de cando en cando paraba para recomezar ó instante. De repente, abriu a porta do seu cuarto de baño, empapou unha toalla no cántaro da auga e mollou a fronte, como fixera a mañá do crime. Logo reiniciou a andaina. Cada vez que pasaba por diante da mesa, a arma brillante atraía a súa mirada, solicitaba a súa man; pero el espreitaba o reloxo e pensaba: "Aínda teño tempo."

Deron as seis e media. Entón colleu o revólver, abriu completamente a boca e introduciu o canón moi dentro coma se o quixese tragar. Permaneceu así uns segundos, inmóbil, co dedo no gatillo, despois, vivamente sobresaltado por un estremecemento de horror, cuspiu a pistola na alfombra.

E volveu caer na butaca saloucando:

—Non podo. ¡Non me atrevo! ¡Meu Deus! ¡Meu Deus! ¡Como farei para te-lo valor de matarme!

Chamaban á porta; levantouse enlouquecido. Un criado dicía:

—A cea do señor está lista.

El respondeu:

—Está ben. Xa baixo.

Entón recolleu a arma, gardouna de novo na gabeta, logo mirouse no espello da cheminea para ver se a súa cara non lle parecía demasiado convulsa. Estaba colorado, coma sempre, un pouco máis colorado, se cadra. Iso era todo. Baixou e púxose á mesa.

Comeu lentamente, coma quen quere prolonga-la comida, e non quere volverse atopar só consigo mesmo. Despois fumou varias pipas na sala mentres recollían a mesa. Logo subiu outra vez ó seu cuarto.

Des que se encerrou alí, mirou debaixo da cama, abriu tódolos armarios, explorou tódolos recantos, rexistrou tódolos mobles. A continuación acendeu as candeas da cheminea e, xirando varias veces sobre si mesmo, percorreu coa vista toda a estancia, cunha angustia aterradora que lle crispaba a faciana, pois ben sabía que a ía ver, coma tódalas noites, á pequena Roque, a nena que el violara e despois esganara.

Tódalas noites, a odiosa visión recomezaba. Ó principio era unha especie de rumor nos seus oídos, coma o ruído dunha máquina de mallar ou o paso afastado dun tren por unha ponte. Entón comezaba a alasar, a abafar e tiña que desabotoa-lo colo da camisa e mailo cinto. Andaba para facer circula-lo sangue, intentaba ler, intentaba cantar; era en balde; o seu pensamento, a pesar seu, retornaba ó día do crime e facíallo volver empezar nos detalles máis secretos, con tódalas súas máis violentas emocións desde o primeiro minuto ata o último.

Aquela mañá, a mañá do horrible día, sentira ó erguerse algo de atordamento e de xaqueca que atribuíu á calor, de maneira que quedara no seu cuarto ata a chamada do xantar. Despois da comida, durmira a sesta; logo saíra, contra a caída da tarde, para respira-la brisa fresca e calmante baixo as árbores do seu bosque.

Pero, des que estivo fóra, o aire pesado e ardente da chaira oprimiuno aínda máis. O sol, aínda alto no ceo, vertía sobre a terra calcinada, seca e sedenta, ondadas de luz ardente. Nin o máis mínimo sopro de vento movía as follas. Tódolos bichos, os paxaros, os propios saltóns calaban. Renardet acadou as grandes árbores e botou a andar polo brión onde o Brindille achegaba un pouco de frescor baixo o inmenso teito de ramas. Pero sentíase incómodo. Parecíalle que unha man descoñecida, invisible, lle apertaba o pescozo e non pensaba case en nada, tendo comunmente poucos pensamentos na cabeza. Só unha vaga idea o obsesionaba dende había tres meses, a idea de volver casar. Sufría por vivir só, sufría moralmente e fisicamente. Habitado desde había dez anos a sentir unha muller preto del, acostumado á súa presenza de tódolos instantes, ó seu abrazo cotiá, sentía a necesidade, unha necesidade imperiosa e confusa do seu contacto incesante e do seu bico regular. Desde a morte da señora Renardet, sufría sen cesar, sen comprender moi ben por qué, sufría por non sentir xa o vestido dela roza-las súas pernas todo o día, e por non poder calmar e debilitarse entre os seus brazos, sobre todo. Levaba viúvo a penas seis meses e xa buscaba nos arredores qué moza ou que viúva podería desposar cando rematase o loito.

Tiña unha alma casta, pero aloxada nun corpo poderoso de Hércules e imaxes carnais comezaban a turba-lo seu sono e a súa vixilia. Expulsábaas; volvían; e murmuraba por momentos, rindo de si mesmo:

—Agora estou coma santo Antón.

Despois de ter aquela mesma mañá varias desas visións obsesivas, sentiu o desexo de repente de se bañar no Brindille para refrescarse e encalma-lo ardor do seu sangue.

Coñecía un pouco máis lonxe un lugar ancho e fondo onde a xente da rexión se viña bañar ás veces, no verán. Para aló foi.

Uns salgueiros mestos ocultaban a balsa clara onde a corrente se remansaba, adormiñábase un algo antes de continuar. Renardet, ó aproximarse, creu oír un lixeiro ruído, un feble batuxar que non era o do río nas beiras. Apartou suavemente as follas e mirou. Unha mociña toda espida, toda branca a través da onda transparente, batía na auga coas dúas mans, bailando un pouco alí dentro, e xirando sobre si mesma con xentís ademáns. Xa non era unha nena, aínda non era tampouco unha muller: estaba chea e formada, sen deixar de conservar un aire de meniña precoz que medrara axiña, case madura. El xa non se movía, paralizado de sorpresa, de angustia, co alento cortado por unha emoción estraña e punzante. Permanecía alí, co corazón batendo coma se un dos seus soños sensuais acabase de realizarse, coma se unha fada impura fixese aparecer ante el aquel ser turbador e demasiado novo, aquela pequena Venus campesíña, nacida nas burbullas do regatiño, coma a outra, a grande, nas ondas do mar.

De pronto, a nena saíu do baño e, sen velo, foi cara a el para colle-la súa roupa e vestirse de novo. A medida

que se aproximaba a pasiños vacilantes por temor ós coios afiados, el sentíase empurrado cara a ela por unha forza irresistible, por un arrebató bestial que excitaba toda a súa carne, enlouquecía a súa alma e facíao tremer de pés á cabeza.

Ela quedou de pé, uns segundos, detrás do salgueiro que a ocultaba. Entón, perdendo toda a razón, el apartou as ramas, abalanzouse sobre ela e colleuna entre os brazos. Ela caeu, demasiado asustada para resistir, demasiado espantada para chamar, e el posuíuna sen comprende-lo que facía.

Espertou do seu crime coma quen esperta dun pesadelo. A nena comezaba a chorar.

El dixo:

—Cala, cala xa. Heiche dar diñeiro.

Pero ela non escoitaba; saloucaba.

El proseguíu:

—Pero cala xa. Cala xa. Cala dunha vez.

Ela berrou retorcéndose para escapar.

El comprendeu bruscamente que estaba perdido; e agarrouna polo colo para deter na súa boca aqueles clamores desgarrados e terribles. Como ela continuaba a debaterse coa forza exasperada dun ser que quere fuxir da morte, el pechou as súas mans de coloso sobre a pequena gorxa inchada de berros e tan furiosamente apertaba que a esganou nuns instantes, sen pensar en matala, senón só para facela calar.

Despois ergueuse, enlouquecido de horror.

Ela xacía diante del, ensanguentada e coa cara negra. Ía escapar cando xurdiu na súa alma trastornada o instinto misterioso e confuso que guía a tódolos seres en perigo.

Estivo a piques de bota-lo corpo á auga: pero outro impulso empuxouno cara ás roupas coas que fixo un pequeno paquete. Entón, como levaba corda no peto, atouno e escondeuno nun burato fondo do río, baixo un tronco de árbore que bañaba o seu pé no Brindille.

Logo marchou, a grandes alancadas, acadou as praderías, deu un rodeo inmenso para que o visen uns labregos que vivían moi lonxe de alí, do outro lado da poboación e regresou para cear á hora de sempre contando ós seus criados todo o percorrido do seu paseo.

Con todo, aquela noite durmiu; durmiu cun sono pesado de animal, como deben durmir ás veces os condenados a morte. Só abriu os ollos ós primeiros resplandores do día, e agardou, torturado polo medo, o descubrimento da malfeitoría, a hora ordinaria do seu acordar.

Máis tarde tivo que asistir a tódalas dilixencias. Fíxoo coma un somnábulo, nunha alucinación que lle mostraba as cousas e os homes a través dunha especie de soño, nunha nube de embriaguez, nesa dúbida de irrealidade que trastorna o espírito nas horas das grandes catástrofes.

Soamente o berro esgazado da Roque lle atravesou o corazón. Nese intre estivo a piques de se botar de xeonllos ante a vella muller berrando:

—Fun eu.

Pero contívoise. Nembargantes, durante a noite, foi sacar da auga as zocas da morta, para levalas ante o limiar da súa nai.

Namentres que durou a investigación, namentres que tivo que guiar e despistar á xustiza, estivo tranquilo, dono de si, astuto e risoño. Discutía sosegadamente cos maxistrados tódalas suposicións que lles pasaban

polo maxín, refutaba as súas opinións, demolía os seus razoamentos. Mesmo sentía un pracer, acre e doloroso en estorba-las súas pescudas, en embrolla-las súas ideas, dando por inocentes os que eles crían sospeitosos.

Pero a partir do día en que as investigacións foron abandonadas foise poñendo cada vez máis nervioso, máis excitable aínda que antes, se ben dominaba as súas cóleras. Os ruídos repentinos facían saltar de medo; estremeciase pola máis mínima cousa, sobresaltábase ás veces dos pés á cabeza cando unha mosca se lle pousaba na fronte. Entón invadiuno unha necesidade imperiosa de movemento, forzouno a carreiras prodixiosas, mantívoo de pé noites enteras, camiñando polo cuarto.

Non era que se sentise acosado polos remordementos. A súa natureza brutal non se prestaba a ningún matiz de sentimento ou de temor moral. Home enérxico e mesmo violento, nado para face-la guerra, arrasa-los países conquistados e mata-los vencidos, cheo de instintos salvaxes de cazador e de loitador, a vida humana a penas contaba nada para el. Aínda que respectase a Igrexa, por política, non cría nin en Deus nin no demo, non esperando, en consecuencia, noutra vida, nin castigo nin recompensa polos seus actos nesta. Tiña, por toda crenza, unha vaga filosofía composta de tódalas ideas dos enciclopedistas do século anterior; e consideraba a relixión como unha sanción moral da lei, unha e outra inventadas polos homes para regular as relacións sociais.

Matar alguén nun duelo, ou na guerra, ou nunha querela, ou por accidente, ou por vinganza, ou incluso por fachenda, habíalle parecer unha cousa divertida e valorosa e non lle deixaría no espírito máis pegada có tiro disparado contra unha lebre; con todo, sentira unha emoción profunda co asasinato daquela nena. Cometéao, ó primeiro, na tolemia dunha embriaguez irresistible, nunha especie de tempestade sensual que lle levara a razón. E gardara no corazón, gardara na carne, gardara nos beizos, gardara ata nos seus dedos de asasino unha especie de amor bestial, ó mesmo tempo que un horror espantado por aquela mocidade sorprendida por el e covardemente asasinada. En todo momento o seu pensamento volvía a aquela escena horrible; e aínda que se esforzase por afastar aquela imaxe, por máis que a apartase con terror, con noxo, sentíaa vagar polo seu espírito, xirar arredor del, esperando sen tregua o momento de reaparecer.

Entón tivo medo dos seráns, medo da sombra caendo arredor del. Aínda non sabía por qué as tebras lle parecían estarrecedoras pero temíaaas instintivamente; sentíaaas poboadas de terrores. A luz do día non se presta ó medo. Vense as cousas e os seres, así só se atopan nela as cousas e os seres naturais que se poden mostrar na claridade. Pero a noite, a noite opaca, máis espesa cás murallas, e baleira, a noite infinita, tan negra, tan vasta, na que se poden rozar cousas espantosas, a noite onde se sente errar, vaga-lo pavor misterioso, parecíalle esconder un perigo descoñecido, próximo e ameazante. ¿Cal?

Axiña o soubo. Estando na súa butaca, bastante tarde unha noite que non durmía, pareceulle ver moverse a cortina da ventá. Agardou, inquieto, co corazón a bater; a cortina xa non se movía; logo, de pronto, axitou se de novo, polo menos el pensou que se axitaba. Non se atrevía a levantarse, non se atrevía a respirar; e, sen embargo, era valente, pelexara a miúdo e habíalle gustar descubrir ladróns na súa casa.

¿Era certo que se movía, aquela cortina? El facíase esta pregunta, temendo que os seus ollos o confundisen. Era tan pouca cousa, por outra banda, un lixeiro estremecemento da tea, unha especie de tremor dos pregues, a penas unha ondulación coma a que produce o vento. Renardet permanecía cos ollos fixos, o pescozo tenso e, de repente, ergueuse, avergoñado do seu medo, deu catro pasos, colleu a tea coas dúas mans e abriuna completamente. Ó primeiro non viu nada máis cós vidros negros, negros coma placas de tinta brillante. A noite, a gran noite impenetrable, estendíase por detrás ata o invisible horizonte. El estaba de pé fronte a aquela sombra sen límites; e, de golpe albiscou un resplandor, un resplandor móbil que semellaba afastado. Entón achegou a cara ó cristal, pensando que un pescador furtivo andaba seguramente ós cangrexos polo Brindille, pois era máis da media noite, e aquela luz arrastrábase á beira da auga, no arboredo. Como aínda non se distinguía ben, Renardet rodeou os ollos coas mans, e aquela luz, de pronto, transformouse nunha claridade e viu a pequena Roque núa e sangrando no brión.

Retrocedeu crispado de horror, bateu co asento e caeu de costas. Quedou así algúns minutos coa desesperación na alma, logo sentou e púxose a pensar. Tivera unha alucinación, iso era todo; unha alucinación causada por un vagabundo nocturno que andaba a carón da auga co seu farol. ¿Que había de sorprendente, ademais, en que a lembranza do seu crime lle provocase, ás veces, a visión da morta?

Levantouse e bebeu un vaso de auga, despois sentou. Cavilaba: "¿Que vou facer se isto volve empezar?" E aquilo ía recomenzar, sentíao, estaba seguro. Xa a ventá solicitaba a súa mirada, chamábao, atraíao. Para non a ver, revirou a cadeira; logo colleu un libro e intentou ler; pero axiña lle pareceu que algo se axitaba

detrás del e deulle rapidamente a volta ó asento sobre unha pata. A cortina movíase de novo; certamente, movérase, desta vez; xa non cabía dúbida, lanzouse e agarrouna cunha man tan brutal que a botou ó chan coa súa galería, logo pegou avidamente a cara contra o cristal. Non viu nada. Todo estaba negro no exterior; e respirou coa ledicia dun home ó que lle acaban de salva-la vida.

Así que, volveu sentar; pero case inmediatamente volveuno asalta-lo desexo de mirar de novo pola ventá. Desde que caera a cortina, esta facía unha especie de burato negro atraínte, temible, sobre o campo escuro. Para non ceder a esta perigosa tentación, espiuse, soprou as candeas, deitouse e pechou os ollos.

Inmóbil, de costas, coa pel quente e húmida, agardaba polo sono. Unha gran luz atravesoulle de pronto as pálpebras. Abriunas crendo a súa casa en chamas. Todo estaba escuro, e apoiouse nun cóbado para tratar de distingui-la ventá que o seguía atraendo, invenciblemente. Á forza de intentar ver, albiscou algunhas estrelas; e ergueuse, atravesou o cuarto ás apalpadelas, atopou os vidros coas mans estendidas, aplicou a fronte encima. ¡Aló, baixo as árbores, o corpo da mociña lucía coma fósforo, iluminando a sombra arredor del!

Renardet deu un berro e escapou cara ó leito onde permaneceu ata a mañá, coa cabeza oculta baixo a almofada.

A partir dese momento, a súa vida tornouse intolerable. Pasaba os días no terror das noites; e, cada noite, a visión recomenzaba. Mal se pechaba no cuarto, intentaba loitar, pero en van. Unha forza irresistible levantábao e empuxábao ó vidro, como para invoca-lo fantasma, e de seguida o vía, primeiro deitado no lugar do crime, deitado cos brazos abertos, as pernas abertas, tal como fora encontrado o corpo. Despois a morta levantábase e viña, a pasiños, así como fixera a nena ó saír do río. Viña, moi de vagar, en liña recta pasando sobre o céspede e sobre o macizo de flores secas; despois elevábase no ar, cara á ventá de Renardet. Viña cara a el, como viñera o día do crime, cara ó asasino. E o home retrocedía ante a aparición, retrocedía ata o seu leito e deixábase caer encima, sabendo ben que a pequena entrara e que estaba agora detrás da cortina que axiña se ía mover. E, ata o día, miraba para ela, para aquela cortina, cos ollos fixos, esperando sen cesar ver saí-la súa vítima. Pero ela xa non se amosaba; quedaba alí, baixo a tea axitada ás veces por un tremor. E Renardet, cos dedos crispados sobre as sabas, apertábaos así como apertara a gorxa da pequena Roque. Oía da-las horas; oía bater no silencio o péndulo do reloxo e os golpes profundos do seu corazón. E sufría, o miserable, máis do que ningún home sufrira endexamais.

Despois, des que aparecía unha liña branca no teito, anunciando o día xa próximo, sentíase liberado, só por fin, só no seu cuarto; e recaía no leito. Entón durmía algunhas horas, cun sono inqueda e febril, no que volvía empezar a miúdo, en soños, a espantosa visión das súas vixilias.

Cando baixaba, máis tarde, para o xantar do mediodía, sentíase adoecido de maniotas coma despois de facer prodixiosos esforzos; e case non comía, sempre obsesionado polo temor daquela que volvería ver á noite seguinte.

Nembargantes, ben sabía el que non era unha aparición, que os mortos non volven, e que a súa alma doente, a súa alma ofuscada por un só pensamento, por unha lembranza inesquecible, era a única causa do seu suplicio, a única evocadora da morta resucitada por ela, chamada por ela e presentada tamén por ela ante os seus ollos onde permanecía impresa a imaxe indeleble. Pero tamén sabía que non ía sandar, que non escaparía xamais á persecución salvaxe da súa memoria; e resolveu morrer, antes que soportar por máis tempo aquelas torturas.

Entón pensou en cómo se había matar. Quería algo sinxelo e natural, que non deixase crer nun suicidio. Pois tiña en moito a súa reputación, o apelido legado por seus pais; e, de se sospeita-la causa da súa morte, sen dúbida habían pensar no crime inexplicado, no asasino que non se encontrara e non habían tardar en acusalo do delicto.

Ocorráselle unha idea estraña, a de que o esmagase a árbore ó pé da cal asasinara a pequena Roque. Así que decidiu mandar corta-lo seu arboredo, e simular un accidente. Mais a faia negouse a partirle os riles.

De volta na casa, presa dunha desesperación louca, collera o revólver, e logo non ousara disparar.

Soou a hora da cea, comera e logo volvera subir. E non sabía qué facer. Sentíase covarde agora que escapara unha primeira vez. Un pouco antes estaba preparado, forte, decidido, dono do seu valor e da súa

resolución; neste momento, era débil e tiña medo da morte, tanto como da morta.

Balbuía: "Non me vou atrever, xa non me vou atrever"; e miraba con terror, ora a arma sobre a mesa, ora a cortina que ocultaba a ventá. ¡Tamén lle parecía que algo horrible tería lugar en canto a súa vida cesase! ¿Algo? ¿O que? ¿O encontro con ela, quizá? Ela axexábao, agardábao, chamábao, e era para apoderarse del, á súa vez, para atraelo cara á súa vinganza e decidilo a morrer, polo que se mostraba así tódalas noites.

Rompeu a chorar coma un neno, repetindo : "Non me vou atrever, xa non me vou atrever." Despois caeu de xeonllos e balbuciu: "¡Meu Deus, meu Deus!" Sen crer en Deus, sen embargo. E xa non se atrevía, en efecto, a mirar á ventá onde sabía que se anicaba a súa aparición, nin á mesa onde brillaba o seu revólver.

Cando se levantou dixo en voz alta : "Isto non pode seguir así, cómpre rematar." O son da súa voz no cuarto silencioso provocoulle un estremecemento de medo ó longo de tódolos membros; mais, como non se decidía a tomar ningunha resolución; como sentía que o dedo da súa man se negaría sempre aberta-lo gatillo da arma, volveu agocha-la cabeza baixo das mantas do leito, e reflexionou.

Tiña que atopar algo que o forzase a morrer, inventar algún truco contra si mesmo que non lle deixase lugar a ningunha vacilación, a ningún atraso, a ningún arrepentimento posibles. Envexaba os condenados que levan ó cadafalso entre soldados. ¡Ai!, se el puidese pedirlle a alguén que disparase; se puidese, confesando o estado da súa alma, confesando o seu crime a un amigo seguro que non o divulgase xamais, obter del a morte. Pero, ¿a quen lle ía pedir ese terrible favor? ¿A quen? Buscaba entre a xente que coñecía. ¿Ó médico? Non. Contaríao máis tarde, sen dúbida. E, de pronto, un pensamento estraño atravesoulle o maxín. Íalle escribir ó xuíz de instrucción, que era amigo íntimo, para se denunciar a si mesmo. Diríalle todo naquela carta, o crime e as torturas que soportaba, e a súa resolución de morrer, e as súas dúbidas e o medio que empregaba para forza-lo seu valor, que desfalecía. Suplicaríalle, en nome da súa vella amizade, que destruíse a súa carta en canto soubese que o culpable se fixera xustiza. Renardet podía contar con aquel maxistrado, sabía que era seguro, discreto, incluso incapaz dunha palabra lixeira. Era un dese homes que teñen unha conciencia inflexible, gobernada, dirixida, regulada só pola razón.

Mal formara este proxecto, cando unha ledicia estraña lle invadiu o corazón. Agora estaba tranquilo. Ía escribi-la carta, de vagar, despois, ó raia-lo día, botaría a no caixa de correos cravada na parede da súa granxa, logo subiría á torre para ver chega-lo carteiro, e cando o home da blusa azul se fose, el tiraríase de cabeza ás rocas sobre as que se apoiaban os cimentos. Procuraría que o visen primeiro os obreiros que abatían o seu bosque. Entón treparía ó chanzo saínte que soportaba o mastro da bandeira despregada os días de festa. Partiría ese mastro dun empurrón e precipitaríase con el. ¿Como dubidar dun accidente? E mataríase no acto, dados o seu peso e a altura da torre.

Saíu inmediatamente do leito, foi á mesa e púxose a escribir; non esqueceu nada, nin un detalle do crime, nin un detalle da súa vida de angustias, nin un detalle das torturas do seu corazón, e rematou anunciando que se condenara el mesmo, que ía executa-lo criminal, e rogáballe ó seu amigo, ó seu vello amigo, que velase por que xamais se acusase a súa memoria.

En rematando a carta, decatouse de que xa era día. Cerrouna, selouna, escribiu o enderezo, despois baixou a pasos lixeiros, correu ata a pequena caixa de correos branca pegada á parede, na esquina da granxa e logo de botar dentro aquel papel que lle queimaba a man, regresou rápido, pasou os ferrollos da porta principal e subiu á súa torre para espera-lo paso do peón que levaría a súa condena de morte.

¡Agora, sentíase calmado, liberado, salvado!

Un vento frío, seco, un vento glacial pasáballe pola cara. Aspirábao avidamente, coa boca aberta, bebendo a súa caricia xeada. O ceo estaba vermello, dun vermello ardente, dun vermello de inverno e toda a chaira branca de carazo brillaba baixo os primeiros raios do sol, coma se estivese salferida de cristal moído. Renardet, de pé, coa cabeza descuberta, observaba a vasta rexión, as praderías á esquerda, á dereita o pobo coas chemineas comezando a fumeigar para face-lo almorzo.

Ó seus pés vía fluí-lo Brindille, nas rochas onde el se esmagaría en seguida. Sentíase renacer naquela fermosa aurora xeada, e cheo de forza, cheo de vida. A luz bañábao, rodeábao, penetrábao coma unha esperanza. Asaltárono mil lembranzas, lembranzas de mañás semellantes, de marcha rápida pola terra dura que resoaba cos pasos, de cacerías felices á beira dos estanques onde dormen os patos salvaxes. Tódalas cousas boas que amaba, as cousas boas da existencia, acudían ó seu recordo, esporeábano de desexos

novos, despertaban tódolos apetitos vigorosos do seu corpo activo e poderoso.

¿E ía morrer? ¿Por que? ¿Ábase matar de pronto porque tiña medo dunha sombra? ¿Medo de nada? ¡Era rico e novo aínda! ¡Que loucura! ¡Pero se lle abondaba cunha distracción, cunha ausencia, cunha viaxe para esquecer! Esa mesma noite, non a vira, a nena, porque o seu pensamento, preocupado, entretivérase noutra cousa. ¡Se cadra non a volvía ver máis! E se ela o asediaba naquela casa, ¡certamente non o ía seguir a outra parte!, ¡a terra era grande e o futuro longo! ¿Por que morrer?

A súa ollada erraba polas praderías, e albiscou unha mancha azul no carreiro ó longo do Brindille. Era Médéric que viña trae-las cartas da vila e leva-las da aldea.

Renardet tivo un sobresalto, unha sensación de dor atravesouno, lanzouse pola escaleira de caracol para recupera-la carta, para reclamarlla ó carteiro. Pouco lle importaba que o visen, agora; corría pola herba onde escumaba o xeo lixeiro das noites, e chegou onda a caixa de correos, na esquina da granxa, xusto ó mesmo tempo có peón.

O home abrira a portíña de madeira e collía os poucos papeis depositados alí polos habitantes do poboado.

Renardet díxolle:

—Bos días, Médéric.

—Bos días señor alcalde.

—Escoite, Médéric, botei na caixa de correos unha carta que necesito. Véñolle pedir que ma devolva.

—Tá ben, señor alcalde, devolveráselle.

E o carteiro levantou os ollos. Quedou abraiado ante a cara de Renardet; tiña as fazulas violeta, a mirada turbia, cercada de negro, como afundida na cabeza, os cabelos en desorde, a barba revolta, a gravata desanoada. Era visible que non se deitara.

O home preguntou:

—¿E logo está enfermo ou, señor alcalde?

O outro, comprendendo de pronto que o seu aspecto debía ser estraño, perdeu a seguridade, e balbuciu:

—Non... non... Só que saltei do leito para lle pedir esta carta... Estaba durmindo... ¿Comprende?...

Unha vaga sospeita pasou polo espírito do antigo soldado.

Repuxo:

—¿Que carta?

—A que me vai devolver.

Agora, Médéric dubidaba, a actitude do alcalde non lle parecía natural. Tal vez había un segredo naquela carta, un segredo da política. Sabía que Renardet non era republicano e coñecía tódalas argucias e tódalas andrómenas que se empregan nas eleccións.

Preguntou:

—¿A quen vai dirixida, esa carta?

—Ó señor Putoin, o xuíz de instrucción; xa sabe, ¡o señor Putoin, o meu amigo!

O peón buscou entre os seus papeis e atopou o que lle reclamaban. Entón púxose a miralo, dándolle unha volta e outra entre os dedos, moi perplexo, moi perturbado co temor de cometer unha falta grave ou de poñerse a mal co alcalde.

Vendo as súas dúbidas, Renardet fixo un movemento para asi-la carta e arrincarlla das mans. Este ademán brusco convenceu a Médéric de que se trataba dun misterio importante e decidiuno a cumprir co seu deber custase o que custase.

Botou o sobre na saca e pechou esta respondendo:

—Non, non podo, señor alcalde. Como ía para a xustiza, non podo.

Unha angustia horrorosa oprimiu o corazón de Renardet que balbuciu:

—Pero, vostede coñéceme ben. Mesmo pode recoñece-la miña letra. Dígolle que necesito ese papel.

—Non podo.

—Veña, Médéric, vostede sabe que son incapaz de enganalo, dígolle que a necesito.

—Non. Non podo.

Un estremecemento de cólera pasou pola alma violenta de Renardet.

—Pero, carafío, teña coidado. Xa sabe que eu non ando con bromas, e que o podo facer botar do seu posto, meu homiño, e voando, ademais. A parte disto, eu son o alcalde do pobo, despois de todo; agora ordénolle que me devolva ese papel.

O peón respondeu con firmeza:

—Non. ¡Non podo señor alcalde!

Entón Renardet, perdendo a cabeza, agarrouno polos brazos para lle quita-la saca; pero o home soltouse cunha sacudida e, retrocedendo, levantou o groso bastón de acevo. Pronunciou, sempre tranquilo:

—¡Oh!, non me toque, señor alcalde, ou doulle. Teña coidado. ¡Eu cumpro co meu deber!

Sentíndose perdido, Renardet, repentinamente, tornouse humilde, doce, implorando coma un neno que chora:

—Veña, veña, amigo, devólvame esa carta, eu heino recompensar, heille dar cen francos, ¿oíu?, cen francos.

O home volveulle as costas e púxose en ruta.

Renardet seguiu, alasando, balbucindo:

—Médéric, Médéric, escoite ho, doulle mil francos, ¿oíu?, mil francos.

O outro seguía a andar, sen responder. Renardet continuou:

—Fareino rico...¿oíu?... o que queira... Cincuenta mil francos... por esa carta... ¿A vostede que máis lle ten?... ¿Non quere? Ben, pois cen mil... ¿oíu?... cen mil francos... ¿comprende?... cen mil francos... cen mil francos.

O carteiro deu a volta, co rostro duro, a mirada severa:

—Xa abonda, ou cóntolle á xustiza o que me acaba de dicire.

Renardet parou en seco. Acabárase. Xa non había esperanza. Deu volta e fuxiu cara á súa casa, galopando coma unha besta perseguida.

Entón Médéric tamén se detivo e observou aquela fuxida con estupefacción. Viu o alcalde entrar na casa e aínda agardou coma se algo sorprendente non puidese deixar de ocorrer.

Axiña, en efecto, a alta estatura de Renardet apareceu no cumio da torre do Renard. Corría pola terraza coma un tolo; despois colleu o mastro da bandeira e abaneouno con furia sen conseguir partilo; logo, de pronto, coma un nadador que se lanza de cabeza, tirouse ó baleiro, coas dúas mans cara a adiante.

Médéric botou a correr para auxilialo. Ó atravesalo parque, viu os leñadores que fan ó seu traballo. Berrouilles, para avisalos do accidente; e atoparon ó pé dos muros un corpo ensanguentado, a cabeza do cal se esmagara contra unha rocha. O Brindille rodeaba aquela rocha e nas súas augas, que se ancheaban naquel lugar, claras e tranquilas, víase correr un longo fío rosa de miolos e de sangue mesturados.

Santo Antón

A X. Charmes

Chamábanlle Santo Antón porque o seu nome era Antón, e quizá tamén porque lle gustaba vivir ben, era algareiro, leriante, bo comedor e gran bebedor, e vigoroso perseguidor de criadas, aínda que tivese máis de sesenta anos.

Era un campesiño alto da comarca de Caux, moi colorado, de groso ventre e costas anchas, empoleirado sobre unhas longas pernas que semellaban demasiado delgadas para a amplitude do corpo.

Viúvo, vivía só coa criada e con dous mozos na súa casa de labor que dirixía coma un tipo raposeiro, coidadoso cos seus intereses, moi entendido nos negocios e na crianza do gando, e no cultivo das terras. Os seus dous fillos e as súas tres fillas, casados avantaxadamente, vivían no contorno e ían, unha vez ó mes, cear co pai. A súa forza era célebre en toda a comarca circundante; dicíase a modo de proverbio: "É forte coma Santo Antón."

Cando chegou a invasión prusiana, Santo Antón, na taberna, prometía comer un exército, pois era lingoreteiro coma bo normando, un pouco covarde e fanfurrifeiro. Petaba co puño na mesa de madeira, que saltaba facendo danza-las cuncas e as copas, e berraba, coa cara vermella e a ollada retranqueira, cunha falsa cólera de brincador: "Terei que comelos, ¡maldita sexa!" Contaba con que os prusianos non chegasen ata Tanneville; pero cando soubo que xa estaban en Rautôt, non saíu máis da casa e asexaba sen cesar o camiño polo ventano da cociña, esperando a cada momento ver pasa-las baionetas.

Unha mañá, mentres comía o caldo cos criados, abriuse a porta, e apareceu o alcalde da vila, o señor Chicot, seguido dun soldado cuberto cun casco negro coa punta de cobre. Santo Antón ergueuse dun chimpco; e toda a súa xente ollaba para el, esperando velo esnaquiza-lo prusiano; pero el limitouse a aperta-la man do alcalde que lle dixo:

—Eí tes un pa ti, Santo Antón. Chegaron esta noite. Sobre todo non fagas toleadas, porque falan de afusilar e de queimar todo á mínima. Quedas avisado. Dálle de comere, parece un bo rapaz. Adeus, vou ondós outros. Hai pa todos.

E saíu.

O tío Antón, agora pálido, mirou para o seu prusiano. Era un gordo mozo coas carnes graxas e brancas, ollos azuis, pelo louro, barba ata os pómulos, que parecía idiota, tímido e bonachón. O malicioso normando calouno de inmediato e, tranquilizado, fíxolle un aceno para que sentase. Despois preguntoulle:

—¿Quere caldo?

O estranxeiro non entendeu. Daquela, Antón tivo un risco de audacia e, poñéndolle nos fociños un prato cheo, dixo:

—Toma, traga isto, porcallán.

O soldado respondeu:

—Ía

E púxose a comer con ansia mentres que o labrego triunfante, sentindo que reconquistara a súa reputación, chiscáballe-lo ollo ós seus serventes que xesticulaban estrañamente, xa que tiñan a un tempo moito medo e gana de rir.

Cando o prusiano rematou de enguli-la ración, Santo Antón serviulle outra que el fixo desaparecer igualmente; pero botouse atrás ante a terceira que o labrego lle quería facer comer á forza, repetindo:

—Veña, bota iso pa dentro. Has engordare ou heiche dar eu a ti, veña, meu porquiño.

E o soldado entendendo soamente que querían que comese ata fartarse, ría moi contento e indicaba por acenos que xa estaba cheo.

Entón Santo Antón, collendo moitas confianza, petoulle no ventre berrando:

—¡Xa ten o bandullo ben cheo o meu porquiño!

Pero de repente retorcese, colorado coma se lle dese un ataque, non podía nin falar. Ocorréraselle unha idea que o facía afogar coa risa.

—Iso é, iso é, Santo Antón e o seu porquiño. ¡Este é o meu porco!

E os tres criados escacharon a rir, eles tamén.

O vello estaba tan contento que mandou trae-la augardente, da boa, da máis forte, e invitou a todo o mundo. Brindaron co prusiano, que chascou a lingua adulator, para indicar que a atopaba exquisita. E Santo Antón berráballe nos fociños:

—É da boa ¿eh? Desta non a bebes no teu país, porco.

Desde aquela, o tío Antón xa non saíu sen o seu prusiano. Atopara a súa comenencia, era a súa vinganza propia, a súa vinganza de home arteiro. E toda a comarca, que morría co medo, esmendrellábase da risa, ás costas dos vencedores, coa chanza de Santo Antón. Verdadeiramente, nas bromas non tiña igual. Non había outro coma el para argallar cousas así. ¡Que diaño de home!

Tódolos días despois do xantar, ía ás casas dos veciños de ganchete co seu alemán que presentaba alegremente baténdolle no ombro:

—Este é o meu porco, ¡mirádeme se non me engorda, este animal!

E os paisanos deleitábanse.

—¡Que pavero é, este condanado do Antón!

—Véndocho, Césaire, dúas pistolas¹.

—Cómprocho, Antón, e convidote a comere nas morcillas.

—Pero, a min gústanme máis as patas. Apálpalle eiqui a barriga, xa verás como non ten máis ca touciño.

E todo o mundo chiscaba os ollos sen rir moi alto, nembargantes, por medo a que o prusiano adiviñase finalmente que se burlaban del. Só Antón, encoraxándose máis cada día, era quen de beliscarlle as coxas berrando:

—Todo graxa

Petáballe no traseiro vociferando:

—Todo isto, roxóns.

Levantábao nos seus brazos de vello coloso capaz de levar unha bigornia, declarando:

—Pesa seiscentos e sen dispirdicio.

E collera o costume de facer que lle ofrecesen de comer ó seu porco por todas partes onde entraba con el. Ese era o gran pracer, a gran diversión de tódolos días:

—Dádelle o que queirades ho, traga todo.

E ofrecíanlle ó home pan e manteiga, patacas, guiso frío, e unha morcilla que lles facía dicir:

—É da súa propia, e da mellor.

O soldado, estúpido e doce, comía por educación, encantado con aquelas atencións, poñíase enfermo por non se negar; engordaba realmente, apertado no seu uniforme, cousa que encantaba a Santo Antón e facíalle repetir:

—Sabes, meu porquiño, vai haber que che facer outra gaiola.

Por outra parte, fixéranse os mellores amigos do mundo; e, cando o vello ía ós seus negocios no contorno, o prusiano acompañábao por iniciativa propia, polo só pracer de estar con el.

O tempo era rigoroso; xeaba duro; o terrible inverno de 1870 parecía lanzar tódalas pragas xuntas sobre Francia.

O tío Antón, que preparaba as cousas con moita antelación e aproveitaba as ocasións, previndo que lle ía faltar esterco para os labores da primavera, comprou o dun veciño que pasaba por un apuro; e acordaron que iría tódalas tardes, coa súa carreta, buscar unha carga de aquel.

Así que, cada día poñíase en marcha, contra a noite, e ía á granxa de Haules, a unha media legua de distancia, sempre acompañado polo seu porco. E cada día era unha festa alimenta-lo seu animal. Todo o pobo acudía alí, como se vai, o domingo, á misa.

O soldado, sen embargo, empezaba a desconfiar; e cando rían demasiado, remelaba uns ollos inquietos que se acendían por veces cunha chama de cólera.

Ora, unha noite, despois de come-lo que quixo, negouse a tragar un bocado máis; tratou de levantarse para marchar. Pero Santo Antón detívoo dun puñazo e, poñéndolle as súas poderosas mans nos ombros, volveuno sentar tan duramente que se esmagou a cadeira baixo do home.

Estalou unha ledicia tempestuosa; e Antón, radiante, recollendo o seu porco, fixo coma quen que o axudaba a recuperarse; logo declarou:

—¡Xa que non queres comer vas beber, maldita sexa!

E foron buscar augardente á taberna. O soldado botaba olladas malévolas: pero bebeu, con todo; bebeu todo o que quixeron; e Santo Antón agarráballe a cabeza, para grande alegría dos asistentes.

O normando, colorado coma un tomate, coa mirada ardente, enchía os vasos, brindaba berrando:

—¡Á túa saúde!

E o prusiano, sen pronunciar unha soa palabra, trasfegaba un tras doutro grolos de coñac.

¡Era unha loita, unha batalla, un desquite! A ver quen bebía máis, ¡recoiro! Xa non podían máis, nin un nin o outro, cando se acabou o litro. Pero ningún dos dous fora vencido. Quedaban empatados, iso era todo. ¡Habería que recomezar ó outro día!

Saíron vacilantes e puxéronse en marcha a carón da carreta de esterco que arrastraban lentamente dous cabalos.

Comezaba a cae-la neve, e a noite sen lúa iluminábase tristemente con aquela albura morta das chairas. O frío colleu ós dous homes, aumentando a súa borracheira, e Santo Antón descontento por non ter triunfado, divertíase a empurrar polo ombreiro o seu porco para que caese no foxo. O outro evitaba os ataques con retiradas; e, a cada vez, pronunciaba algunhas palabras alemanas cun ton irritado que facía rir ás gargalladas o paisano. Á fin, o prusiano anoxouse; e, xusto no momento en que Antón lle daba un novo empurrón, respondeulle cun puñazo terrible que fixo cambalea-lo coloso.

Entón, inflamado pola augardente, o vello agarrou o home cos dous brazos, abaneouno uns instantes como faría cun neno pequeno e tirouno polo aire ó outro lado do camiño. Despois, contento con aquela execución, cruzou os brazos para rir de novo.

Pero o soldado ergueuse vivamente, coa cabeza descuberta, pois caéralle o casco e, desenvaiñando o sabre, precipitouse sobre o tío Antón.

O paisano, cando viu aquilo, colleu o seu látego polo medio, un gran látego de acevo, teso, forte e lixeiro coma un nervio de boi.

O prusiano chegou, coa fronte baixa, a arma cara a adiante, seguro de matalo. Pero o vello, atrapando coa man aberta a folla, a punta da cal xa lle ía fura-lo ventre, apartouna e co puño do látego propinou un golpe seco na tempa ó seu inimigo que caeu abatido ós seus pés.

Despois, espantado, pampo de asombro, ollou para o corpo ó principio sacudido de espasmos, logo inmóbil sobre o ventre. Inclínouse, deulle a volta, observouno durante algún tempo. O home tiña os ollos pechados; e corríalle un fío de sangue dunha fenda nun canto da fronte. Malia a escuridade, o tío Antón distinguía a mancha parda dese sangue na neve.

Permanecía alí, perdendo a cabeza, mentres que a súa carreta seguía andando, ó paso tranquilo dos cabalos.

¿Que ía facer? ¡Fusilaríano! ¡Queimaríanlle a casa, arruinarían a aldea! ¿Que facer?, ¿que facer? ¿Como esconde-lo corpo, esconde-la morte, enganar ós prusianos? Oíu voces distantes, no gran silencio das neves. Entón, trastornouse e, recollendo o casco,olveullo poñer á súa vítima, logo, agarrándoo polos riles, levantouno, correu, alcanzou a xugada e lanzou o corpo sobre o esterco. Cando chegase á casa, xa vería que facía.

Ía de vagar, espremendo os miolos, sen dar discurrido nada. Víase, sentíase perdido. Entrou no curral. Brillaba unha luz nunha bufarda, a criada aínda non durmía; entón fixo retroceder vivamente a carruaxe ata a beira da fosa do abono. Pensaba que envorcando a carga, o corpo colocado en riba caería debaixo na fosa;

e basculou a carrada.

Como o previra, o home quedou enterrado debaixo. Antón achandou o montón coa forquita, despois chantouna na terra, alí a carón. Chamou ó criado, mandoulle que metese os cabalos na corte; e marchou para o seu cuarto.

Deitouse e seguía a pensar no que ía facer, pero non se lle ocorría ningunha idea, o seu pavor ía medrando na inmovilidade do leito. ¡Fusilaríano! Suaba co medo; renxíanlle os dentes; ergueuse tremendo, sen poder aguantar máis entre as sabas.

Entón descendeu á cociña, colleu a botella de caña no aparador e volveu subir. Bebeu dous grandes vasos seguidos botando unha nova borracheira por riba da antiga, sen calma-la angustia da súa alma. ¡Fixéera boa, maldito imbécil!

Agora andaba dun lado para outro do cuarto, buscando argucias, explicacións e trucos; e, de cando en vez, enxaugaba a boca cun grollo de augardente, da boa, para infundirse valor.

E non se lle ocorría nada, pero que nada.

Contra a media noite, o seu can gardián, unha especie de medio lobo que el nomeara *Devorador*, púxose a ouvear á morte. O tío Antón estremeceuse ata os miolos; e, de cada vez que o animal reiniciaba a súa queixa lúgubre e longo, un calafrío de medo corría pola pel do vello.

Deixárase caer nunha cadeira, coas pernas desfeitas, atordado, sen poder máis, esperando con ansiedade que *Devorador* recomezase o seu laio e sacudido por tódolos sobresaltos con que o terror fai vibra-los nosos nervios.

O reloxo de abaixo deu as cinco. O can non calaba. O campesiño volvíase tolo. Levantouse para ir ceiba-lo animal, por non o oír máis. Baixou, abriu a porta, avanzou na noite.

A neve seguía a caer. Todo estaba branco. As dependencias da granxa formaban grandes manchas negras. O home aproximouse á canceira. O can tiraba pola cadea. Ceibouno. Entón, *Devorador* deu un chimpo, logo parou en seco, co pelo ourizado, as patas tensas, ensinando os dentes, o focíño volto cara ó esterco.

Santo Antón, tremendo de pés a cabeza, balbuciu:

—¿Que é o que che pasa, demo danimal?

E avanzou algúns pasos, escudriñando coa ollada a sombra indecisa, a sombra amortecida do curral.

Entón viu unha forma, ¡unha forma humana sentada no seu esterco!

Ollaba para aquilo paralizado de terror e alasando. Mais, de pronto, distinguiu onda el o mango da forquita chantado na terra; arrincouna do solo; e, nun deses transportes de medo que fan temerarios ós máis covardes, botouse cara a adiante para ver mellor.

Era el, o seu prusiano, que saía enlamado da súa capa de porcallada que o quentara e o reanimara. Maquinalmente, sentara alí e alí permanecía, baixo a neve que o empoeiraba, manchado de sucidade e de sangue, aínda aparvado pola borracheira, atordado polo golpe, esgotado pola ferida.

Albiscou ó Antón e, demasiado apampado para comprender nada, fixo un movemento co fin de erguerse. Pero o vello, en canto o recoñeceu, lanzaba escumallos coma un animal rabioso.

Farfallaba:

—¡Ah!, ¡porco!, ¡porco! ¡non morriches! Agora vasmе denunciar... Agarda... ¡agarda!

E, abalanzándose sobre o alemán, botou cara a adiante con todo o vigor dos seus brazos a forquita

empuñada do mesmo xeito que unha lanza, e afundiulle no peito as catro puntas de ferro ata o mango.

O soldado caeu de costas exhalando un longo suspiro de morte, mentres que o vello labrego, retirando a arma das feridas, afundiáa de novo, unha vez tras doutra, no ventre, no estómago, na gorxa, golpeando coma un demente, perforando de pés a cabeza o corpo palpitante, o sangue do cal escapaba a cachón.

Seguidamente, detívose, sen folgos pola violencia da súa trasfega, aspirando o aire a grandes boqueadas, encalmado polo crime consumado.

Entón, como xa os galos cantaban nos galiñeiros e como o día ía nacer, púxose ó labor de enterra-lo home.

Cavou un burato no esterco, deu coa terra, cavou máis abaixo aínda, traballando dun xeito desordenado, cunha arroutada de forza e con movementos furiosos dos brazos e de todo o corpo.

Cando o oco foi bastante grande, fixo roda-lo cadáver para dentro coa forquita, botou terra por riba, pisouna ben, volveu poñe-lo esterco no seu sitio e sorriu ó ve-la neve mesta que completaba a súa tarefa e cubría as trazas co seu veo branco.

Logo cravou de novo a forquita no montón do esterco e volveu para a casa. A botella aínda mediada de agardente quedara na mesa. Baleirouna dun tirón, botouse na cama e quedou profundamente durmido.

Acordou sobrio, co espírito tranquilo e disposto, capaz de xulga-lo caso e de prever acontecementos.

Ó cabo dunha hora percorría a comarca pedindo noticias do seu soldado por todas partes. Logo foi onda os oficiais para saber, dicía el, por qué lle retiraran o seu home.

Como se coñecía a súa amizade, ninguén sospeitou del; e mesmo dirixiu a busca afirmando que o prusiano ía tódalas noites ás mozas.

Un vello xendarme xubilado que rexentaba unha pousada na poboación veciña e que tiña unha bonita filla, foi detido e fusilado.

Notas.

A señorita Fifi

¹ Belfort e Estrasburgo: dúas cidades que resistiron heroicamente a invasión prusiana en 1870.

² Unha mosca: anaquiño de tafetá (seda) negro, imitando un lunar, que as mulleres poñían sobre a pel para facer resalta-la brancura.

A pequena Roque

¹ Renard = raposo, en francés.

² As cores da bandeira francesa.

Santo Antón

¹ Antiga moeda de ouro cuñada en España e Italia, de gran valor.